Public dioia 30

BIBLIOTECA XERAL SANTIAGO

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

História do traballador nº 128, cuarenta anos en Citroën — 10

Homenaxes institucionais a Castelao e Bóveda — 5

Xosé Luís Bóveda: "Até hai pouco o meu pai foi un tabu en Pontevedra" — 7

A universidade salva os arquivos galegos de TVE — 14

Quim Monzó: "A obriga da literatura é resistir o paso do tempo" — 21

12 DE AGOSTO • 1999 • ANO XXII • IV XEIRA — FUNDADO EN 1907 — Nº 895 • 200 PTA

A proliferación de minicentrais toma o relevo da desfeita que provocaron os grandes encoros

O drama dos rios galegos

As forzas de seguridade *populares*

O 14 de Febreiro de 1998 milleiros de persoas xuntábanse en Compostela en defensa dos direitos de expresión e manifestación. Todos, agás o PP, daban resposta ás últimas actuacións protagonizadas polas forzas de seguridade. No último ano e médio sumábanse as cargas policiais dentro dun hospital, contra unha cabalgata de Reis en Vilaboa, contra os traballadores das Pontes, viciños de Pontedeume e Merza, camioneiros de Tafisa, labregos, estudantes, mozos nacionalistas e artistas por, simplesmente, seren críticos coas actuacións de quen, a golpe de decreto, ordena o país.

Ouvidos xordos e á volta doutro ano e médio as contas non mudan. As últimas: percebeiros de Cerdeda mallados, viciños de Caldas, Cúntis e Moraña persuadidos polos grupos especiais da garda civil desprazados desde León e, como colofón, representantes institucionais democraticamente elixidos para formar parte da corporación municipal de Becerreá detidos por tratar de impedir ilegalidades. E é que, pésie as senténcias xudiciais que como no caso do Úmia dan a razón aos viciños, Fraga e Diz Guedes –educados na cultura política da ditadura– seguen a pensar que quen se manifesta sitúase "fora da lei". Será a da selva.♦

Francisco Singul

HISTORIA CULTURAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Unha necesaria e singular síntese de grande actualidade e interese.



Para estudiosos e amigos da nosa tradición cultural e espiritual.

galaxia

A Xunta marxina a principal asociación de apicultores

(Páx. 11)

Acnur trata os refuxiados albaneses "como se fosen animais"

(Páx. 17)

Milleiros de labregos vólvense manifestar en defensa da produción de leite

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias.
VICEPRESIDENTE: Xaquín Acosta.
CONSELLEIRO DELEGADO: Xosé Fernández Puga.
VOGAIS: Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Antolín Fernández, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Manuel Portas e Xan Costa.
SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro, Paula Bergantiños.
EDICIONS ESPECIAIS: Xosé Henrique Acuña.
DESEÑO DE MAQUETA: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
MADRID: Manuel Seoane.
BARCELONA: Iria Varela.
PORTUGAL: Gonçalo Nuno.
SANIDADE: María Alonso.
CULTURA: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xosé Mª de Castro Erroteta, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Borobó.
LECER: André Luca

Fotografía:
Andrés Panaro. Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
REDACCION: (986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico: antpcg@arrakis.es
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE: (986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

A proliferación de minicentrais afoga os rios galegos

'Choveu pola noite pero en Castrorrodício o Cambás está seco'

P. BERGANTIÑOS - H. VIXANDE

Nos últimos dez anos no Mandeo, en Aranga, puxeron en funcionamento tres modernas minicentrais. Achegarse a unha delas abonda para facerse unha idea da política da Xunta a respeito da explotación hidroeléctrica dos rios galegos. Maria Garcia, viciña de Aranga, gostaba da paisaxe do seu concello. Agora, cada ano, organiza unha excursión cos compañeiros da Facultade de Ciéncias Ambientais para ensinar *in situ* as desfeitas que provocan este tipo de obras.

Fotos: PAULA BERGANTIÑOS

O incumprimento do caudal ecolóxico provoca que o tramo entre a presa e a turbina estexa por veces praticamente seco. Na foto, a presa de Cambás en Aranga.

O impacto ambiental dunha minicentral non é o mesmo que o que produce a construción dunha grande presa, pero é bastante acusado sobretodo cando non se controlan as suas repercusións e non se poñen en marcha medidas correctoras. "Perxudican á dinámica fluvial, a fauna, a flora, a pesca e outras actividades socioeconómicas. Incluso poden cambiar o ecosistema do rio", explica Maria Garcia.

Despois de despexar o ceo, na mañá do Venres 6 de Agosto esta estudante de ciéncias ambientais e o seu grupo de compañeiros deciden achegarse até a minicentral do rio Cambás, afluente do Mandeo. É unha das que se fan chamar *de derivación*, porque o aproveitamento hidroeléctrico non se fai a pé de presa. A auga canalízase por debaixo da terra desde o encoro até a boca dun tubo que descende máis de trescentos metros pola ladeira do monte, estreitándose a cada pouco. Ao chegar a turbina, situada a rentes do rio, a auga xa ten acadado a presión suficiente para transformar a sua forza en electricidade.

Deste xeito o rio recupera o seu caudal orixinário onde a turbina deita a auga, no Barreiro. Pero, nesta época do ano, pésie a choiva caida durante a noite, o tramo que vai desde a presa até a turbina, Castrorrodício, está praticamente seco. "Antes habia pozas profundas escavadas na rocha pola erosión da auga, a xente bañábase nelas. Ao pé do salto habia unha fervenza, que vertia auga nunha poza, na que segundo contan as lendas do lugar habia unha roda de ouro. O que se tirara por ela non podia volver. Agora no verán a auga está choca", conta a moza.

Desde a boca do tubo é doado seguir o camiño até a presa. En máis dun ponto hai que saltar por riba das pedras que se desprenden da rocha barrenada e, ao carón das volvoretas pousadas na herba e nas silvas, poden contarse as tapas do rexistro que dan conta da canle que deriva a auga e que neste tramo vai oculta. E abaixo, na mesma conca do rio, seguen deitadas as pedras arrincadas coa dinamita que abriu pista hai oito anos.

Desde o alto descóbrese a fraga que ainda engaiola a marxe direita do rio. Amósase verde, pero os viciños de Aranga saben do aspecto prateado que, cuberta de liquens, luce no inverno. A sorte non é a mesma na ladeira esquerda. A máis da paisaxe mancada polos barrenos, poucas mostras quedan de vexetación autóctona. Porque os incéndios, para esta comarca, tamén trouxeron o eucalipto. "Estes carballos -comenta Eloi, outro dos excursionistas- deberon de soportar 34 incéndios, están completamente retorcidos da dor. Fixate nos cotenos".

"Aqui tamén temos mostras da repovoación forestal", aponta Maria Garcia ao ver tres carballos americanos recén prantados

(Pasa á páxina seguinte)

Un proxecto de doce encoros ameaza o Ulla

A Xunta ven de renovar unha concesión que no seu dia o franquismo dera á Unión Fenosa para a construción de doce minicentrais na conca do Ulla e os seus afluentes. En concreto, no Ulla haberia seis centrais –que se suman á xa existente en Portodemouros–, e seis nos alfuentes, afectando en total a nove concellos.

Tres dos encoros do Ulla sitúanse imediatamente despois do de Portodemouros e levan central ao pé da presa. Outros tres están no alto Ulla e o seu caudal ecolóxico está calculado xusto antes da cola do encoro de Portodemouros, de modo que dá un caudal moito maior do real. Por outra banda, despois do encoro de Portodemouros, con este proxecto o rio vai estar encorado trinta quilómetros seguidos, xa que a ese salto súmanse tres, que presisamente construe Fenosa coa xustificación de que "son necesários para regular o encoro de Portodemouros".

> 'A Xunta renovou unha concesión que no seu dia dera o franquismo á Fenosa"

En realidade, os estudos de impacto ambiental destes encoros están feitos máis para cumprir o formalismo legal que para coñecer cientificamente os efeitos que poden producir. Baste dicer que o proxecto ignora ou minimiza consecuéncias como a desaparición das torrentes do Mácara, o anegamento dunha ponte medieval ou que a auga chegaria ao pé do castelo de Pambre.

Alguns dos pontos afectados polos encoros están incluidos pola Xunta na relación de propostas para engadir na Rede Natura 2000, como o sobreiral do Arnego ou o mosteiro de Carboeiro.

Pero tamén hai outras consecuéncias como a multiplicación das néboas xa provocadas en Portodemouros –coas pragas e outros efeitos sobre as colleitas de viño do Ulla–, o asulagamento de moitos muiños, alguns deles en reconstrución, o anegamento de moitas terras agrícolas e a desaparición definitiva de espécies fluviais como o salmón ou a troita. En termos globais, van quedar tocadas as bases económicas da zona, mesmo aquelas que comezan a dar froitos, como o complexo de turismo rural e de aventura, xa que o rio non vai poder explotarse. ♦

A administración concibe os rios como meros produtores de electricidade

Moitos encoros e poucos regadios

Na Galiza a licéncia para instalación de minicentrais é competéncia de duas administracións, que corresponden ás duas concas nas que está dividido o país. Por unha banda, a conca da Galiza, que agrupa a todos os rios que desembocan no Atlántico agás os que teñen un treito internacional –Miño e Límia– ou son afluentes destes caudais, e que está rexida pola Administración autonómica, neste caso polo ente público Augas de Galiza. O outro caso abrangue aos rios da Confederación Hidrográfica do Norte, organismo que rexe todas as augas que desembocan no Cantábrico por discorrer por máis de unha Comunidade autónoma –Galiza e Astúrias– máis o Miño e o Límia e os rios afluentes, debido a que teñen treitos internacionais. A Conferación é un órgano dependente do Ministério de Fomento.

Ambas entidades, ainda que de administracións diferentes, comparten uns rasgos comuns, como son a falta de transparéncia e o apoio que pratican á instalación de minicentrais. Hoxe, os grandes proxectos de encoros están en desuso sobretodo porque quedan poucos rios por regular –os grandes como o Miño contan cun número moi elevado de encoros– e porque o custo ambiental dunha presa de dimensións importantes non é fácil de ocultar socialmente. Precisamente o último dos grandes embalses proxectados, o encoro de Sela, no treito internacional do Miño, vén de ser desbotado definitivamente sob o argumento do custo ambiental, ainda que até data moi recente tanto o Governo español como o portugués ignoraran os argumentos dos ecoloxistas neste sentido.

Cun panorama no que xa non collen máis grandes encoros, as minicentrais hai anos que apareceron como a alternativa no aproveitamento enerxético dos rios galegos, ainda que este aproveitamento xa non é necesário debido a que o noso país é excedentário na produción de enerxia eléctrica.

> As minicentrais chegan cando xa non hai sitio para grandes encoros.

Ainda que a falta de transparéncia caracteriza aos organismos de xestión dos recursos hidráulicos, aos poucos van coñecéndose os proxectos de minicentrais. Nalguns casos a publicidade dos mesmos non chega até que comezan as obras ou as expropriacións, outras a dimensión dos mesmos impede o seu ocultamento. Un caso é o proxecto para instalar doce encoros na conca do rio Ulla e os seus afluentes. Outro é o do encoro do Úmia, que agacha detrás do suposto fornecimento de auga ao Salnés, unha estación de produción de enerxia como actividade principal.

E frente a unha inflación de miniencoros, hai outras obras hidráulicas que están por atender. Precisamente os rios que teñen un treito internacional, como son o Miño e o Límia, ou que discorren por outras Comunidades autónomas, como son os rios cantábricos, son cauces competéncia do Estado, e esta circunstáncia impede que se acometan obras de necesidade imperiosa, como seria a construción dun regadio na comarca da Límia, proxecto que a Confederación non remata de abordar pero que tampouco pode acometer a Xunta através de Augas de Galiza.♦

Tubo que canaliza a auga desde a presa até a turbina, fóra do cauce natural.

Fotos: PAULA BERGANTIÑOS

(Ven da páxina anterior)

ao pé do salto. Volta a vista para a presa e de seguida engade, "este é o famoso caudal ecolóxico". Onde antes a auga caia en fervenza, agora remansa.

"A Administración obriga a respeitar o caudal ecolóxico mínimo para que non se produzan danos no ecosistema. Necesítanse informes prévios que teñan en conta a especificidade de cada rio, pero non se fan de xeito rigoroso -engade. É algo que incluso me teñen recoñecido persoas que está facendo avaliación ambiental. No verán están represando e turbinan ainda que auga non chegue para garantir os mínimos. As obras hidraúlicas están en mans de enxeñeiros educados como o cabalo de Atila. Les os seus informes ambientais e dache a risa. Recollen sen rubor, por exemplo, que no incluen estudos da flora adxacente por considerarse irrelevante. En canto ao seu funcionamento, como van a controlalo se no organismo responsábel, *Augas de Galiza,* nen sequer me souberon dicer o número de minicentrais que existen no país?".

Do outro lado do muro o rio, con menos auga represada que no inverno, asina as suas beiras coa flora "afogada". Os restos das árbores asoman desde a terra enlamada. Doutros xa só queda a cepa. "Cheira mal, a podre", aponta alguén. Desde o alto outra pergunta: "como poden superar as espécies migratórias estes saltos?.

A flora a pé da presa afoga.

En perigo, a poza do muiño

"Tamén fixeron un proxecto para ubicar unha nova minicentral no nó Cambás co Mandeo", explica Maria Garcia. A Poza do Muiño, que asi se chama o lugar, é un dos mellores tramos para bañarse e ainda conserva os restos dun antigo represamento para o regadio. Pero á hora do xantar a auga chega revolta. "Deberon de turbinar na Castellana", di a moza, para engadir "tenme cadrado estar bañándome cando poñen a funcionar a turbinar e a auga baixa chea de lama. Se é nunha zona ancha dache tempo a sair do rio, pero non foi o caso dos dous rapaces que morreron na Castellana ".

> Antes as fervenzas furaban pozas nas rochas, agora a auga está choca.

O Mandeo estaria recoñecido como un dos mellores rios para facer barranquismo, senón for polas minicentrais. Hai cotos, e os pescadores recoñecen terse asustado polas subas repentinas do caudal. O responsábel da minicentral da Castellana mantén que a suba non é superior a 30 centímetros e que até 45 minutos ou unha hora a turbina non funciona ao 100 por cen. No caso das minicentrais non existe apertura de comportas, pero os problemas poden aparecer nas zonas máis estreitas e encañonadas. "Hai carteis que indican «atención subas repentinas de caudal», pero non sabes cando se van producir -di Maria Garcia. Se existen cartos para facer as obras tamén teria que habelos para pór sinais acústicas e luminosas como marca a lei. Senón que proiban directamente o baño, a realización de deportes fluviais e a pesca".♦

Diminuir o consumo enerxético

Desde estas páxinas tense reclamado repetidamente unha atitude responsábel por parte da Administración na concesión e vixiláncia dos encoros, atitude que debe estar concebida para garantir a supervivéncia do sistema ambiental dos rios, nomeadamente os rios galegos. Por esta razón non precisamos abondar na necesária rigorosidade –científica, social, económica e cultural– que debe informar os actos da Administración, que por outro lado asúmense socialmente cada vez máis.

Un aspecto salientábel é o relativo á xestión de recursos escasos, como son a electricidade ou a auga, que debe ser tratada con prudéncia, para evitar despilfarros. A política da Administración ás veces non está sometida ao princípio de fomentar o aforro. O lema "ainda que vosté pode, España non pode", que nos primeiros anos da restauración monárquica tratou de reducir o consumo ou deter o seu incremento, hoxe non entusiasma á Administración. O fomento dos encoros é un exemplo que pon ás claras como a necesidade de racionalización dos recursos supedítase á produción de enerxia eléctrica e por iso é imposíbel reducir o consumo, xa que hai demasiados intereses en que se produza máis, por non falarmos do papel colonial que as eléctricas desenvolven na Galiza.

O mesmo sucede coa auga. Un exemplo está de actualidade na ria de Vigo. Na parróquia de Domaio (Moaña) a Xunta promove unha condución de auga desde o encoro que abastece a Vigo cando os viciños se opoñen. Os lugareños xestionan pequenas traidas que obrigan a un aproveitamento racional deste recurso escaso, aproveitamento co que a Xunta paradoxicamente quer rematar porque pretende fornecer de auga un campo de golf.

Na xestión de recursos escasos, cando non se contempla con critérios de desenvolvimento sostido, incórrese en máis efeitos perversos que en benefícios, vistos estes desde un prisma global. Este modelo na prática invita ás empresas eléctricas ou aos servizos se abastecimento de augas a sacrificar aspectos de seguridade, de calidade ambiental, de verdadeiro interese social e económico, porque por riba está o benefício "superior" da produción ou da subministración.

Tampouco hai unha cultura fiscal que outorgue un valor real aos recursos escasos e que incentive a sua redución. As ecotaxas teñen máis intención recadatória que de reducir o impacto da produción. Galiza hoxe é un país que ten un crecimento vexetativo cero e a sua produción industrial rexista un aumento para o que precisa dun soporte enerxético, pero que ten uns custes que poden aminorarse grazas a que a tecnoloxia permite un maior aforro enerxético. Con este panorama, é incomprensíbel que o Governo galego non puxese encol da mesa a necesidade de reducir o consumo enerxético do país, como si sucede co consumo de auga, que hoxe decrece mália que en moitos casos está xestionada por empresas que só buscan o benefício económico.♦

A NOSA TERRA

Os prezos por quilómetro son dos máis caros do Estado

A Plataforma contra a peaxe da A-9 protesta de novo en Rande

ALEXANDRE XIRÁLDEZ

Por terceira vez dende que en Máio retomaran as accións, membros e simpatizantes da *Plataforma cidadá pola gratuidade da peaxe A-9* decidiron pagar en moedas de unha peseta as 150 da peaxe de Rande para protestar contra este canon. O resultado foi que a saída da autoestrada en Rande cara ao Morrazo e mesmo parte da própria ponte, estiveron colapsadas arredor de duas horas á mañá do Domingo 8.

Como en anteriores accións, os manifestantes repartiron pasquíns informativos e pegatinas para solicitar a comprensión dos conductores retidos. Ademais, desta volta distribuíron cintas de áudio coa canción lema da campaña *Rande une, a peaxe discrimina.* Desta vez a Guardia Civil limitouse ao seu: ordenar o tráfico e non interviu para impedir a protesta como sucedera noutras ocasións.

Con esta acción reivindicativa, similar a outras anteriores, a *Plataforma* demanda a supresión das peaxes Rande-Vigo e Chapela-Vigo e unha rebaixa substancial no tramo Pontevedra-Vigo. Segundo marca a lei, unicamente pode haber peaxe cando existe outra via alternativa á de pagamento. Segundo as máis de oitenta asociacións de veciños e de transportistas das comarcas de Pontevedra, Vigo e O Morrazo que integran a *Plataforma* non hai tal via alternativa que una o Morrazo con Vigo. Dificilmente pode ser unha alternativa bordear toda a ria cando pola ponte se pode atravesar á altura de Rande.



A peaxe na Ponte de Rande supón un acto de discriminación para a poboación do Morrazo.

Prezos abusivos

As reclamacións da *Plataforma* teñen máis senso se temos en conta os abusivos prezos por quilómetro en comparación con outras peaxes. Asi, mentres que na autoestrada do Val Miñor circular por cada quilómetro custa entre 5 e 6´6 pesetas, do Morrazo a Vigo custa 37 por cada un dos 4 quilómetros, de Vigo a Chapela 60 por cada un dos dous e de Pontevedra a Vigo, 20 pesetas por cada un dos 20 quilómetros do tramo. Por este motivo e pola auséncia dunha via alternativa a *Plataforma* xa recorreu aos Valedores do Pobo galego e español.

Cómpre ter en conta que os concellos referidos, na práctica forman parte dunha mesma área metropolitana. Desta maneira, moitos veciños da comarca do Morrazo desprázanse frecuentemente por motivos de traballo, de ensino, de sanidade, etc. Algo semellante ocorre na relación entre Vigo e Pontevedra: hai más universitários pontevedreses estudando no campus de Vigo ca no seu. De feito, estáse a estudar darlle carácter xurídico a esta área metropolitana.

A solución é política

O voceiro da *Plataforma*, Manuel Méndez, ten moi claro que "ao final a solución está na man dos políticos". A competéncia para levantar ou minguar a peaxe pertence ao Ministério de Fomento, como se viu hai pouco cando, durante a campaña eleitoral das municipais pasadas, decidíu que o tramo Rande-Puxeiros fose gratuíto. A Xunta e os concellos poden presionar politicamente ao Ministério igual que se fixo en Rande-Puxeiros e como se vén facendo en Cataluña. Generalitat e concellos afectados conseguiron que Fomento negociase coa empresa concesionária para rebaixar as peaxes da A-7.

A *Plataforma* pretende seguir o exemplo e que "os concellos collan protagonismo". Asi, representantes deste colectivo están a desenvolver unha rolda de contactos cos alcaldes dos municípios implicados. Até o de agora xa obtiveron o apóio dos alcaldes de Vigo e de Moaña. Sen embargo, na protesta do Domingo a representación municipal cinxiuse a algúns concelleiros e ningún destes do Partido Popular, que conta co maior número de concelleiros nas comarcas interesadas.

O obxetivo é amosar a proposta antipeaxe a tódolos concellos e, no posíbel, consensuar unha postura comun de cara á xuntanza que o conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, marcou para comezos de Setembro. Nese encontro estarán presentes os alcaldes da zona, a Xunta, a Plataforma e a concesionária da autoestrada, AUDASA. Contodo, Méndez advirte que "as accións non van rematar con esta reunión, van seguir mentres non se solucione o problema".♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

H. VIXANDE

Eclipse

Mália que aproximadamente duas veces ao ano rexístase un eclipse total de sol, o eurocentrismo preponderante fixo que se anunciase que non haberá outro en moitos anos, só porque este non sucederá en Europa nen nos Estados Unidos. En calquer caso, a Xunta despregou un esforzo importante para informar á cidadania dos perigos que comportaba ver en dirección do sol sen a protección axeitada. Hai que aplaudir esta iniciativa da Administración, pero tamén cómpre lamentar que non se reproduza en casos máis habituais, como por exemplo os acidentes laborais en sectores como a construción. Se cadra estamos diante dun Executivo autonómico que ten os ollos máis postos nas feiras e espectáculos que nos problemas reais do país. Non hai máis que botar unha ollada ao ímpetu co que Manuel Fraga alimenta o Xacobeo, ainda que detrás non haxa máis que desorganización e fogos de artifício.♦

O Concello pretende impulsar o proxecto do Museu

O 2000 será o *Ano Castelao* en Pontevedra

ALEXANDRE XIRÁLDEZ

Co gallo do 50º cabodano da morte de Castelao, o Concello de Pontevedra ten previsto adicar o vindeiro ano a recordar a sua figura. "Posiblemente a personalidade galega máis relevante deste século e viviu durante 20 anos en Pontevedra", asi explica o Concelleiro de Cultura, Luís Bará, esta vella iniciativa do BNG que, agora no Governo municipal, vai desenvolver.

O *Ano Castelao* principiará o 7 de Xaneiro, dia da sua morte, cun acto institucional. A partir dese momento o Concello pretende que a personalidade de Castelao estea presente en todas as celebracións do ano, incluídas as festas patronais, o antroido e a *Semana Galega de Filosofia*. Aínda que o proposta xa foi aprobada pola Comisión de Governo, o programa concreto dos eventos do *Ano Castelao* aínda está á espera do seu paso pola Comisión de Cultura. Para os que queiran fornecer ideas de cara á configuración do programa o Concello ten previsto criar unha convocatória aberta de iniciativas.

O que si está bastante claro son as liñas xerais. Tentaráselle dar unha triple perspectiva: pontevedresa, galega e universal. En base a estes enfoques o *Ano Castelao* centrarase en catro facetas fundamentais do galeguista: política e pensamento, obra literária, obra pictórica e estúdio do património histórico. As catro teñen relación con Pontevedra por canto que Castelao pasou a sua época máis fructífera, do 1916 até o levantamento militar do 36, nesta cidade. Estas divisións abranguen dende os debuxos e escenografias teatrais até a colaboración de Castelao na catalogación e rehabilitación de bens culturais como as cruces de pedras ou as fontes tradicionais.

Castelao falando en Buenos Aires no ano 1947.

Museu de Castelao

Sen embargo, a reivindicación da figura de Castelao non finalizará no 2.001. O Concello pontevedrés ten en mentes, segundo Bará, "aproveitar a trascendéncia do ano que vén para darlle forza ao proxecto do museu", un museu que centralice a exposición e o estúdio da sua obra. A necesidade deste centro explícase por canto no Museu Provincial, que Castelao colaborou a rehabilitar, están á vista unicamente 100 dos 1.000 bens que posúe relacionados con Castelao.

Falla lle vai facer ao Concello botar man do tirón do *Ano Castelao* porque, de momento, a Deputación Povincial non quere saber nada dun Museu Castelao. A idea da Deputación, de quen depende o Museu Provincial e dos seus bens, restrínxese a habilitarlle unha sala do actual Museu a Castelao.♦

Bóveda é a figura central de todos os actos e recoñecimentos institucionais

Galiza homenaxea aos mártires do 36

Os concellos de Poio e Pontevedra organizan, xuntó á Fundación Bóveda vários actos para o dia 17. En Poio, ás 12.30, haberá unha oferenda no monumento erguido na sua memória por subscripción popular en 1996, no que intervirán o alcalde nacionalista Luciano Sobral, algun membro da família Bóveda e o presidente da Fundación que leva o seu nome, Fernando Quintela. A partir da 1.30 da tarde, o Teatro Principal de Pontevedra será o escenário escollido para o primeiro recoñecimento institucional deste Concello á memória do que fora secretário de organización do Partido Galeguista e mentor do primeiro Estatuto. Este acto é un adianto dos actos oficiais de nomeamento de Bóveda como fillo adoptivo da cidade. Pola tarde, a partir das 7.00, haberá unha oferenda no cemitério de San Mauro e logo, ás 9.00, acabarase o dia coas intervencións do deputado do BNG, Guillerme Vázquez e do secretário da Fundación, Xosé Castro, ao pé do monumento erguido a Bóveda en 1986, na praza de Curros Enríquez.

Alexandre Bóveda coa súa muller Amalia.

Tamén ao pé deste monumento está previsto para as 7.30 da tarde un acto organizado pola FPG, AMI e Primeira Linha. Está anunciado que falará un familiar de Bóveda.

Ademais destes actos centrais, os concellos de Soutomaior e Oleiros farán actos públicos na homenaxe á Galiza mártir. No primeiro entregaranse os Prémios Bóveda. Na localidade de Oleiros, a protagonista será a poesia. Nun acto organizado pola Asociación Cultural Bóveda da Coruña, haberá un recital poético.

O domingo dia 22 de Agosto, no Alto do Castro de Alfoz, a asemblea local do BNG deste concello comemora esta data cun xantar ao pé da Torre de Pardo de Cela. Nesta comida distribuiranse folletos explicativos sobre a figura de Bóveda e haberá tempo tamén para lembrar aos outros asasinados naquel verán do 36.♦

A CIG percibe falta de actividade na Conselleria da Presidéncia

Logo de cinco meses da chegada de Xaime Pita ao cargo de conselleiro da Presidéncia, a CIG denúncia a auséncia praticamente total de actividade e de iniciativas saídas deste departamento. Segundo este sindicato, o novo conselleiro só se dedica a labores de "xestión da burocrácia da Xunta". A CIG tamén bota en falta a consideración, por parte do conselleiro, das propostas feitas polos representantes dos traballadores para mellorar a rutina da función pública. Entre estas melloras están a modernización das probas de aceso á Administración, impulsando a xeralización da informática e a profisionalización dos tribunais de selección; a redución dos postos de libre designación ou a implantación da xornada de 35 horas semanais entre os funcionários públicos.♦

Galiza, excluída dos programas de implantación do gas natural

Na chegada da subministración de gas natural ao Estado español, Galiza está sendo marxinada e as empresas eléctricas que posuen centrais térmicas, que ben se poderian aproveitar deste novo combustíbel para mellorar o proceso de obtención de enerxia, non teñen aceso a el, a diferéncia do que ocorre noutras zonas, como Euskadi ou Andalucia. Esta denúncia foi feita polo BNG no Parlamento de Galiza, na que se recolle tamén unha interpelación para que o Governo dea explicacións polo retraso na construción da planta de regasificación, que se previa construir en Ferrolterra. Segundo este grupo, este proxecto non ten nengunha subsisténcia, xa que nen sequer ten sócios que garantan a sua estabilidade.♦

Actos en lembranza de Moncho Reboiras

A Unión do Povo Galego (UPG), por unha banda, e as organizacións independentistas Assembleia da Mocidade Independentista (AMI), Primeira Linha e Frente Popular Galega (FPG), pola outra, prepararon para o 12 de Agosto actos en lembranza do militante nacionalista Moncho Reboiras, morto nun tiroteo coa policia no ano 1975. A UPG renderalle unha homenaxe no cemitério de Dodro, pola mañá. Xa de tarde, o deputado do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez, presidirá unha concentración na rua ferrolá onde Reboiras morreu. Xa á noite, Xoán Rúbia dará un recital musical na sua honra. Os grupos independentistas antes nomeados tamén estarán en Dodro e en Ferrol, para realizar diferentes actos e oferendas públicas, xusto unha hora despois de que o faga a UPG.♦

Pontevedra e Vilaboa queren levar aos tribunais a empacadora

Os servizos xurídicos dos concellos de Pontevedra e Vilaboa estudan o mellor xeito de denunciar o proxecto de empacadora de lixo que a Xunta, por meio de Sogama, quer instalar na parróquia de Bértola. Os alcaldes destas duas localidades, Miguel Anxo Fernández Lores e Xabier Míguez, respectivamente, acordaron o freo das actuacións que esta sociedade tiña previsto facer nestas localidades. Ademais, Míguez xa anulou os permisos do polígono industrial onde se ia edificar a empacadora e anunciou que nunca haberá en Bértola un parque empresarial destas características, "con ecoplanta ou sen ela".♦

Confirmada unha presenza excesiva de herbicida tóxico no Porriño

A empresa Eptisa vén de publicar, ao través da Conselleria de Meio Ambiente, un estudo que confirma a excesiva presenza de lindano, un herbicida altamente tóxico, que foi verquido, na parróquia de Torneiros, no Porriño, entre os anos 1947 e 1964. Este estudo dálle a razón ao grupo local do BNG, que denunciara ao alcalde *popular* Xosé Manuel Barros por ter ocultado este feito. Segundo o estudo, o lindano é altamente contaminante e a sua degradación é moi lenta. Ademais, onde se dá grande concentración deste herbicida, o ambiente está enrarecido e cheira mal. Ainda que nos anos do verquido, que non ten aos seus autores identificados, Torneiros era unha zona rural, actualmente é unha das zonas máis povoadas do Porriño, con tres polígonos de vivendas, un coléxio, un instituto de FP e o campo de futbol de Lourambal, polo que os perigos de intoxicación son preocupantes. Ante esta posibilidade de contaminación das persoas, a Conselleria de Sanidade quixo tranquilizar os viciños, aclarando que o lindano só lles pode afectar se consomen augas non canalizadas.♦

OPINIÓN

O CONSELLEIRO DA PRESIDÉNCIA REPLICA ÁS CRÍTICAS SINDICAIS

A CIG, SINDICATO REACCIONÁRIO

XAIME PITA

A CIG, sindicato marxista e reacionário ven de criticar a miña actitude como Conselleiro da Presidéncia a respeito da falta de diálogo e incluso do traballo que realizo.

É pintoresco que a CIG, o sindicato que nunca aceita nengún tipo de negociación, critique o que eles mesmo pratican, é o único sindicato galego incapaz de sentarse para chegar a acordos. E para mostra, a recente firma dun Pacto polo emprego ao que chegaron a patronal, a Xunta e os sindicatos, CCOO e a UGT.

Os únicos que nen sequera se sentaron a negociar foron os membros da CIG. Qué defenden, qué buscan? O que está moi claro é que o que menos lle interesa a CIG é o progreso de Galiza. Canto máis medremos, canto máis nos integremos no mundo moderno, máis lle amola a quen defenden un país illado, empobrecido e dominado polo estalinismo marxista nacionalista, ridículos ancorados na nostálxia.

Naturalmente que á CIG non lle gosta a política do PP. Tampouco a nós nos gosta o sindicalismo radical reacionário, decimonónico e sen capacidade de diálogo que practica a CIG, pero aquí cada quen ten que asumir o seu papel. O PP governando polo apoio da maioria do povo galego e a CIG a facer o único que sabe facer: sindicalismo radical marxista.

En canto aos proxectos da Conselleria da Presidéncia, o que teño moi claro como Conselleiro é que non vou a someter aos critérios da CIG os proxectos da Conselleria da Presidéncia. Son os do governo do PP, do seu programa, o que respaldou o povo galego, totalmente opostos ao que pretende a CIG, que como sindicato radical, pretende invadir terreos que non son da súa competéncia. Son *okupas* profesionais, pero van por mal camiño, pois somente un governo débil permitiríalles campar ao seu albedrio. Tamén o persoal público se decatou do negativismo da CIG e nas últimas eleicións sindicáis na Xunta sofreu un retroceso notábel, castigo á súa política sindical obstrutiva e destrutiva, contrária a todos os movementos sindicais modernos e progresistas.

> "O que menos lle interesa á CIG é o progreso de Galiza"

Xosé Lois



Eu como conselleiro e a miña equipa traballamos ao mandato do presidente, integrados perfeitamente na equipa do governo, e tamén na laboura de enlace co grupo parlamentario *Popular*, que ten a maioria absoluta e desde logo non depende nen do BNG nen da CIG, apéndice do mesmo, onde non se sabe onde empeza un e remata a outra.

Cómo se pode dialogar cun sindicato que, por riba dos intereses dos traballadores que din defender, funciona ao ditado do BNG? Actúan máis como un partido político que como un sindicato, nunha clara inxeréncia, nun papel que non lle corresponde pois non ten o respaldo dos votantes para exercer as funcións dun partido, o cal demostra o seu talante antidemocrático.

A conselleria da Presidéncia, como o resto do governo, estivo e está aberta a todo tipo de diálogo que redunde en benefício da sociedade galega, pero non vai tolerar nen as medidas de forza, nen o insulto, nen a coación, armas habituais da CIG para debilitar a quen exerce democráticamente as súas funcións. Por ese camiño a CIG tocou en penedo.♦

XAIME PITA é Conselleiro da Presidéncia e Administración Pública

A XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS DE **PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A.** CELEBRADA O DIA 26 DE XUÑO DE 1999 DECIDÍU CONVOCAR UNHA AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE 8.400 ACCIÓNS CUN VALOR NOMINAL DE 5.000 PTAS. ACCIÓN E UN MONTANTE TOTAL DE 42.000.000 CUN PERÍODO DE SUSCRIPCIÓN QUE VAI DO 1 DE XULLO AO 30 DE SETEMBRO DE 1999.

AMPLIACIÓN DE CAPITAL

Se vostede desexa ser accionista de *A Nosa Terra* pode ingresar o diñeiro da seguinte forma:

■ **CONTADO:**

—Mediante cheque emitido a favor de **A NOSA TERRA**.

— Mediante ingreso nas contas 2091-0501-61-3040038976 de *Caixa Galicia* ou 2080-0000-79-0040233801 de *Caixa Vigo* ambas de Vigo, especificando "Ampliación de Capital Social Promocións Cuturais Galegas S.A. 6/99" e nome, enderezo e NIF de quen o fai.

■ **DOMICILIACION DO PAGAMENTO ATÉ 6 MESES.**

Contra o ingreso emitirase resgardo provisório até a entrega dos títulos. Prezo de cada acción: 5.000 pta. Os novos accionistas pagarán unha prima de 2.500 pta. polo que o prezo final de cada acción para estes será de 7.500 pta.

Pode recabar máis información no teléfono 986 433 830 ou ben nas oficinas de A Nosa Terra, sitas na rua do Príncipe 22 baixo, de Vigo.

Sr. Director
Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforros Nº ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
os documentos de cobro que lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en conceito de compra de ..... accións da seguinte forma: ..... mensalidades de ..... pta. cada unha.

TITULAR DA CONTA

Nome ..... Apelidos .....
..... N.I.F. .....
Enderezo .....
C.P. ..... Localidade .....
Provincia ..... Teléfono .....
Profisión .....

Banco/Caixa .....
Axéncia Nº ..... Enderezo .....
.....
Localidade ..... Província .....
..... a ..... de ..... de 1999
Asinatura

A INFANCIA DE XOSÉ LUIS BÓVEDA FOI "EN CASTELÁN E EN SILÉNCIO". FILLO DE ALEXANDRE BÓVEDA, VIU COMO O NOME DE SEU PAI SE BORRABA A FERRO DESPOIS DE SER ASASINADO O 17 DE AGOSTO DE 1936. ANOS DESPOIS COMEZOU A REMEXER NOS PAPEIS E DESCOBRIR O SEU LEGADO CONVERTÉNDOSE NUN DOS QUE MELLOR COÑECE A FIGURA DO NACIONALISTA. ENTENDE XOSÉ LUIS BÓVEDA QUE A COMEMORACIÓN DO DIA DE GALIZA MÁRTIR FOI UN PASO ADIANTE NA DIGNIFICACIÓN DO PASADO E RECLAMA QUE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA -ORGANISMO PARA O QUE ALEXANDRE BÓVEDA TRABALLOU ARREO– RECOÑEZA O LABOR DESENVOLVIDO POLO SEU PAI.



Xosé Luis Bóveda

"Hai que esixir que a Deputación de Pontevedra lle rinda tributo a Bóveda"

CARME VIDAL

Estase a preparar a correspondéncia de Bóveda, pode descobrir ainda facetas descoñecidas?

A Fundación Alexandre Bóveda é quen está traballando nese tema pero ten grandes dificuldades económicas e non está apoiada oficialmente. Nese sentido, Bóveda segue sendo un *perillán*. Tamén é certo que hai problemas á hora de organizar o material. De todas maneiras teria que sair á luz o que fixo, deixou unha obra importante e as bases para que outros seguiran. Na família sabemos que non habia dia no que Bóveda non se puxera a traballar. Alguns biógrafos falan de que tiña elaborado un libro de economia, pero o que si coñecemos son os escritos económicos e de tipo fiscal. Para a Deputación de Pontevedra fai un importante estúdio tributário que podemos resumir en "que pague máis quen máis ten". Aquilo crioulle suspicácias entre a grandeza. Non era un home fácil para a adulación e o favor, era íntegro. É necesário atopar documentación que está espallada por diversos lugares. Na sede do Partido Galeguista requisouse material moi importante, sábese que na comisaria da Coruña apareceu un expediente e vários documentos no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra pero falta ainda facer un estudo completo arredor de Alexandre Bóveda.

Desde o seu cargo de secretário de organización deseñou o modelo do PG.

Era o referente para todos os demais. Nalgunha ocasión Castelao ten dito, meio en broma, que se via obrigado a certas cousas por "medo ao que lle podia dicer o seu secretário". A cotio recóllese que Castelao o tiña por irmá pequeno pero non é de todo certo, tíñalle un grande respecto e asumia a sua responsabilidade no partido. Era tamén o encargado de dicerlle as cousas aos demais cando habia algun conflicto. En 1935 Bóveda está en Cádiz e Filgueira Valverdemándalle unha carta de dimisión a Gómez Román que o que fai é enviarlla a meu pai ao desterro. Bóveda é quen responde a Filgueira dicindo: "xa que escrebes para a hstória, para a história te respondo". Está claro que era o home forte do partido. Por como entendia o PG e por como estaba configurado considero que nunca ningun grupo partidário se pareceu tanto a el como o BNG de agora.

Despois do asasinato no 36 a sua figura é silenciada a ferro. Como se viviu esta situación na família?

Moita xente e durante moitos anos viviu con medo. Cando o 36 os cinco fillos eramos moi cativos, o maior apenas tiña cinco anos. Criamonos en castelán e en siléncio. Cando cumpriamos oito anos iamos ao internado de orfos onde continuamos falando castelán até que dunha maneira case autodidacta fumos coñecendo a nosa lingua. Eu comecei a introducirme no activismo político xa maior, militando no MSG e no PSG. Mamá raramente falaba diso, só máis tarde cando comezabas a perguntar e a revisar as cousas que quedaban na casa era cando ela contaba o que pasara.

> 'A direita non cámbia, abonda falar das desculpas que se dan á hora de manter a oposición a calquer homenaxe que dignifique a memória"

Algunhas crónicas din que o crime contra Bóveda foi o que máis comocionou Pontevedra.

É certo pero non a todo o mundo. Teño constáncia de que houbo quen foi presenciar o consello de guerra e comentaba que se defendera con cinismo. Logo tamén houbo xente que nos axudou e colaborou á hora de manter a sua memória.

Cando se comeza a romper ese siléncio?

Bóveda non apareceu en lado algun até moito tempo despois. Cando a comezos dos anos setenta casou unha afillada de miña nai e Emílio Álvarez fai a nota de sociedade no *Diario de Pontevedra* cita como madriña a "Amália Álvarez, viuva de Bóveda" e no xornal dixéronlle que tiña que eliminar o seu nome. Proibiase que aparecese, en Pontevedra era un *tabu*. Meu pai foi director fundador e autor dos estudos de planificación da Caixa de Pontevedra e ainda hai pouco, co gallo dun aniversário, que o seu nome aparece por vez primeira na memória da entidade. En cámbio, en Caixa Ourense, que recolle o modelo elaborado para Pontevedra, si que se recoñeceu o seu labor.

A comemoración do 17 de Agosto, data do asasinato, na que se lembra a todos os mártires, serviu para recuperar a sua figura?

Desde o comezo foi unha data moi emotiva pola sua significación. Reivindicábase a Alexandro Bóveda e recoñeciase que non morreu de balde. Miña nai estivo sempre disposta a participar e estaba moi contenta de que se volvese a falar del. Tivo que pasar moitos sacrifícios, na mocidade meu pai estaba absorto no seu traballo e ela sofria tanta entrega, pero sempre estivo moi orgullosa del.

O recoñecemento institucional está a ser máis difícil. O PP impediu no Parlamento en várias ocasións que a data fose oficial.

Cando esta iniciativa chega ao Parlamento é a direita quen governa e non podemos pensar que vai apoiar que se valore a figura de Bóveda. Non pode recoñecer o que pasou. É dos poucos aspectos nos que son consecuentes, mataron a toda aquela xente e fixérono a conciéncia e agora ainda hai quen segue pensando igual. A direita non cámbia, abonda falar das desculpas que se dan á hora de manter a oposición a calquer homenaxe que dignifique a memória. É absurdo que continuen defendendo que non hai que remexer no pasado. Non é ese o tema, abondaba con que se dixera o que Bóveda foi.

Unha das primeiras medidas do BNG ao chegar ao governo local de Pontevedra foi comezar o proceso para declaralo fillo adoptivo da cidade.

Valoro positivamente a opción apresentada polo PSOE e o BNG conxuntamente. Nesa ocasión o PP, en boca do anterior alcalde, argumentou que Bóveda ten xa unha rua e un monumento e que non era necesária esta declaración. Queda ainda unha asignatura pendente: hai que seguir esixindo que a Deputación de Pontevedra lle rinda tributo a Alexandro Bóveda. Se algun organismo ten débedas con el é a Deputación con quen colaborou en case todos os elementos que a compuñan, desde a Misión Biolóxica á Caixa de Aforros. A Deputación de Ourense aprobara por unanimidade unha iniciativa para recoñecer a Bóveda, en Pontevedra continua a ser imposíbel.♦

GABRIEL TIZÓN/VOZ NOTICIAS

Xosé Antón Bao e Manuel Martínez, á dereita, foron detidos cando solicitaban os permisos da obra aos operarios da constructora.

Os viciños denúncian que o cámbio de trazado non cumpre os requisitos legais

Reanúdanse as obras na A-6 despois da detención de dous concelleiros de Becerreá

Viciños de Becerreá e membros da asociación ecoloxista *Adega* paralizaron o Venres seis de Agosto as obras da autovia A-6 no tramo O Cereixal-Agüeira por considerar ilegal o cámbio no trazado orixinal acometido pola empresa *Ferrovial*. Os traballos reanudáronse o Martes dez por orde do delegado do Governo, Diz Guedes, e despois de seren detidos dous concelleiros municipais do BNG e do PSOE.

Ecoloxistas e viciños denúncian que o trazado da A-6 foi modificado sen que se cumpriran os diferentes requisitos legais, como a realización dun estudo sobre o seu impacto ambiental ou o estabelecimento dun prazo de alegacións ao novo proxecto. Daniel López Vispo, secretário xeral de *Adega,* sinala que foi a empresa adxudicária *Ferrovial* a que solicitou o cámbio argumentando dificuldades técnicas e orzamentárias para realizaren o túnel de 1.700 metros na Serra de San Pedro. Deste xeito retómase un proxecto que no seu dia foi rexeitado ao implicar un maior impacto sobre o médio.

O conflito xurde unha vez concluidos todos os trámites para a realización do trazado aprobado inicialmente, incluida a expropriación de terreos e o seu pagamento. Deste xeito, de continuaren coas novas obras as perto de cincocentas fincas que xa foron expropriadas para o trazado orixinal van quedar abandonadas, logo de que várias carballeiras e fragas de castaños foran taladas. Asi, a esta agresión ao médio, agora inútil, haberá que engadir segundo denúncia a asociación de viciños do Cereixal, á que se vai producir nos seis quilómetros de traxecto que a empresa quer mudar.

As protestas comezaron o Venres seis cunha concentración no lugar do Cereixal, onde comezaron as obras de construción da autovia. Ese mesmo dia *Adega,* a *Plataforma Contra a Autovia,* o BNG e o PSOE apresentaron unha denúncia no xulgado local. Pero o Martes dez a Garda Civil ordenou a continuidade das do traballos e detivo aos concelleiros Xosé Antón Bao (BNG) e Manuel Martínez (PSOE), que estaban solicitando da empresa a autorización para executar as obras nese treito. Estiveron retidos durante tres horas e foron postos en liberdade despois de prestar declaración xunto a outros viciños.

Ao fio do acontecido *Adega* prepara un informe que vai enviar ao Ministério Fiscal, ao Defensor do Povo e a Comisión Europea de Méio Ambiente. Tamén estuda aposibilidade de apresentar unha denúncia contra o delegado do Governo por amparar presuntas ilegalidades na construción da autovia. Para o BNG e o PSOE Diz Guedes detén a quen defende a legalidade e parece ter como única función a represión de toda lexítima expresión social de protesta. ♦

A residéncia de anciáns "Torrente Ballester" sen persoal

A residéncia da terceira idade "Torrente Ballester", da Coruña, dependente da Xunta de Galiza, sofreu unha diminución de persoal, o que dificulta o seu correcto funcionamento e xa provocou mobilizacións dos seus traballadores. Esta reducción vai afectar a cinco persoas e ocasionará verdadeiras dificuldades para levar a cabo a xestión do centro, especialmente durante a noite, cando só estarán de garda duas persoas para facerse cargo dos anciáns. A Consellaria de Servizos Sociais ten previsto incrementar as prazas actuais, pero este aumento só vén a amortizar necesidades anteriores da residéncia e non vai aliviar para nada a situación dos empregados, que teñen que traballar, no caso dos auxiliares de clínica, tres fins de semana cada dous meses. ♦

O alcalde de Xinzo nova vítima do trazado da autovia das Rías Baixas

O alcalde de Xinzo da Límia, Gonzalo Iglésias Sueiro (PSOE), sofreu o 8 de Agosto un acidente de tráfico cando transitaba pola Autovia das Rias Baixas. Iglésias anunciou que denunciará o Ministério de Fomento por erros no trazado da devandita autovia. O acidente tivo lugar, segundo o alcalde, cando o seu coche se encontrou de frente, logo dun cámbio de rasante, un grande penedo no meio da estrada. Gonzalo Iglésias, do PSdeG, considera que "é inadmisíbel a desídia no trazado. Cómpre unha solución inmediata para que non se repitan estas cousas". O mal trazado da autovia xa fora denunciado repetidamente e provocou máis acidentes. ♦

Solicita o embargo dos bens de Ovídio Veloso por sentirse "calumniado"

O alcalde de Crecente, investigado por delicto eleitoral, querélase contra o concelleiro do BNG

No concello de Crecente, no Condado, o PP ostenta a maioría absoluta con oito concelleiros de once posíbeis. O alcalde, Xúlio César García Luengo, ven de apresentar unha querela por inxurias e calumnias contra o único concelleiro do BNG, Ovidio Veloso, quen entra por primeira vez na corporación. A razón da querela, na que o alcalde solicita unha fianza de dez millóns de pesetas, está en que Veloso acusouno de non obter os votos de maneira limpa. Os nacionalistas denunciárano no xulgado por delicto eleitoral, o que motivou que se tomara declaración xudicial aos ancians do centro da terceira idade.

A querela interposta contra o concelleiro nacionalista foi aceptada e Ovidio Veloso xa acudiu a declarar ao xulgado. "Non sei se seguirá adiante, en todo caso o alcalde pede unha fianza de dez millóns ou embargo dos meus bens", comenta Veloso, que explica a reacción do alcalde pola investigación da que está sendo obxecto. "Nós denunciamos que houbera manipulación de votos, que se aumentara o censo de maneira artificial, resultando que habia douscentos habitantes máis en Crecente para votar nas pasadas eleicións. Por exemplo, na casa do alcalde, na que viven catro persoas, constaban vinte no censo", conta Ovidio Veloso.

A denúncia do BNG de manipulación de votos centrábase na residencia da terceira idade e nun centro de diminuidas físicas, nos que a maioria dos residentes votaron por correo. "O 10% da povoación da vila votou por correo. Cando a xuiz veu tomar declaración aos residententes nestes centros non sabian nen por quen votaran", explica Veloso. Os nacionalistas reseñan que algun dos vellos declarou que o obrigaran con forza física a solicitar o voto por correo. Outros afirmaron que non foron votar e, sen embargo, figuraban tachados nas listas do coléxio eleitoral. ♦

O alcalde de Dozón illa aos funcionários

A Confederación Intersindical Galega (CIG) acusou o alcalde de Dozón, Adolfo Campos, do PP, de illar os funcionários en distintas dependéncias do Concello e de privalos de usar o teléfono. Segundo a CIG, logo das eleicións locais, temeroso da hostilidade dos traballadores da corporación polo seu estilo de Governo, decidiu separalos, colocando a cada un nun despacho pechado, presidido por un cartel de "proibido o paso". Ademais, os empregados non teñen posibilidade de aceder á liña telefónica, á fotocopiadora, aos arquivos ou aos boletins e diários oficiais. ♦

O Martes 10 de Agosto milleiros de persoas acudiron á convocatória de Compostela

Os gadeiros mobilízanse diante das empresas leiteiras

A mobilización do Martes 10 de Agosto, convocada polo Sindicato Lagrego e Unión Sindical Agrária Galega, veu motivada pola postura das empresas lácteas, que non só se negan a recoller a produción que pase da cota, senón que están a mercar o litro de leite a un prezo máis barato do negociado. Vários milleiros de gandeiros desprazáronse a Compostela para manifestarse "polo direito a producir". Na consellaria de Agricultura e no Parlamento, os representantes sindicais entregaron un documento no que, entre outras reivindicacións, sinálase que hai que acadar para Galiza a metade da cota extra, 550.000 toneladas, concedida pola UE para o Estado.

Unha pancarta na que se podia ler "En defensa da nosa capacidade produtiva" encabezaba a mobilización do Martes. Para o Xoves xa estaban previstas novas manifestacións en Lugo. A caida dos prezos do leite orixinou que as empresas fosen o centro das protestas. Os sindicatos convocantes denúncian o acordo empresarial que impide aos labregos buscar novos compradores e obrígaos a aceptar as condicións impostas. Segundo o SLG, esta baixada de prezos permite o control sobre o sector produtivo. Quéixanse tamén da falla de diálogo ao "liquidar" o conselleiro, Castor Gago, a Mesa do Leite, o foro interprofesional.

Os manifestantes camiñaron desde a consellaria de Agricultura até o Parlamento, onde tamén entraron os representantes sindicais a entregar o manifesto ás organizacións políticas. O BNG xa anunciara dias antes que apoiaba as mobilizacións. Tanto o SLG como USAG demandaron un reparto da cuota extra da UE acorde co número de explotacións e os postos de traballos que implican o sector lácteo no país. Nesta dirección dirixiuse unha pergunta de Camilo Nogueira á comisión europea, na que se pedia ter en conta que máis do 33% do leite no Estado é producido na Galiza.

As mobilizacións do Xoves 12 en Lugo comezan ás once da mañá diante da empresa *Complesa-Ram*, na localidade de Nadela, e continuan co translado a Outeiro de Rei, atravesando a cidade das murallas. En Outeiro de Rei, os labregos concéntranse diante das empresas *Arxeriz* e *Pascual*.♦

ANDRÉS PANARO

As mobilizacións unitarias de SLG e USAG comezaron o dia 10 en Compostela e seguen o 12 en Lugo.

M. VEIGA

Menos avións e mellores pensións

Os governos do Partido Popular, tanto central como autonómico, amparan a sua negativa a impulsar melloras sociais na necesidade de non incrementar o déficit público por riba do ordenado pola Unión Europea. Nesta lóxica enmárcase a negativa a incrementar as pensións máis baixas. Sendo certo que a normativa comunitária é fiel seguidora das teses neoliberais, tamén é verdade que a política de aforro exibida polo governo de José María Aznar en certos eidos, sobretodo no da seguridade social e a educación, contrasta coas últimas declaracións do Ministro de Defensa que ven de anunciar un considerábel aumento dos orzamentos do seu departamento.

En concreto, o Estado español vaise facer con 87 avións *Eurofighter*, por valor de 987.000 millóns de pesetas, catro fragatas F-100 que custarán 300.000 millóns e 219 carros de combate *Leopard* cuxa factura ascende a 317.000 millóns. A eses gastos hai que sumar os 5.000 millóns que España leva xa investidos en soldados e armas en Kosovo, con resultados máis que dubidosos [ver reportaxe da páxina 17].

Tanto Aznar como os economistas neoliberais —non todos adscritos ao Partido Popular— deberian empezar a explicar por que é necesário participar nas aventuras imperiais da OTAN e, en cámbio, non é conveniente subir mil pesetas escasas a pensións xa de por si cativas que non superan as 35 mil.♦

O 70% dos retiros no noso país están por debaixo do salário mínimo

A CIG demanda a equiparación das pensións galegas ás do resto do Estado

A Dirección Nacional de CIG-Pensionistas solicitou da Xunta "todos os esforzos posíbeis para que en xeral melloren e equiparen as pensións dos galegos coa pensión média do Estado", xa que na Galiza o 70% das mesmas están por debaixo do salário mínimo interprofisional e en comparanza coa média do Estado a porcentaxe ainda é menor.

Para a CIG-Pensións "é responsabilidade do Governo da Xunta de Galiza o impedir que estas diferéncias sigan medrando, e polo contrário o que teñen que facer por xustiza, é reducilas". Mália que a CIG recoñeceu que as pensións non contributivas son as que máis equiparadas están ás do conxunto do Estado, matizou que pésie a que o Estado ten que aplicar incrementos para que non perdan poder adquisitivo, a Xunta haberia de "facer esforzos para mellorar estas pensións de forma gradual até acadar o importe do salário mínimo, esta mellora seria complementária a que anualmente se aplica pola via dos Orzamentos Xerais do Estado".

Pero hai outro campo no terreo das pensións que preocupa á CIG, como son as derivadas das xubilacións anticipadas, sobretodo no caso das pequenas empresas, xa que nas compañias importantes o Estado con frecuéncia fai aportacións millonárias nos planos de xubilación anticipada e os traballadores chegan a acadar pensións en torno ao 70 ou 80% do salário no momento do retiro.

Non sucede asi nas pequenas empresas, onde é habitual procesos de alonxamento do mundo laboral despois de regulacións de emprego que comezan aos 55 anos e a posterior xubilación anticipada aos 60 anos, traendo como consecuéncia que a base reguladora da pensión se convirta no 60% mália que case sempre os traballadores teñan cotizados 40 anos. Sucede ademais que a estes traballadores xubilados non se lles aplica o 100% da sua base reguladora cando acadan os 65 anos. Por esta razón da CIG pediu reparar esta situación e que a Xunta vaia aplicando subas nas pensións para compensar as diferéncias que se manteñen co resto do Estado.♦

Os traballadores de Gesrubber ocupan a delegación da Consellaria de Relacións Laborais

A situación inestábel pola que está a pasar a empresa *Gesrubber* de Tui motivou que algúns dos seus traballadores ocupasen a Delegación da Consellaria de Relacións Laborais en Vigo o Luns 9 de Agosto. O pasado 3 deberian terse asinados, baixo supervisión da Xunta, os contratos de xestión e venda da empresa que poñerian fin a un ano de crise. Neste tempo os dous tércios dos 190 empregados entraron en regulación temporal de emprego. Sen embargo, non se asinou contrato ningún e o comité de empresa decidiu convocar unha mobilización. Tras unha primeira concentración diante do domicílio do actual administrador da empresa, os traballadores desprazáronse á delegación da Consellaria. Ali, debido ás vacacións, non habia ninguén que puidese informalos correctamente, polo que decidiron ocupar a Delegación para que lles fixesen caso. Finalmente, os traballadores retiráronse despois de concertar unha reunión para o dia 10 deste mes con responsábeis da Consellaria. E é que a Xunta ainda non desembolsou 80 dos 150 millóns de pesetas prometidos para manter a viabilidade da empresa até conseguir un comprador.♦

Nogueira apresenta duas iniciativas en apoio ao agro galego

O eurodiputado do BNG, Camilo Nogueira, está a meter présa á Comisión Europea en asuntos relacionados coa agricultura galega. Concretamente, propónlle á Comisión un maior apoio á gaderia, especialmente á láctea, por canto que o sector agrário galego se está a volcar nesta actividade. Ademais, recorda que as actuais subvencións agrárias discriminan aos agricultores galegos. Segundo Nogueira, Galiza, tendo o 18,5% da povoación activa agrária española, percibe unicamente o 1,2% dos 850.000 millóns de pesetas recibidos polo sector agrário estatal dos fondos do FEOGA. Por outra banda, Nogueira vén de interesarse sobre as normas que ha de seguir a política de desenvolvemento rural como axente de conservación do património cultural.♦

Camilo Nogueira.

Xosé Pérez Berenguer, traballador nº 128, relata os seus corenta anos na empresa

O Zampabolos xubílase da Citroën

CARME VIDAL



PAULA BERGANTIÑOS

Cada semana entraba na factoria viguesa da Citroën un panfleto asinado polo *Zampabolos.* Os escritos repartianse entre os miles de traballadores e denunciaban as irregularidades da grande empresa. Remataban sempre co mesmo lema: "Amarelos, non, grácias". Quen non atura a cor amarela é Xosé Pérez Bereguer, perito industrial e traballador n. 128 que deixa agora a Citroën ao xubilarse despois de corenta anos de traballo na plantilla da empresa. Os últimos catro, destinado nunha máquina fotocopiadora.

Os achegados din que Xosé Pérez Berenguer non pode ter diante ningun obxecto tinxido de amarelo. O *Zampabolos* tampouco. Nos escritos a teima repítese "¡Como cona podedes votar amarelo!" remata un panfleto entregado antes das eleicións sindicais despois de revisar a traxectória do sindicato da empresa. Diante da campaña de vacinación promovida en Citroën, *Zampabolos* aproveita para advertir aos compañeiros: "Vacina contra a gripe? Non é necesári!. Vacina contra a febre amarela? Si! (é o azoute dos traballadores)". E asi semana tras semana as mensaxes ianse filtrando no enorme recinto no que unha cidade composta por 10.000 persoas se adicase a fabricar coches. Ninguen coñecia a identidade de *Zampabolos,* sabiase que se trataba dun "de dentro" e eran moitos os traballadores que coleccionaban os escritos que os máis ousados penduraban nos taboleiros de anúncios.

As cousas mudaran moito desde que Xosé Pérez Berenguer entrou o 18 de Maio de 1959 a traballar na factoria, na sua división administrativa como auxiliar técnico de organización. Foi rexistrado co número 128. A data e o número sáenlle de carreira, igual que a vontade de falar sen parar do "sindicato amarelo". "Actuemos o dia das eleicións con responsabilidade, de igual maneira que nos falan de empresa 2000, convirtamos a nosa loita sindical na dos *Sindicatos do 2000,* ao menos nesta fábrica de tantas naves, na que o mesmo por babor como por estribor nos abordan os roedores amarelos. É o momento de iniciar un novo séculos coas siglas DDD (dignidade, dignidade, dignidade). Cremos que a mensaxe é fácil de entender, e que poderiamos resumir en: Amarelos, non, grácias!" dicia o *Zampabolos* nun panfleto que titulaba "Ignoremos a técnicos e administrativos", seccións nas que a preséncia de sindicatos de clase é prácticamente nula.

Era esa unha das singularidades de Xosé Pérez. Nos corenta anos houbo tempo abondo para que os directivos se decatasen de que o único trato que podia ter cos amarelos era o de tentar botalos abaixo. "Dentro podes vivir ben, se te integras non che dan a vara, se estás fóra estás perdido. Nos amarelos están os que teñen a pasta e o poder. En talleres non é tan radical a sua preséncia, pero entre os técnicos administrativos só hai un que non é amarelo" comenta. Pérez Berenguer participou activamente na folga do 72 e era coñecido entre os seus compañeiros pola sua ideoloxia de esquerdas. "Nunca me propuxeron ser do sindicato amarelo, se mo chegan a dicer apresento unha denúncia no xulgado". En Citroën sabian ben quen era Xosé Pérez.

O seu relato ten algo da história de David e Goliat. *Zampabolos* facendo cópias de panfletos que logo pasarian a un "enlace" para ser distribuidos dentro dunha empresa multimillonária con grande poder económico na cidade de Vigo. Crispando coa sua opinión irreverente e o seu agudo sentido do humor que mesmo ideou unha nova letra para o *Submarino amarelo* dos Beatles. "Para que o personal se revotase". Traballador coa nómina reducida até onde se pode que, lonxe de se plegar aos critérios de obediéncia debida, dispara os seus ataques a golpe de fotocopiadora.

> "É rarísimo que alguén ascenda sen pertencer ao sindicato amarelo. Non hai xefe de nivel que non estea integrado"

A indignación sóbelle ás barbas de Xosé Pérez cando fala do control exercido sobre os obreiros. O sistema de contratación, segundo as necesidades de produción, promove, ao seu ver, unha grande bolsa de traballadores eventuais que ven perigar o seu posto de traballo se non son "obedentes cos directivos". As próprias perguntas das entrevistas de traballo –que el debulla– semellan máis próprias de internado relixioso que de concurso laboral. Indignación tamén lle producia presenciar durante as eleicións sindicais como os "axentes amarelos" puñan nos listados unha cruz diante do nome dos traballadores que se metian na cabina para coller as papeletas. E o *Zampabolos* protestaba contra todo iso na sua particular loita.

Cando o anónimo azoute do "sindicato amarelo" collia vacacións, avisaba mediante un escrito para que ninguen confiara na sua desaparición. Anunciaba que marchaba ao Caribe, como o protagonista da campaña dunha axéncia de viaxes. "Vinteoito dias de vacacións, sen amarelos. Nen un en Varadero, nen un en Camagüey, nen en Baracoa... Que felicidade...! Castro tenlles proibida a entrada na Illa". Logo voltaba para continuar coas suas proclamas. "É rarisimo que alguén ascenda sen pertencer ao sindicato amarelo. Non hai xefe de nivel que non esté integrado" di Xosé Pérez.

Dignidade *vermella*

No 1995 a empresa proponlle acollerse á xubilación anticipada a cámbio duns cartos que Pérez consideraba que non se adecuaban aos seus moitos anos de servizo na empresa. Negouse a aceitar o trato e de estar máis de trinta anos nunha oficina foi transladado a traballar na fotocopiadora. Daquela solicitou por carta a Madrid unha entrevista co Director Xeral da empresa, Luis Zapatero que nunca tivo. Pola contra, a carta chegou a mans de Estévez, o xefe de persoal. "Pensei que o que me oferecian non era suficiente para pagar todo o que pasara e non dubidei. Logo chamáronme catro ou cinco veces máis baixando ainda a cifra e continuei negándome. Aguantei até agora que, por fin, me xubilo no meu tempo. Pasei os últimos catro anos facendo fotocópias e en todos os anos que levo traballando de forma exclusiva aplicábanme ao soldo o mínimo que permitia o convénio. Non hai ninguén que en tanto tempo gañe tan pouco" explica Pérez a respeito da sua situación laboral en Citroën. Cando despois de corenta anos se despediu da empresa, escoitou do xefe de persoal: "Recolliches o que sementaches".

> "É indignante ver como marcaban unha cruz aos traballadores que nas eleicións sindicais collian o seu voto na cabina"

"Foi un castigo claro, pensaban que por facer cópias ia pedir *papas* pero non foi asi, aguantei até o fin". Quen isto di participara hai 41 anos na primeira expedición galega que subiu ao Montblanc e cruzou no 1956 a ria de Vigo a nado desde Moaña até o Nautico. Os seus logros deportivos adiviñan unha resisténcia que o levou tamén a medirse cos xefes da empresa automovilística.

Con motivo da sua xubilación, Xosé Pérez recibiu unha carta oficial de Citroën. "A Dirección da Empresa quere deixar constáncia do seu recoñecemento polos seus 40 anos de traballo e deséxalle cordialmente unha longa e fructífera xubilación na compaña da sua família, asi como un merecido descanso como culminación de toda unha vida laboral". Xosé Pérez repartiuna entre os que participaron na cea que lle ofereceron un grupo de compañeiros. Xunto ela ia unha carta na que dicia: "Vós coñecedes comportamentos *irregulares* para con moitos traballadores, alguns as tedes sofrido, outros estades na rua por querer manter unha postura digna e coerente. Nunha empresa como Citroën non é fácil, xa que a loita que se poidera manter é tan desigual que acaba por anular as máis firmes vontades". Engadia Pérez, como esperanza para os que ainda quedaban na fábrica, o comentário aparecido na revista *Planeta* da própria Citroën: "O amarelo escuro convértese en mal signo: é dos traidores, tramposos e estafadores, é a cor de Xudas. O vermello, en todas partes é símbolo de vida, forza, poténcia no simbolismo popular. O vermello é a cor do amor". ♦

Denuncian que a Xunta impón a contratación de veterinários "amigos"

A Asociación de Apicultores, maioritária no sector, queda fóra das axudas da UE

A. ESTÉVEZ

Os setenta e catro millóns e meio de pesetas, que supoñen as axudas europeas aos apicultores foron parar este ano a unha *Agrupación de Interese Económico*, recentemente constituída. Pola contra, a *Asociación Galega de Apicultores*, que aglutina a uns mil cincocentos porodutores, quedou fóra das axudas. O seu presidente, Xesus Asorei, sinala que a consellaria de Agricultura repartiu os cartos seguindo critérios políticos e favorecendo a vários grandes produtores.

As axudas aos apicultores estaban condicionadas pola contratación dunha quipa de veterinarios imposta pola Xunta, segundo explica Asorei. "As axudas están financiadas na sua metade pola UE e nas outras duas cuartas partes pola consellaria e polo ministério de agricultura. A Xunta ten que elaborar unha orde de axudas de acorde co espiritu da directiva europea, pero Galiza converteuse na unica comunidade na que se deu tanta *trapallada*", conta Asorei.

> 'A Consellería de Agricultura repartiu os cartos seguindo critérios políticos"
>
> XESUS ASOREI

A *trapallada* á que se refire o presidente da AGA é a que unha parte das axudas teñen que ser destinadas para contratar a unha equipa de cinco veterinários impostos pola xunta. "As axudas aplícanse a catro programas, un deles é de asisténcia sanitária. Neste programa é onde a Xunta pretende *colocar* ao grupo de veterinários amigos. O pasado ano tivemos que contratalos pero este ano negámonos. Non é unha decisión arbitrária; somos apicultores, moitos de nós levamos vinte anos traballando e nos queren impoñer a uns profesionais que non teñen nen idea de abellas", comenta Asorei. A AGA foi a encarregada en 1998 de xestionar o I Plano Apícola de Galiza. "Xa naquel momento a Xunta tiña interese en manipularnos porque contratou a un rapaz de Ourense expresamente para coordinar o plano cando en realidade se adicaba a labores políticas", di Aorei.

A *Asociación Galega de Apicultores*, xunto a *Asociación Provincial Lucense de Apicultura* e a Cooperativa Erica Mel apresentaron un programa comun para as axudas, que lle foi denegado pola consellaria de Agricultura. As subvencións europeas aos apicultores son de seiscentas pesetas por colmea. Na Galiza, hai 125.000 colmeas. "Denegáronos todo o que pedimos. As solicitudes individuais para a trashumancia tamén están sendo denegadas baixo o argumento de non enviar toda a documentación ainda que isto é falso. Desde a Xunta estase aplicando a mesma política á mel que a outros sectores agrícolas; deixar desamparados aos pequenos produtores", explica Asorei.

Sobre o destino dos setenta e catro millóns de pesetas de axudas, Xesus Asorei explica que foron parar a *Agrupación de Interese Economico*, que ademais de contratar aos veterinários proporcionará aos seus asociados un produto contra a varroa, unha enfermidades das abellas.

Apicultores profesionais

Sobre a AIE, sinala que non é representativa do sector. "Na AGA hai mil cincocentos asociados mentres que nesta asociación non chegan a cen", di Asorei. "As axudas europeas non teñen coma fin facer unha sector profesional e competitivo, senón fomentar a apicultura polos efectos beneficiosos da polinización e das abellas. Na Galiza son poucos os profesionais que viven exclusivamente das abellas, pero incluso a estos se lle están denegando as axudas", explica o presidente da AGA.

A AGA, que se declara independente de partidos políticos –"non só teñen cabida todas as ideoloxias senón que é desexábel que asi sexa polo ben da organización e do próprio sector"–, solicita de todos os apicultores afectados que recurran na consellaria de Agricultura a denegación de axudas. Asimesmo quere enviar información sobre o ocurrido ao ministerio de Agricultura e elevar unha queixa ao Valedor do Povo. "Non hai direito a que se xogue coas axudas simplesmente porque hai que contratar a un grupo de veterinarios da Xunta, do que recibimos queixas dunha morea de asociados porque non tiñan nen idea do traballo que habia que desenvolver", reseña Xesus Asorei.♦

Na Galiza son poucos os profisionais que viven exclusivamente das abellas.

RAMON MACEIRAS

Emigración e proxecto de país (III)

Hoxe que tanto se fala da globalización ou mundialización, os galegos temos adiantado unha boa parte dese proceso con axentes sociais e económicos espallados por todo o planeta. Pero coa vantaxe de que eses nosos axentes non son recén chegados, están instalados nos seus lugares de residéncia hai tempo, coñecen o território, domeñan a cultura local, saben-se mover dentro das peculiaridades das administracións locais.

Cunha activa política exterior e cun plano de apertura de novos mercados un Governo galego nacionalista capaz de integrar á Galiza exterior nestas políticas acadaria resultados extraordinários. Vexamos.

Existen investigacións sérias que rexistan máis de 50.000 empresas de orixe galego espalladas por todo o mundo. Empresas da emigración. Medianas e pequenas na sua maioria. Adicadas aos máis variados sectores da economia produtiva e dos servizos. Desde a imprensa á producción de plásticos e pinturas; desde a produción textil á construcción; desde a hosteleria á distribución de materiais de todo tipo, redes de distribución de alimentos, banca e seguros, comércio maiorista e detal. Pode-se dicer que non hai actividade comercial ou produtiva na que un galego non estexa hoxe involucrado. Todos estos entes económicos, artellados dentro dun plano coerente, poden ser os axentes da mundialización da economia galega. Moitas desas empresas dispoñen de alta cualificación técnica, son ponteiros nos seus paises, teñen xerentes curtidos e experimentados, sobreviviron aos vaivéns de vários ciclos económicos ao longo de máis de trinta anos, sortearon crises, depresións, inestabilidade política, saben navegar contra a marea e moitos deles están sempre a buscar novos produtos e sócios no exterior.

> 'A rede empresarial da emigración pode ser a ponta de lanza dunha agresiva política de exportación para os produtos galegos fóra da Unión Europea"

A rede empresarial da emigración pode ser a ponta de lanza dunha agresiva política de exportación para os produtos galegos fóra da Unión Europea. Ao mesmo tempo, esas empresas da emigración poden ser excelentes sócios para aqueles que non só queiran vender senón instalarse en determinados países. As posibilidades de acordos comerciais, de intercámbios tecnolóxicos, de exploración de mercados, etc, perden-se de vista.

Pero para que eso dé froitos é imprescindíbel que desde un Governo nacionalista exista unha clara conciéncia da necesidade de organizar este sector e deseñar políticas moi concretas. Os governos vasco e catalán levan anos transitando este camiño e os resuldados cantan, e iso cunha emigración menos espallada e numericamente inferior á galega.

Tamén está claro que as forzas nacionalistas non poden esperar á hipotética chegada ao governo para comezar o proceso de achegamento e de deseño de políticas. O tempo de comezar é agora.♦

O atleta foi acusado de consumir cocaína durante os Xogos Panamericanos

Javier Sotomayor paga cara a sua lealdade á bandeira cubana

CÉSAR LORENZO GIL

Se o verán pasado foi o ciclismo o que sofreu unha verdadeira caza de bruxas na procura de casos de dopaxe, que incluso puxo en perigo a continuidade do Tour de França, nestas datas é o atletismo o que se está vendo salferido por escándalos contínuos e dificilmente explicábeis, como o positivo do cubano Javier Sotomayor, de 31 anos, unha grande estrela no seu país.

Javier Sotomayor posúe a mellor marca mundial de salto de altura.

Javier Sotomayor é todo un mito dentro do atletismo mundial. Actualmente posue a mellor marca mundial en salto de altura, con 2,45 metros, acadada en Salamanca en 1993, e non ten nengun rival que lle faga sombra en nengunha das competicións nas que intervén. Ademais diso, Sotomayor é un símbolo do deporte cubano. Revolucionário convencido e amigo persoal de Fidel Castro, rexeitou múltiples ofrecementos, con cheques de altísimas cifras, para desertar do seu país e comezar unha nova vida baixo a bandeira dos Estados Unidos ou Canadá. E xustamente foi en Canadá, na cidade de Winnipeg, sede dos Xogos Panamericanos nos que se fixo público o positivo por cocaína do saltador caribeño, logo de que este obtivese a medalla de ouro.

Este positivo é sumamente estraño e ainda non está clara a sua credibilidade. Por unha banda, a cocaína non é unha substáncia que mellore o rendemento dunha disciplina como o salto de altura, xa que aumenta o nervosismo e serve ben pouco para calmar o corpo á hora de saltar. Ademais, a marca coa que gañou nos Xogos Panamericanos, 2,30 metros, é ben baixa e Sotomayor sobrepasouna en alomenos 15 ocasións en 10 anos de alta competición. Se a todo isto lle sumamos unha excelente ficha, que nunca se viu manchada pola máis mínima sospeita, o caso cobra tintes extradeportivos.

O atleta declarouse inocente e acusou á organización dos Panamericanos de "facer manobras encamiñadas a desprestixiar aos atletas". Non en van, o Governo da illa denunciara que a expedición cubana estaba suxeita a moitas presións e que vários dos seus membros foran conminados pola organización para pedir asilo político en Canadá. Ao final, esta táctica logrou que oito destes deportistas xa non voltasen ao seu país.

Pola outra banda, o "descubridor" da cocaína de Sotomayor, o presidente do máximo organismo deportivo en América, o chileno Mário Vázquez, ten sona en todo o mundo pola precipitación coa que fai públicos os resultados das suas análises. Vázquez predica o seu interese en que se erradique a dopaxe en todos os foros. Como membro do Comité Olímpico Internacional, ten dirixido várias comisións de seguimento e os seus retóricos discursos converten a sua actividade nunha espécie de cruzada que bate de fronte en moitas ocasións coa frialdade dos resultados reais, que máis dunha vez, contradeciron as suas palabras e absolveron os atletas.

> "Os Estados Unidos intentaron várias veces que Sotomayor abandonase o seu país, desde que en 1988 pulverizou o record mundial"

Por todo isto, este caso de dopaxe é, alomenos, sospeitoso e pouco máis que incríbel se temos en conta que Sotomayor é un exemplo de esforzo contínuo que obtivo, con toda a mestria dos xénios, éxitos internacionais para un estado pequeno e illado por un embargo de várias décadas. Todo isto é sabido nas altas estáncias do deporte mundial, que nunca viron con bos ollos a política deportiva de Castro, por servir esta de plataforma de propaganda da sua ideoloxia política. Sotomayor era o grande obxectivo dos Estados Unidos desde as primeiras planas que acadou este saltador modesto, cando en 1988 pulverizou o récord mundial por primeira vez. Primeiro quixeron que abandonase o seu país e se convertese nunha espécie de Nadia Comaneci da disidéncia ao comunismo cubano, coa compensación de contratos millonários con empresas téxtiles e unha paga fixa do Governo norteamericano, a mesma que cobran os máis de cen deportistas que deixaron La Habana desde os anos 60. Ainda asi, nos Panamericanos de Winnipeg, Cuba ficou segunda en número de medallas obtidas, só por detrás dos Estados Unidos. Outra mostra do caudal inagotábel da sua canteira atlética. ♦

Selección *persoal* do alcalde do Porriño

A contratación de persoal nos concellos rexidos por governos *populares* sigue, en moitas ocasións, critérios particulares. Asi sucedeu coa praza de auxiliar administrativo ofertada polo concello do Porriño o pasado mes de Xuño, á que non se lle deu máis publicidade que a sua publicación no Boleton Oficial da Província. Agora, neste concello, rexido por Xosé Manuel Barros, do PP, ofértase unha praza de "Responsábel Municipal da Oficina de Información Xuvenil", para a cal se exixe titulación universitária média ou superior, sen especificación nengunha. En todo caso, segundo as bases, terase en conta a maior adecuación do título para o posto a cubrir "que o alcalde considere ou conveña".

Os nacionalistas do Porriño veñen de denunciar o contido da oferta de emprego que o concello inseriu nun xornal o pasado 21 de Xullo. Ainda que a convocatória está dirixida á mocidade, o BNG sinala que o feito de estar nas oficinas da Xunta como demandante de emprego supón exclusivamente o 7,69% da pontuación posíbel. Ademais, desta vez vai ser o mesmo alcalde o que faga persoalmente a selección para a praza na oficina de información xuvenil. Os nacionalistas reseñan que "pensa que é o patrón e proprietário desta empresa que el entende que é privada".

Recordan que a contratación de postos ten que facela un tribunal composto cando menos polo presidente da corporación e secretário, ou as persoas en quen deleguen, o concelleiro delegado de persoal, representación da oposición asi como a representación do persoal". ♦

Acusan de nomear a dedo aos directores das residéncias de terceira idade

No vindeiro mes de Setembro debatirase na mesa de negociación a proposta da consellaria de Sanidade e Servizos Sociais de nomear aos vinteun directores das residéncias de terceira idade polo sistema de libre designación. Segundo a CIG, "a Xunta bate todos os records de utilización da libre designación en postos que deberian ser ocupados por sistemas obxectivos e independentes do poder político". A central nacionalista recorda que en vários casos se ten denunciado a manipulación do voto dos residentes. ♦

O ascensor para peixes non é efectivo, din os ecoloxistas

A *Federación Ecoloxista Galega* considera de "escasa utilidade" o ascensor para peixes que *Unión Fenosa* vai instalar no encoro de Frieira. A Federación, integrada por vinteseis asociacións ecoloxistas, sinala que de nada serve esta medida no último dos cinco encoros situados no Miño xa que o ascenso do salmón ou da anguia vai topar con outros aproveitamentos hidroeléctricos sen pasos para peixes. "No mellor dos casos, se os peixes que franqueasen Frieira chegasen a desovar e producisen descendéncia, a probabilidade de que descendesen a través das turbinas da central hidroeléctrica de Frieira é alta, coa conseguinte mortandade, que se situaria entre un 10 e un 50%, chegando ao 100% en casos extremos", din os ecoloxistas, que demandan un plano integral de recuperación do rio Miño.♦

A CIG considera indispensábel que os fillos de emigrantes teñan permiso de traballo

A CIG valora positivamente en princípio que exista un acordo verbal para mellorar a situación dos inmigrantes no Estado ainda que reseña que este acordo "precisa ser aprobado para ter validez". A central nacionalista coida que se melloran alguns aspectos da vida do inmigrante como o acceso á residencia por parte dos familiares achegados ou á asisténcia sanitária urxente. De calquer xeito, a CIG considera indispensábel que todos os fillos de emigrantes españois que non poideran ter a nacionalidade dos seus pais, poidan acceder a un permiso de residéncia e traballo e que se crie unha Secretaria de Estado das Migracións vencellada ao Ministério de Traballo.♦

Homenaxe Institucional

do ***Concello de Pontevedra*** *a*

Alexandre Bóveda

Acordo do Pleno do Concello de Pontevedra

Recuperar a figura humana e política de Alexandre Bóveda mediante o recoñecimento institucional da sua integridade, do seu espírito dialogante, e do seu extraordinário traballo en favor da liberdade, da convivéncia democrática e do progreso de Galiza.

Iniciar os trámites para o nomeamento de Alexandre Bóveda Iglesias como fillo adoptivo de Pontevedra e para a concesión da Medalla de Ouro do Concello de Pontevedra.

Celebración dun acto institucional de homenaxe a Alexandre Bóveda o próximo 17 de Agosto.

Pontevedra, 30 de Xullo de 1999.

Concello de Pontevedra

Teatro Principal: Martes 17 de Agosto ás 13:30 horas

A história visual recente con testemuños dos protagonistas estaba a piques de se perder

A Universidade de Santiago cataloga os fondos galegos da TVE

A Universidade de Santiago está a catalogar os fondos audiovisuais do centro territorial da Televisión Española en Galiza. Miles de horas gravadas en formato cinema e vídeo que gardan as imaxes da nosa história recente e que estaban a piques de se perder. O proxecto, dirixido polo profesor da Faculdade de História, Xosé Mª Folgar, está a recuperar importantes documentos, entre eles entrevistas a Otero Pedraio, Celso Emílio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Ánxel Fole.

Os momentos máis importantes da nosa historia recente gárdanse no Centro Territorial da TVE en Galicia. Na foto, loita contra da autopista do Atlántico.

Unhas 9.000 horas gravadas nos anos setenta e unhas 10.000 dos oitenta pasaron xa diante da vista de Rubén Rivas, o encargado de fichar e catalogar o material audiovisual do centro territorial. O seu traballo consiste en definir o contido de cada unha das cintas e para iso elabora un completo minutado -tanto de planos como de contidos- conseguindo unha información que logo pasa a soporte informático.

O proxecto naceu despois de que a Universidade recuperara en distintos arquivos audiovisuais os documentos relativos á sua própria história co gallo da celebración do quinto centenário da sua fundación. Xurdiu entón a posibilidade de documentar todo o arquivo histórico referente a Galiza armacenado no centro territorial da TVE que agora se está a desenvolver. Os responsábeis do proxecto atoparon numeroso material rodado en formato de 16mm. armacenado en caixas que tiña que ser enviado a Madrid para a sua conversión nun sistema actual. No meio, imprescindíbeis imaxes da nosa história recente. "É un material único e de grande riqueza. Polo que de agora estivemos estudando temos todo o relativo aos debates do Estatuto cos seus protagonistas, a história da transición en imaxes e entrevistas cos principais persoeiros dos últimos tempos, entre eles, Valentin Paz Andrade, Álvaro Cunqueiro, Otero Pedraio, Anxel Fole, Manuel Fraga, Rosón, Xosé Quiroga e tantos outros" comenta Rubén Rivas.

Dos documentos que están a agromar no desenvolvemento do proxecto, Rubén Rivas entende que se poden calificar de "únicos". O monopólio da TVE até a criación das televisións autonómicas e a dificuldade de acceso aos sistemas audiovisuais fai que durante moitos anos atesourara imaxes históricas no seu arquivo que non ian ser recollidas por ningun outro meio. Neste sentido, Rubén Rivas sinala que "nun tempo de televisión *exclusiva* a TVE ben pode botar man do seu arquivo para oferecer un producto que ten de maneira única. Moitos dos materiais cos que conta no seu armacén serian moi ben recibidos polos telespectadores se son de novo emitidos ou se son empregados como fontes doutros programas".

> 'Nun tempo de exclusivas a TVE en Galiza ben pode botar man do seu arquivo para oferecer documentos únicos"

As orixes do Celta

O proxecto está financiado pola Universidade de Santiago mentras a TVE se compromete no convénio a poñer o material a disposición das persoas encargadas do seu desenvolvemento e convertir as cintas filmadas en 16 mm en sistema Betacam para facilitar o traballo e garantir a sua continuidade. "O arquivo estaba a ser un cemitério da memória. Coa catalogación que estamos a realizar ponse o material a disposición dos investigadores e mesmo queda preparado para a sua utilización pola própria TVE. Estase a elaborar unha completa base de dados cos seus contidos e este seria un fondo moi interesante para un futuro arquivo histórico audiovisual de Galiza que tanta falta fai" afirma Rivas. O próprio investigador está sendo a cotio sorprendido polos interesantes documentos que está a atopar. "Por exemplo, nun tempo como este no que o futbol tanto está a mover, no arquivo da TVE hai entrevistas con membros dos equipos que deron lugar ao Celta. Son materiais fundamentais para a sua história, e, como iso, hai tomas da inauguración do Museo do Povo Galego, de exposicións de Seoane ou Laxeiro ou da constitución do Parlamento Galego", engade. ♦

Imaxes da fatiga DE DIONISIO PEREIRA

Unha crónica visual do mundo do traballo na Galiza contemporánea coa que se restauran as angurias, os labores e o protagonismo dos homes e mulleres que, en epopeia colectiva, estabeleceron o roteiro para a construción do país.

A Nosa Terra

A prepoténcia de empresas españolas provoca rexeitamento en Portugal e no Brasil

Portugal non é España

ALEXANDRE XIRÁLDEZ

"Portugal é outro país, con persoalidade e costumes próprios". Este é un dos princípios que a Cámara de Comércio e de Indústria de Madrid recomenda ter presentes para facer bos negócios en Portugal. E polo que se conclúe do manual, que vén de elaborar esta Cámara, parece ser que os empresários españoles adoitan esquecer este punto cando tratan cos seus homólogos lusitanos.

"¿A caso pensan que somos unha colónia?", chegou a dicir o ministro de Facenda portugués a respeito do veto do seu Governo á toma do grupo Champalimaud polo banco español BSCH. O ministro non fixo senón expresar un sentimento estendido e tradicional en Portugal. Os consellos contidos nun recente manual da Cámara de Comércio madrileña recoñecen que parte da culpa dese resentimento está na actitude dos empresários españois. Pero a Cámara madrileña só admite parte. Segundo esta Cámara outro motivo é o próprio éxito español: 3.000 empresas españolas operan no mercado luso.

Entre outras cousas, o manual fai achádegos como o de que os portugueses non teñen o deber de coñecer o español. Deste xeito, recomenda "falar en español a modo e non amosar unha actitude agresiva ou prepotente". Outro dos consellos é o de "coidar a formalidade". En definitiva, a tese que inspira o antedito manual non é outra que a de comportarse como corresponde nun pais estranxeiro, respectando a sua língua. Sen embargo, o manual tamén dá unha de cal aos portugues: avisa aos empresários españois contra a suposta morosidade do pais.

Tres mil empresas españolas teñen intereses en Portugal. A empresa de seguridade *Prosegur* conta con sedes nas principais cidades.

Fachenda de Telefónica

Non lle viria mal aos directivos da compañia de telecomunicacións española Telefónica ler o manual da Cámara madrileña debido á mala imaxe que está a gañar no Brasil. O 29 de Xullo Telefónica cumpríu o seu primeiro ano de servizo no pais sudamericano. Neste tempo, a empresa criou tantos descontentos que mesmo o presidente Fernando Henrique Cardoso lle botou na cara o seu escaso rendemento.

Fóra das caréncias no servizo, que lle custaron nove millóns de dólares en multas dende Decembro a Abril, a xente critica a fachenda coa que desembarcou Telefónica no Brasil. Foi asi que despois de adquirir a maior empresa de telefonia do pais, Telesp, enviou o comunicado á prensa en español, nun pais de 150 millóns de lusofalantes. Máis tarde decidíu mudar o nome de Telesp polo seu de Telefónica. Craso erro cando os máis meniños saben que en portugués é Telefônica. "Se nen sequera saben escribir o seu próprio nome ¿Como serán os seus servizos?", falaba a xente.

Co fin de mellorar a visión dos brasileiros sobre a compañia española, Telefónica está a desenvolver unha campaña publicitária valorada nuns 100 millóns de dólares. Preténdese evitar desta vez o fracaso da campaña de presentación da Telefónica brasileira que fora producida por unha axéncia española, é dicir, foránea, e rodada en Austrália. Daquela non caera moi ben entre o público do pais.♦

Damnificados de Tous denúncian o caso en Estrasburgo

Tras producirse a riada de Tous, en 1982, o Estado recoñeceu a vinteoito mil afectados. Destes, vintetres mil aceptaron as indemnizacións por via administrativa, sen pasar polos tribunais, cobrando moito menos que o resto dos damnificados, que denunciaron ao Estado. Agora seiscentos afectados dos que aceptaron as indemnizacións pola via administrativa demandan ao Estado no Tribunal Europeo dos Direitos Humanos de Estrasburgo por aproveitarse da sua precária situación económica para compensalos á baixa. Os denunciantes reseñan ademais que a sua falla de recursos impediu que puideran acceder a un proceso xudicial.♦

Manifestación en Donosti polo achegamento dos presos

O mesmo dia que comezaban as festas da Semana Grande de Donosti, o Domingo 8 de Agosto, HB convocaba unha manifestación polo achegamento dos presos na que participaron milleiros de persoas. As organizacións de amigos e familiares de presos participaron nesta mobilización, que se repetiu noutras vilas de Euskadi. Ao final da protesta interveu o membro de HB Joseba Permach, quen reseñou que os direitos dos presos non podian estar supeditados as reunións entre ETA e o governo central.♦

O PP quer rematar coa comisión do liño

PP, CIU e Coalición Canaria queren pechar a comisión que investiga as axudas ao liño sen máis que unha advertencia ao delegado do governo de Castela-A Mancha polo reparto das subvencións. Pola sua parte, PSOE, IU, PNV e Grupo Mixto piden a demisión de Carlos Moro ante do 17 de Agosto, data límite para as conclusións definitivas da comisión. Ademais de recalcar a responsabilidade da entón ministra de Agricultura Loyola del Palacio, a oposición sinala tamén a Nicolás López, ex presidente do Fondo de Garantia Agraria, Quintiliano Pérez Bonilla, director xeral de Ganderia, e Gonzalo Ruiz Paz, ex director financieiro de *Mercasa*. Por outra parte, o presidente do Congreso, Federico Trillo, non aceptou os recursos da oposición para anular os acordos da ultima reunión desta comisión, o cal facilita máis que o PP peche a comisión sen que aconteza nada.♦



M. VEIGA

O governo perde a batalla de *Egin*

Os partidos nacionalistas bascos acusan a José Maria Aznar de non dar pasos a prol da pacificación. O presidente do governo, pola sua parte, ven de insinuar que o xa anunciado levantamento do peche de *Egin* é un "movimento de ficha". O argumento poderia resultar válido de non ser polo mal lugar no que queda a xustiza. Se reabrir *Egin* é un movimento de ficha guvernamental haberá que concluir que poder executivo e xudicial actuan ao unísono, no que ao conflito de Eukadi se refire, sendo as decisións dos tribunais non máis que armas políticas susceptíbeis de usar segundo recomende a coxuntura. Esta teoria viria a ser apoiada polo próprio Baltasar Garzón cando arriscadamente relaciona a reapertura de *Egin* coa trégua de ETA.

Pola sua parte, aos nacionalistas bascos resúltalle doado argumentar que o levantamento da censura que desde hai meses recae sobre o diário próximo a HB está vinculado á inutilidade de tal medida, toda vez que os abertzales foron capaces de criar unha nova alternativa xornalística nun tempo record. A aparición de *Gara* non ten parangón no escenário comunicativo europeo. HB pode, sen dúbida, presumir de que o golpe do Estado español sobre o seu aparato comunicativo foi un fracaso, posto que nengun dos 50 mil leitores de *Egin* deixou, nen un só dia, de estar informado, primeiro através do provisório *Euskadi Información* e despois a través do mencionado *Gara*.♦

Os governos de Frei e Aznar buscan unha saida política fronte ao clamor internacional

Pinochet trata de eludir a sua inevitábel extradición a Madrid

X.C.

Canto máis se achega a vista en Londres que decidirá sobre a sua extradición, os avogados de Pinochet e os governos chileno e español, procuran unha saida extraxudicial que pexa o próprio xuiz instrutor, Baltasar Garzón, e todos os organismos de dereitos humanos.

A arbitraxe, unha figura xurídica dos tratados internacionais entre Chile e España, resucitou unha vez que Valdés substituiu a Insulza no ministério de Asuntos Exteriores chileno. O ex ministro, que fixera un papelón de defensa do tirano logo de ter sido represaliado na ditadura de Pinochet, non foi quen de demitir no seu momento, e enredou pensando que o proceso en Londres podia ser abondo se se aderezaba das necesárias presións. Pero a pesar do adiamento e a repetición do proceso na Cámara dos Lores (espécie de Tribunal Supremo británico), a figura universal de Pinochet como encarnación dos ditadores latinoamericanos superou toda posibilidade de defensa e abriuse paso o proceso de extradición.

O mes pasado Valdés cruzou con Abel Matutes unha correspondéncia semipública no xornal chileno "El Mercúrio" (baluarte do golpe de Pinochet en 1973) na que daba a entender que o governo de Aznar poderia dar pasos legais, via arbitraxe, para tirarlle das mans o sumário a Garzón. A resposta xudicial o xuiz foi fulminante reabrindo a polémica política en Madrid, onde o PP asústase de ter que pagar o custe político de poñer en liberdade a Pinochet.

Garzón pede explicacións

Desde o princípio do proceso a Fiscalia da Audiéncia Nacional, e *sotto voce* a Fiscalia Xeral do Estado, veñen pronunciándose en contra de todo o actuado por Baltasar Garzón. Segundo eles o que sucedeu en Chile desde o 11 de Setembro de 1973 fíxose no ámbito da estrita soberania nacional, facendo *tábula rasa* dos asesinatos de cidadáns con pasaporte español, causa principal pero non única das denúncias na Audiéncia Nacional.

Para os fiscais Cardenal, Fungairiño e Rubira —auténticos valedores das razóns de Pinochet— os delitos cometidos non son tales, e mesmo Pedro Rubira na sua penúltima intervención, chegou a asegurar que os delitos de tortura só son tales se o tormento se produce con intención de obter información, non se son para extender o medo na povoaicón, como considera que sucedeu en Chile.

A pesar de que moitos dos argumentos da Fiscalia español foron asumidos pola defensa de Pinochet en Londres, o ex- ditador non puido máis que manobrar para que só sexan xulgados os delitos de tortura sucedidos após 1988, cando se asinan os acordos internacionais contra a tortura implicados no actual proceso. Garzón reactualizou a sua demanda de extradición e, posteriores a esa data, seguen activos vários centos de delitos, tamén sobre cidadáns con pasaporte español.

O ex-ministro de Exteriores Insulza reuniuse con M. Albright hai meses, buscando unha saida ao caso Pinochet. O Governo chileno segue querendo o amparo norteamericano para liberar ao xeneral golpista.

Os últimos vídeos de Pinochet distribuidos procuran amosar a un vello nos derradeiros camiños da vida.

Ademais Garzón non parou cando se anunciou a arbitraxe e dirixiu un auto ao Ministério de Asntos Exteriores, solicitando información sobre a información que se enviou a Chile por canle diplomática, porque entendeu que se podia ter producido unha violación do sumário. A pulcritude das suas perguntas só lle permitiu a un Aznar contrariado insistir en que respeita as decisións xudiciais, pero que a política exterior márcaa o seu governo.

Presións e campaña de imaxe

Paralelamente ao camiño da arbitraxe que intentan os governos español e chileno, os valedores de Pinochet exploran o camiño da lástima, sen por iso rebaixar a imaxe que venderon de verdadeiro titán do anticomunismo que o mesmo Pinochet se encarregou de soster. Os últimos vídeos distribuidos procuran amosar a un vello nos derradeiros camiños da vida, incapaz de pasear sen ir do brazo de alguén. Porén, a idea de que a sua vida está en inminente perigo foi desmentida pola policia británica, que informou que na mansión na que vive non se produciu novidade sobre a saude do preso de luxo que alberga.

Mentres isto sucede os avogados españois, encabezados polo omnipresente José MªStampa Braun, xestionan en Madrid a sua personación no sumário, e pouco menos que anúncian que Pinochet se quer apresentar de contado en Madrid. Opóñense asi as duas visións: o vello malferido e o militar destemido que non perde a casta nen nas piores circunstáncias. A pesar da campaña internacional de imaxe, que paga entre outros Margaret Thatcher, o Augusto Pinochet é un preso, de luxo, que agarda ser extraditado para ser xulgado en Madrid por delitos de asesinato e tortura. Se ao final non o extraditan, Fráncia, Suiza, Itália e a própria Gran Bretaña poden tamén apresentar cargos. Daquela ainda lle quedarian uns anos máis na mansión, da que non o tiraria nen o xeneral norteamericano Vernon Walters, director da CIA en 1973, que foi o seu último valedor en público co argumento de que lle parece "pouco católico" o que se está facendo con Pinochet.♦

M. V.

O profesor da cartulina

Grácias aos problemas de exibición dos filmes de Almodovar en Estados Unidos pudemos enteirarnos do puritanismo que rixe nese país e que leva aos norteamericanos a cortas escenas que en Europa pasarian desapercibidas. A censura non é sen embargo privativa do cine. Nos institutos resulta corrente a imaxe do profesor cunha cartulina na man, preparada para cubrir calquer imaxe inapropriada que poida filtrarse no video documental que mostra aos seus alumnos. Tamén a vestimenta é vitima das normas estritas: está proibido o uso de sandálias, de camisetas de sisas e alguns centros miden a longura da saia das alumnas.

A obsesión polo control leva aos inspectores que visitan por surpresa as aulas a preocuparse pola colocación e decoración das mesmas (carteis, manualidades...), ainda que non tanto polos coñecementos acumulados polos alumnos. O profesor está obrigado ademais a rexistrar en ordenador todas as incidéncias da clase que pasan a un sistema informático central, no que pode considerarse unha realización práctica da metáfora orwelliana do Big Brother (Gran Irmán).♦

Nogueira no grupo dos Verdes e unha centrista presidenta do Parlamento europeu

Camilo Nogueira votou a prol de Mário Soares na eleición do presidente do novo Parlamento europeu, que finalmente recaiu na centrista francesa Nicole Fontaine. Finalmente, o deputado do BNG incorporouse ao grupo dos Verdes-Alianza Libre Europea, formado por 47 persoas e no que ademais de ecoloxistas tamén están integrados os nacionalistas bascos, cataláns, escoceses, galeses flamengos e galegos, que conforman un subgrupo. Por outra banda, o eurodeputado galego do Partido Popular, Daniel Varela, poderia ser eleito presidente da Comisión de Pesca do Parlamento de Estrasburgo.♦

Dous cargueiros nucleares navegan cara ao Xapón

Os buques Pacific Teal e Pacific Pintail, ambos cargados de plutónio, sairon esta semana da Franza e do Reino Unido, respectivamente, cara ao Xapón. O material nuclear que transportan estas embarcións foi tratado en Europa e o seu perigo é extremadamente alto, tanto se os navios fosen vítimas dun naufráxio, tanto se algunha organización terrorista rouba o material, co que se poden construir até sesenta bombas atómicas. A organización pacifista Greenpeace advertiu de que a ruta que van seguir ambos os dous buques é secreta, pero que a escollida polos navios percorrerá as costas daqueles Estados que non teñan manifestado a sua repulsa ante este tipo de transporte.♦

Israel aceita a independéncia do Estado palestino

O novo primeiro ministro de Israel, o laborista Ehud Barak, abriu a porta á constitución dun Estado palestino independiente. Esta posibilidade emárcase na tentativa de Israel acadar unha paz estábel cos seus estados viciños. Un dos pontos desta iniciativa dase coa posibilidade de devolución a Síria dos Altos do Golán, ocupads militarmente por Israel e que volverian aos seus lexítimos proprietários a cámbio dun acordo sobre acuíferos e seguridade. Porén, Barak nega a posibilidade de retornar os palestinos exilados á beira esquerda do rio Xordán e á partición de Xerusalem, cidade que reclaman xudeus e palestinos como própria.♦

Segundo un galego que acompañou a unha família de repatriados

O ACNUR trata os refuxiados albaneses 'como se fosen animais'

CÉSAR LORENZO GIL

O galego Leopoldo Álvarez é unha testemuña directa de cómo se está desenvolvendo o regreso dos albaneses a Kosovo. Este viciño da Guarda viaxou a Albánia cun camión cheo de xoguetes para os rapaces dun campo de *Cáritas* e *Cruz Vermella* perto do porto albanés de Durres e ali se fixo cargo da repatriación dunha família, como parte dunha misión de *Cáritas* que tiña por obxectivo recadar información sobre as condicións da volta e das aldeas ás que viaxaban. Grazas á sua experiéncia, podemos saber como se fixo este traslado e os graves problemas cos que tiveron que lidar as verdadeiras vítimas do conflito.

O Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) non fixo nada por remediar a situación que se estaba criando en Albánia logo do anúncio da retirada do Exército lugoslavo do Kósovo. Menos dunha semana despois do alto o fogo, os campos de refuxiados deste país ficaron case desertos e as reas de famílias, montadas no seu tractor, ateigaron as estradas en dirección a Kósovo. Mais cs que non tiñan absolutamente nada ficaron á espera do ACNUR, que só tivo fondos para fletar un tren case inservíbel, tirado dun desguace. Este convoi, con 1.500 persoas a bordo, non recebeu máis alimentos que unhas pastillas enerxéticas e uns paquetes "doados polo pobo dos Estados Unidos" que contiñan froitos secos, flocos de millo e un guiso de lentellas que precisaba a imposíbel auga quente. Nen sequera auga se repartiu e tivo que ser a xente do tren, coas suas repetidas peticións, a que provocou que os funcionários do ACNUR mercasen refrescos dunha cantina da estación.

O convoi acabou o seu traxecto na cidade de Shkodra, ao norte de Albánia, onde o ACNUR tiña dous campamentos moi miserábeis. Nesta cidade, os retornados sofreron a embestida dun vendaval de saraiba que asolagou un dos campos. Os dirixentes do ACNUR impediron unha solución a este problema e ordenaron, apoiados nas forzas de pacificación italianas, que os refuxiados durmisen no meio das pozas de lama, ainda que finalmente permitiuse que se establecesen noutro campo, dentro dun pavillón, que estaba reservado para outro continxente, que non ia chegar aquela mesma noite.

> 'Os funcionários do ACNUR tiñan un todoterreo do trinque para cada un, mentres os pais deitaban os fillos enriba do seu peito para que non durmisen na lama"

Leopoldo Álvarez conta como o director do campo de refuxiados, de nacionalidade danesa, se paseaba polos barracóns dos funcionários, sen lles prestar atención aos refuxiados, tratándoos como se fosen animais, esquecendo as suas necesidades no nome da teoria aprendida nas clases de ACNUR en Nova York ou San Francisco. Para Álvarez, a actitude dos responsábeis enviados pola ONU roza o ridículo. "Cada director de campo cobra un millón de pesetas ao mes. Os funcionários teñen un todoterreo do trinque que só usa unha persoa e dediante dos seus fuciños, os pais deitan os fillos enriba do seu peito para que non peguen o seu corpo á lama do chan", afirmou. Para Álvarez, os albaneses foron tratados pola ONU como persoas de segunda categoria e moitas veces falaban neles como se fosen reses de gando. "Estou seguro de que Occidente non permitiria que cidadáns suecos ou suízos fosen tratados así. Os refuxiados, moitas veces, eran tratados como bestas, como números que computar nos despachos dos altos cargos do ACNUR"

Ánsia e rábia por volver á casa

Ao dia seguinte, o ACNUR anunciou que só se conseguira reunir a 10 autobuses, polo que case que 1.000 persoas tiveron que esperar a que estes volvesen de Pristina, capital do Kósovo. A expedición constaba dos autobuses, de camións de transporte dos enseres dos refuxiados e doutros camións do Exército italiano, encargado da escolta. A primeira etapa ia de Shkodra até Kukes, cunha soa parada en 12 horas de camiño, o campo de abestecemento da organziación humanitária británica *Care*, que só ofreceu un ovo cocido, un anaco de pan reseso e unha lata de fabada para cada 10 persoas.

Unha vez no campo do ACNUR en Kukes, non se permitiu a descarga dos camións e os refuxiados tiveron que volver durmir no bulleiro do chan e a expedición de Shkadra tivo que convivir cos outros moitos albaneses do Kósovo que retornaban pola sua conta e que precisaban descansar nalgun sítio. Uns e outros erguéronse ao dia seguinte totalmente enlarafuzados pero ansiosos por retomar o camiño.

Logo dun difícil camiño atravesando paisaxes desoladas pola guerra, o convoi arriva a Pristina, onde os 500 albaneses, que na sua meirande parte, non eran propriamente da capital, ficaron abandonados á sua sorte, sen alimentos nen diñeiro. A família coa que viaxaba Leopoldo Álvarez puido chegar á sua aldea natal, Kastriot, grácias ao dono dunha furgoneta, que os levou até ali por 100 dólares. O traxecto faise duro. A furgoneta bate de fronte cun control do Exército canadense e mais con outro da guerrilla albano-kosovar, a UÇK, única orde que existia nesta zona até a chegada dos soldados franceses.

A chegada a Kastriot sumiu a família nunha emoción moi fonda, polo reencontro coa sua aldea, arrasada, cando comezaron os bombardeos da OTAN, pola policia sérbia. Kastriot, segundo Álvarez, fora unha aldeíña próspera, chea de casas novas, construídas co esforzo dos emigrantes albaneses en Alemaña, Franza e Itália, onde cada família posuia un rabaño de dez vacas e un pequeno motocultor. Hoxe non queda nada alén dos sotos e dos poucos cans que lograron acocharse. A aldea está permanente vixiada pola UÇK, que recrutou a moitos dos seus integrantes entre os homes de Kastriot xa antes da intervención estadounidense e que viron desde os outeiros próximos como o Exército iugoslavo, apoiado por mercenários procedentes de Montenegro e Rúsia, queimaba as casas con bombas incendiárias e as facia estourar con obuses.

Apesar desta paisaxe, Álvarez afirma que as famílias retornadas volven sorrir e esperan, nunhas condicións extremas, sen electricidade nen teito, a axuda humanitária internacional, que espera poder colocar casas prefabricadas ainda para o outono. "Os habitantes de Kastriot non entenden de política", declara Álvarez, "eles nen saben qué se asinou cando lles dixeron que podian voltar. Só saben que vivian tranquilos nas suas boas casas e que agora, seis meses despois, durmen en ruínas". ♦

Tren de refuxiados (arriba) e Leopoldo Álvarez coa família que acompañou desde Albánia á sua aldea de Kosovo.

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J.M. Aznar

***¿Hay** vida inteligente en el rock-and-roll?*, obra escrita polo cantante de Siniestro Total, Julián Hernández, foi portada de *El País de las tentaciones* e de *La Esfera*, suplemento de *El Mundo*. A repercusión, segundo a editorial, foi "tremenda, vendimos 5.500 exemplares". Está ben coñecer estas cifras e estes comentários, así as editoriais galegas non se sentirán tan **pequenas**. Aquí hai cifras de tiradas equivalentes ou máis grandes e ninguén presume.

O problema está en que os méios de comunicación de Madrid apoian os seus libros e os galegos apenas. Segundo o filósofo de moda, José Antonio Marina, existe "unha servidume duns meios a respeito doutros: cando algo

CANTINA MEXICANA

RUA MARTIN CODAX
VIGO

Ramón Pinheiro Beiro, "Tupa", na memória

Aquele camarada do Partido dizia que quando se luita de forma verdadeira na defesa dos oprimidos todos os actos humanos, incluso os que aparentemente som máis negativos, tomam um novo valor quando estám ao serviço da Cáusa Revolucionária. Dizia, que um Revolucionário nom debia sentir pudor nem rexeitar os seus sentimentos ao mentir, despreçar, actuar de forma violenta ou odiar aos opressores. Que um Povo oprimido, nom poderia libertar-se da opresom sem mentir, sem sentir um profundo despreço ódio deica os opresores, porque para un Revolucionário esses sentimentos e conducatas nunca representan nengumha reacçom individual ante nemgum tipo de opressom pessoal, senom ferramentas de luita contra todas as formas de opressom colonial-imperialistas e fascistas.

O próximo 14 de Dezembro, farám onze anos que assim me falava este camarada, que, desde o passado dia vintesete de Julho, saeu mar adiante do cais de Lira com rumo desconhecido. As suas palavras ficarám gravadas na minha memória para sempre si nom é que a demência as esnaquiça. E ninguem com mais peso para decilas. Porque para ele nada era máis contrário á dignidade humana que mentir, desconfiar, ser violento e odiar. Tanto é assim que ainda que sofreu com ninguém a repressom, a exploraçom e a tortura, e que lhe sobravam as raçons para odiar aos torturadores, estou certo de que o ódio foi para ele um sentimento que nunca chegou a sentir por ninguém, nem sequera deica os opressores.

Quando atopei-no na Senra, aos poucos días de sair do cárcere de Jaén, contou-me que ía a recolher umhas gafas, pois depois de sair do cárcere deuse de conta que nom olhava bem e que, (contrariamente ao que lhe acontecia na cadea), non queria perder nem um detalhe da vida em liberdade. Ainda lembro a sua expressom de imensa alegria quando probou as novas gafas: "...Moncho..., com éstas vexo como Diós". Quería escrever a sua história, a história da súa luita, que era, (nom podia ser doutra forma), a de todos os homes e mulheres Revolucionários/as, e para isso debia vêr bem cada letra, cada número pôr bem os pontos sobre os ies. Conhecendo ao meu amigo, podo acreditar que nom rematará de escrever a sua história até o dia que o barco no que navega chegue ao seu destino.

Explorado até a médula na estiba do cais da Corunha, aló polo ano 87, muitas noites as contas das horas trabalhadas sem cobrar, dos turnos de madrugada que passava descarregando faros, esquelético, cheio de maniotas, sem apenas comer nem dormir, e ainda tinha forças para estar ao frente das luitas no sindicato, com o rorriso nos beiços

Daniel

ESCEAS DE VERÁN
FRAGA CON TRAXE DE CAMUFLAXE DESPOIS DE ABATIR UN CORZO NA SERRA DOS ANCARES E ANTES DE ENVIARSE UNHA OPÍPARA CEA.

e a moral semre a tope. Nunca mirei-no queixar de sim mesmo. A sua preocupaçom nunca era a precariedade na que vivia, senom a dos companheiros, cómo organiçar a luita sindical, como denunciar e acabar com os exploradores, como mobiliçar-se.

Nom sei quantas veces escoiteino dizer que a política nom ia com ele, porque, para ele, a "política" era sinónimo da reproduçom da mentira, nem sequera no Partido estava a gosto quando, (por "política"), tinhamos que entrar polo aro de ir ou estar com "estes", "esses" ou "aqueles". Aquelo nunca o entendeu meu amigo e camarada.

A sua negativa a ingressar no hospital era porque intuía que lhe impediría estar na manifestaçom independentista do Día da Pátria

Tiverom que atopálo deitado nas escaeiras da sua morada, quase inconsciente, para que aceitara ingressar no hospital. Dias antes, quando apenas podia manter-se em pé, negava-se a ir aos médicos, estou certo que pensando: "...perdonade-me pelo muito que vos estou a molestar", igual que Joseba Arregui falava á sua familia nas últimas horas de vida, pouco despois de ser mortalmente torturado. Também estou convencido de que a sua negativa a ingressar no hospital era porque intuía que isso lhe impediría estar na manifestaçom independentista do Día da Pátria.

Enterei-me que levava nove días na Unidade de Cuidados Críticos do Hospital de Conxo, quando já todas as suas funçons vitais fracasavam, no seu, (máis cada vez), debilitado organismo. A sua derradeira guerra, (suja e desigual como nengumha), tinha lugar no fundo da UCI, contra umha das máis assassinhas, traidoras e oportunistas das bactérias. Burlando os radares do inimigo, aproveitei um momento no que sairom as enfermeiras, para cantar com ele, utiliçando as "ondas telepáticas do Povo", o Hino da Pátria e a Internacional, ainda que sabía que tampouco isto despertaría a Tupa do seu derradeiro sono.

Quando o passado dia trinta e um de Julho, ás seis e meia da tarde, sob da bandeira da Pátria, as cinças revolucionárias do camarada Tupa misturabam-se, nunha amalgama indes-tru-ti-vel, com as flores, nas limpas águas do mar de Lira, e quando ainda rebumbiavam no sangue dos miolos dos amigos e camaradas presentes, os versos de Avilés, Rafa Vilhar e do anónimo poeta do Povo do Batalhom Literário da Costa da Morte, vinherom á minha memória, mais umha vez, as inesquecíveis verbas do nosso i-mortal Castelao no mitim de Vila García de aquele do dez de Novembro de 1935: "Na Extremadura tinha que olhar sempre para o ceo. Na Galiza, sempre miro para o cham. Quero tanto a Galiza que si, ao morrer, tenho que voar tan alto que alonxando-me Dela nom a vira, preferiria renunciar á eternidade e convertirme em herba, pataca ou calquer outro produto da Galiza, debaixo dumha laxe".

Tupa, o nosso camarada Tupa sem chegar a dezí-lo também pensava assim.♦

RAMOM MUNTXARAZ

Accent e Rivas

Nunha revista titulada *Accent*, editada en Madrid e escrita en inglés como acompañamento da aprendizaxe do idioma, aparece no seu 2º número un artigo sobre Manuel Rivas; a súa última novela e a súa obra en xeral. O artigo explica dun modo claro e verídico o argumento de *O lapis do carpinteiro*. En todo momento cítase o título do libro en castelán. Alúdese a outras das súas obras tamén co título traducido ao español e incluso aparece unha foto da portada da versión castelá do libro. Non se aclara en ningún momento que se trata dunha tradución cos orixinais escritos en língua galega. Tampouco se fala da condición galega do escritor.

Non se aclara en ningún momento que se trata dunha tradución cos orixinais escritos en língua galega

Xa que demostran saber moi pouco de literatura, véxome na obriga de informalos de que as obras de Manuel Rivas están traducidas a outros moitos idiomas ademáis do español.

E dame pena que unha revista aparentemente progresista e de ton xuvenil poida enganar á xente de boa fe cometendo ese tipo de erros propios de seres primitivos.♦

ORIANA MÉNDEZ FUENTES
(VIGO)

Tergiversaçom do independentismo em *A Nosa Terra*

Sou um leitor de *A Nosa Terra*, leio tal periódico desde há aproximadamente catro anos. Se bem é certo que tenho lido notícias verazes, assim como outras das que nom podo falar por desconhecimento, tenho que denunciar a tergiversaçom de novas que eu conheço polo miude. Quando nom som omitidas, as novas sobre o independentismo som manipuladas, redigidas de jeito trapalheiro e apresentadas de modo subjectivo e interessado. Podería citar aqui diversas imprecisões que a longo destes catro anos tenho lido, mas vou referir-me a umha concreta, a última nova com referente independentista aparecida no periódico (nº 893, pag. 4) "Os independentistas fan 'unha chamada radical a retomar o proxecto de liberación nacional e social' ". Após fazer umha leitura devagar da nova (e por suposto, de presenciar os factos) há que dizer que a nova esta cheia de imprecisões, nela acha-se falta de profissionalidade e más intenções, assim como atitude omissora. Já no 1º parágrafo achamos os dous primeiros "erros" ... seiscentas persoas acudiran..., amosando fotos dos 11 presos independentistas.

O 1º destes "erros" é produto da teima manipuladora, no que o independentismo diz respeito, de *A Nosa Terra*. O segundo, penso eu, é produto da falta de profissionalidade. Semelha amolar-lhes o facto de terem que escrever que fomos mais dum milheiro as pessoas que marchamos na manife da esquerda independentista. Por outro lado, eram 9 e nom 11 as fotos dos/as independentistas presos/as.

No 2º parágrafo achamos outras imprecisões, chama muito a atençom a 1ª delas '... que no Dia da Pátria convocan de xeito unitário as organizacións independentistas'. Utilizam o verbo convocar em tempo que denota continuidade, de atrás par adiante, estabelecida, quando um dos aspectos mais sobranceiros e importantes desta convocátoria foi que depois de dez anos todas as forças políticas do independentismo galego, por fim, elaboraram e assinaram un manifesto cojunto e celebraram acto conjunto em 25 de Julho. Pretendem silenciar com esse troco de tempo verbal que se produza um facto importantíssimo, extraordinário, o independentismo avança cara a reorga-

nizaçom política e social. A 2ª das imprecisões deste 2º parágrafo tem menor relevância, sugire mais falta de profissionalidade e "chafalhada", além de falta de respeito 1...os dirixentes Miguel Garcia (AMI) Manuel Abalo (FPG) e Carlos Morais (PL). Pois nem o representante da FPG se chama Manuel, senom Mariano, nem Miguel Garcia é dirigente da AMI, já que dito termo nom existe na idiossincrasia da AMI (mas é Porta-voz Nacional).

No 3º parágrafo, dedicado ás consignas, esrevem 'fora as forzas de ocupación', 'policia asasina', 'amnistia total', liberdade patriotas galegos'... que por suposto foram reclamadas mas esquecem as consignas de reivindicaçom laboral, de defesa da terra e da cultura, antipatriarcais.., que foram clamadas firmemente. Isto nom supõe mais do que outra tergiversaçom encaminhada a distorcer a ampla mensagem e consciência do movimento independentista. O quarto parágrafo começa dizendo 'o acto rematou coa queima da bandeira española' e continua '... na praza interviron os representantes das tres organizacións', 'Chus Pato deu leitura a un comunicado asinado polos presos'.

A informaçom foi escassa e pouco fidedigna

1º O acto rematou com a interpretaçom do Hino Nacional e o Toral com o punho ergueito. É verdade que no descurso deste encerramento de acto uns/umhas companheiros/as queimaram um sinal de opressom colectivo, ilustraram daquele jeito o sentimento da gente no Toral.

2º Na praça é-che bem certo que interviram o Miguel Garcia, o Mariano Abalo mais o Carlos Morais mas *A Nosa Terra* nom reproduz nem duas sílabas do que estes companheiros disseram. Totalmente silenciado.

3º Chus Pato leu un comunicado assinado polos/as presos/as, comunicado muito importante, mas tambem leu comunicados de apoio de diferentes organizações internacionais como HB, Maulets, FARC-EO, Azarug, etc. mas isto dos apoios nom lhes interessou pô-lo visto. Todo o parágrafo em conjunto supõe um encaixamento (por parte de *A Nosa Terra*) do independentismo no estereótipo da queima da bandeira e dos/as presos/as, omitindo quase na sua totalidade a mensagem, o carácter e a praxe independentistas (sem querer eludir em nengum momento factos tam legítimos e necessários como som a queima de bandeiras (com facto propagandístico) e os comunicados das/os presos/as.

No 5º e último parágrafo 'Lupe Ces deu a coñecer o documento assinado polas organizaçons convocantes. Entre outros aspectos...' nomea por riba e brevemente o que mais lhe interessa, perda de galego-falantes, regista a pobreza mais extrema do Estado, PP e PSOE correias de transmissom do capital forâneo,... Mas omite a denúncia que se faz no documento das condições de trabalho e vida das classes populares, da exploraçom capitalista, das ETT's... Omite a denúncia contra dos meios de comunicaçom públicos e privados. Omite a denúncia da tripla opressom sofrida polas mulheres trabalhadoras galegas. Omite a denúncia da subtil ditadura do pensamento único, que proclama a inviabilidade de projectos emancipadores, etc.

Gonzalo

A foto que acompanha o escrito nom tem estrago, tomada quando sai a mani e desde umha posiçom na que apenas aparecem umha dúzia de pessoas, no pé da foto desvencelhan o Mendez Ferrin da FPG. Se a informaçom sobre a convocatória da esquerda independentista em *A Nosa Terra* foi tam escassa e pouco fidedigna, há que dizer que passaram por alto o Jantar Popular qu ese celebrou depois do acto político, assim como a rondalha da noite da mocidade com a bandeira organizada pola AMI e o concerto na sala *Nasa* de Compostela organizado por Sons de Luita e AMI, ests dous últimos actos realizaram-se em 24 de Julho.

É magoento que o periódico semanal galego seja de semelhante praxe que qualquer outro jornal espanholeiro na questom da esquerda independentista galega. Por suposto, deixo de comprar o periódico desde já.♦

ÓSCAR GOMES CRESPO
(VIGO)

CLÁUDIO LÓPEZ GARRIDO

Pragmatismo

Um cínico é um indivíduo que sabe o preço de todo e o valor de nada.
Oscar Wilde

O sucesso eleitoral nom logra ocultar as derrotas. Os nacionalistas baleares pactarom com o PSOE; mas prometerom a Constituiçom "por imperativo legal". Aquí nom o fai nem o expulsado Bautista Álvarez. Apoia-se a extradiçom de Pinochet; mas a retirada da estatua equestre de Franco precisa da aquiêscencia dos fascistas "para evitar a controvérsia". No Estado laico o alcalde aconfessional de Vigo preside a processom do Cristo e a manifestaçom do 25 de Julho concilia-se com a presença na oferenda oficial ao Apóstolo.

O carácter frentista é umha excelente coartada que permite a coexistência de actitudes tam distintas como a de Miguel Lores e a de Lois Castrillo, quando quem marca o passo é o patético sócio municipal. Mas a pervivência dumha alternativa política que pretenda transformar a realidade nom pode basear-se no gregarismo, senom na sua capacidade didáctica para converter a alienaçom e a pasividade social em consciência militante.

A eficácia do oportunismo é duvidosa. Para a direita, um alcalde *"rojo y separatista"* é, potencialmente, um incendiário de conventos e violador de monjas que disfruta pisando hostias consagradas, e a sua presença numha processom é umha burla. Para a esquerda, a forma em que se alcança o poder predetermina a maneira em que se vai exercer e, portanto, nom se pode atingir a qualquer preço. Mas os votos nom estám aí, senom nessa disputada e desmemoriada nebulosa que chamam Centro. Assí que, para evitar o afundimento do projecto por umha nimiedade e nom parecer um caradura, é preferível apurar as fezes do cáliz e declarar-se católico e devoto do santo patrom, colgar o frac e o bastom, ir descalço como penitente e criticar duramente à corporaçom por impor a sua presença laica e ignominiosa num oficio religioso. Já postos... ♦

Na defensa do laicismo

Non recurrir ao proselitismo e evitar o adoctrinamento dos nenos. Tal é a mentalidade que informa aos diversos grupos de cristiáns de base seguidores da chamada Teoloxia da Liberazón espallados polo mundo. Por iso, soen atopar bastantes atrancos co aparello da xerarquia eclesiástica e a total oposición do Vaticano; Leonardo Boff, Oscar Romero (asasinado), etc., son exemplos disto. Estes colectivos cristiáns celebran as súas litúrxias, romarias, etc., ás veces á marxe da xerarquia eclesiástica do seu país que desaconsella tales práticas. Son craramente concienciados de que a fé (e a fé católica en particular) é unha opción persoal, e de que non precisan dos Estados para desenvolver o seu traballo; son pois firmes impulsores da aconfesionalidade dos mesmos, da nídia separazón da Igrexa do Estado. Son defensores dunha Igrexa dos pobres, afastada dos poderosos e das riquezas e propriedades.

Qué nos atopamos no noso país? Pola nosa dependéncia é aplicábel a lexislazón española na matéria, que se ben consagra constitucionalmente a aconfesionalidade do Estado, despóis na práctica isto non se materializa. Así, o Chefe do Estado Español (como tal e non a título particular) participa nunha cirimónia político-relixiosa xunto a representantes autonómicos e municipais e autoridades eclesiásticas e militares (oferenda ao Apóstolo Matamouros, patrón de España) con grande boato e cobertura mediática. Tamén, Corporacións municipais asisten como tales a procesións relixiosas, confundindo así o político co relixioso. Danse clases de relixión (proselitismo) na escola e centros de ensino públicos (non abonda coa catequese). Por non falar do "equitativo" sistema de financiación da Igrexa Católica (pagámola todos).

Os cristiáns progresistas deben presionar á Igrexa Católica para que abandoe estas prebendas e favoritismos

Ista situazón esixe xa unha resposta por parte dos cristiáns progresistas que deben presionar á Igrexa Católica para que abandoe estas prebendas e favoritismos, e por parte dos cidadáns galegos no seu conxunto, instando aos poderes públicos a

aparece nun médio de prestíxio, hai outros, chamémolos ***submédios***, que os seguen. Así que hai médios matrices e médios parásitos. E a consecuéncia e un xogo de falsos prexuizos". Pois xa ven o *Faro* e a *Voz*, que tanto miran para Madrid, como lle chaman alá: submédios e parásitos. Deberian poñerse a pensar.

Está claro que á esquerda lle faltan reflexos. Solana en Bueu e ninguén lle montou unha manifestación. Por certo que o pacifista que mandou bombardear un país europeo, por primeira vez desde 1945, foi destituido do cargo baixo un mantón de siléncio. Acabará de **tertuliano** da Cope.

Agora si que vai haber unha decisión sobre Pinochet. A ministra de Exteriores norteamericana, Madalaine Albraight, xa anunciou que tomaban cartas no asunto. Díxoo no tono dunha **nai** que intervén para dirimir unha liorta entre os seus fillos pequenos.

Cúmprense 25 anos do Watergate, escándalo que obrigou á retirada de Nixon. Todos os norteamericanos souberon que o seu presidente mentia, amenazaba, sobornaba aos seus contrincantes, tiña negócios ilegais e un perfil máis semellante ao de Al Capone que ao de Abraham Lincoln. Durante uns poucos anos non se falou moito del. Pero ben

logo comezou a rexurdir, convertiuse de novo en asesor do governo. Foi abríndose paso na prensa. Erixiuse en *gurú*, todo o mundo comezou a recoñecer a sua "indubidábel experiéncia". Oliver Stone fíxoo sobre el unha película, pero a crítica dixo que o poñia demasiado mal. Richard Nixon foi o xenocida de Vietnam, con el chegou a guerra química e miles de soldados comezaron a consumir drogas para aturar o inferno. Despois volveron a Estados Unidos co vício e extendéronо polo mundo. En fin, Nixon, a **história** de médio século.

Ceuta e Melilla. O PSOE é incapaz de facer unha lista incomprábel. Cando reconduciran o de Melilla venlle unha de Ceuta, pásaselle ao GIL e móntalle unha moción de censura. As duas antigas prazas africanas queren rango autónomo de primeiro orde. Agora que morreu Hassan era bon momento para pasarlle a administración a **Marrocos**, antes de que Gil, esa espécie de novo Xeneral Silvestre, monte outra guerra.

O ministro Raxoi en Santiago, presenciando o Celta-Madrid: "O Madrid é de todos os españois e o Celta de todos os galegos". Que quixo dicer? Que como os galegos somos españois todo celtista debe ser tamén **madridista**? Por certo que, por primeira vez, pronunciou unha frase de 25 palabras en galego. Histórico!♦

poñer en prática unha estrita neutralidade nas súas relacións coas distintas confesións relixiosas. Como corresponde a un Estado laico señor Víctorino Pérez.♦

F. MOSQUERA NOGUEIRA
(MADRID)

Igrexa e política

Vista a polémica que está a espertar a participación, en calidade de tal, dalgún cargo político do BNG en actos da Igrexa Católica, gostariame sumerme ao debate cunhas reflexións.

Vaia por diante que son persoa atea, que respeita as crenzas individuais pero rexeita a intromisión relixiosa na toma de decisións políticas.

Nun sistema democrático, e este cos seus defectos aspira a selo, búscanse as solucións por medio do raciocínio. Isto vai unido co recoñecemento de que na sociedade hai pluralidade de opinión e que nós podemos estar equivocados. Pola contra, as relixións están en posesión da verdade absoluta e quen non aceitan os seus dogmas están errados. Non son equiparábeis razón e fe, porque, na primeira, argumentamos lóxicamente e, na segunda, facemos caso das nosas crenzas e fantasias.

Por iso, cando un membro dunha institución pública está, en calidade de tal, nun acto relixioso caben duas interpretacións:

Non hai separación entre o Estado e esa Igrexa

a) Non hai separación entre o Estado e esa Igrexa. Polo tanto, discriminase ás persoas que non pertenzan a esa confesión, e quizá, se perxudique ao conxunto da sociedade por retrasar a adopción de solucións reais aos problemas.

b) Que ese responsábel municipal, provincial, autonómico, estatal ou europeo participe nun acto sen crer nel. Enton ese representante da soberania popular terá un comportamento falto de sinceridade.

Ao mellor a actitude do apartado b) é correcta porque evitan críticas que nos restarían votos. Pero daquela nunca nos libramos do lastre da situación descrita no apartado a).

Insisto que todo o anterior é referido á vida pública. No ámbito privado, participa nun acto no que non se cre, non é un comportamento cínico, porque as nosas famílias e amigas probabelmente xa coñezan a nosa postura. Aí si que é un exemplo de mente alerta e de confraternidade diante das alegrias e das penas.♦

ANTONIO RIVERA GARCIA
(CABANAS)

O control do usuário en Internet

Se lemos un pouco sabre a história da Internet, atopámonos con que a súa orixe foi científica, sendo orientada posteriormente cara fins estratéxicos militares por parte do Departamento de Defensa estadounidense a través do proxecto Arpanet (verdadeiro embrión da Internet). O uso de Arpanet nos seus primeiros anos estivo restrinxido a usuários militares e científicos relacionados coa investigación armamentística. Arpa (siglas un tanto melódicas) transformouse en Darpa, inicial de Defensa. Posteriormente faise unha separación, a parte militar (Milnet) e a de uso civil (Arpanet). Evolucionando esta última hasta hoxe co nome de Internet.

Todo o que fagamos ou deixemos de facer na rede, non ten privacidade.

Na rede facemos cousas tales como enviar correo electrónico, navegamos polos distintos Web, baixamos aplicacións, conversamos nun *chat*, etc... Através de todas estas actividades, os servidores obteñen datos para así poder facer a transferéncia da información entre as computadoras que os comparten.

A mesmo orixen da Internet e seus protocolos de comunicación así o esixen, para existir a comunicación entre duas computadoras, ambas deben coñocer as súas respeitivas direcións IP (na nosa configuración de acceso a rede temos que asignar una dirección IP a nosa computadora, exemplo: 199.156.322.135). Cando accedemos a un servidor, este debe coñecer a dirección IP da nosa computadora, e a nosa computadora a dirección IP do servidor.

Neste sistema é no que se basa a mercadotécnia para coñecer de forma automática aos visitantes dunha páxina WEB e identificar os seus hábitos e gostos en canto a páxinas que visita. A recoleción dos datos que temos no historial do noso navegador de usuário faise a través dos famosos *cookies* ou galletas que os colocou na nosa línea. Comenzan a surxir sítios na rede que permiten navegar ao usuário sen ser identificado, aínda que eu penso que na informática todo ten unha porta de entrada e outra de saída.

Todo o que fagamos ou deixemos de facer na rede, non ten privacidade

Unha famosa casa fabricante de microprocesadores, acaba de poñer no mercado un procesador novo, que ademais de todas as melloras que oferece sobre os máis antigos, posue a capacidade de poder ser identificado na rede. Dá a impresión de que o gran polvo comenza a definir os seus tentáculos. Fálannos de evitar fraudes cibernéticos e aumentar a seguridade, pero deixan a un lado a privacidade dos internautas.

Como pasa con todo, a rede tamén ten a súa parte positiva. Tendo un ordenador, modem e línea telefónica, un pode estudar unha carreira incluso atopándose no médio do deserto, poderia aplicarse a rede para que os emigrantes podan ter comunicación visual coa sua família e incluso esta comunicación visual poderia establecerse nos barcos onde tantos meses pasan os que están embarcados.♦

J.V.B.
(CANARIAS)

Xulio

Unha morte anunciada para a pesca deportiva

Como decia un coñecido escritor iberoamericano, o da pesca deportiva ou de recreo era unha "morte anunciada", a xulgar polo Decreto Z11/1/1999 publicado recentemente no D.O.G. por parte da Conselleria de Pesca e polo cal, segundo a súa exposición de motivos, pretende "facilitar a pesca recreativa, pola necesidade de incidir na conservación dos recursos pesqueiros...". O descoñecemento dos próprios técnicos e mandos da Conselleria de Pesca é evidente cando se pon por diante a preservación dos recursos e logo se dí que só se pode utilizar o arte do sedal ou o aparello de anzois, de aí que a pesca selectiva e racional é evidente e nunca poden atentar contra a esquilmación dos recursos pesqueiros.

As reformas con respeito o anterior Decreto do ano 1993 son claras, pois proíbese tácitamente a pesca do polbo e limítanase as capturas a uns cinco quilos por licéncia e dia, sen esquecernos de que, en referéncia ao horário e días habiles de pesca, quedan pendentes de establecelos nunha próxima regulamentación, co cal temo que poidan limitarse os días para faenar, limitándoos aos fins de semána ou festivos exclusivamente. O Decreto entrará en vigor un mes despois da súa publicación co cal agora todo depende das movilizacións e xestións burocráticas que faga o próprio sector en toda Galiza para facer ver a Conselleria de Pesca da sua metedura de pata, do contrário, unha vez máis a "guerra" pode chegar ás nosas rías e será responsabilidade da própria Conselleria de Pesca por non contar coa numerosa xente que na actualidade se adica a pesca deportiva ou da septima lista no noso país.♦

Os problemas que surxan serán culpa da Conselleria por non contar coa xente que se adica a pesca deportiva

XOSÉ MANUEL PENA
(RIVEIRA)

Suso Sanmartin

Quim Monzó

"Non coñezo nengun escritor que diga que pensa no leitor"

CELES PIEDRABUENA

Considerado un dos mellores escritores actuais en catalán, Quin Monzó (Barcelona, 1952) ven de publicar unha antoloxia dos seus mellores relatos publicados desde 1978. *Vuitenta-sis contes* representa o mellor Monzó e permite entender a evolución estilística do autor e apreciar os seus temas máis reiterados.

Que diferéncias atopará o leitor entre o primeiro Monzó e o de agora, todos dentro desta obra antolóxica?

Hai obsesións que se van repetindo cos anos. A obsesión pola frustración, polo desexo que nunca será satisfeito, iso perdura ao longo do tempo. Ao princípio habia moitos contos do doble, do indivíduo que se converte noutro e os dous volven ser un. Despois hai cousas como de labirinto, da imposibilidade de sair dunha situación estabelecida; de gañas de acabar con todo sen podelo facer porque estás atado de pés e mans.

Revisar todos os contos que escribiu foi máis difícil que escreber un libro novo?

É diferente. Cando escrebes un libro móvete unha paixón. Vas inflamado pola aposta que ti mesmo te fas e porque entras nun mundo que non sabes onde vai. Ás veces vas escribindo e moitos dos contos acaban na papeleira. Iso é moito máis activo. É ir polindo aquela coma, aquel adxectivo que non encaixa, alterando aquela frase atrapallada...

Vostede fala do abuso dos adxectivos polos escritores mozos. Por que esa debilidade?

Porque é moi fascinante. Observei a moitos escritores mozos, tamén clásicos, e ves como cambian de mozos a maiores.

Vostede é mellor escritor de contos ou de novelas?

Fago novela cando me gosta e contos cando me peta, pero a maior parte do tempo fago artigos de prensa. Coido que son tres xéneros literários dos moitos que hai. Non fago teatro, non fago poesia... xa me abonda con estes tres e ir alternándoos. Iso si, fago máis contos que novelas. En Cataluña sorprenden moito os meus contos porque hai moito costume de facer máis narración que contos.

Por que razón?

É que é moito máis fácil facer novelas que contos. Na narración non hai a tensión do conto; explicas unha história e rematas nun outro momento e xa está. Mais o conto é unha peza

delicada. Ten un comezo e un final clarísimos. Daquela iso vai sorprender. As novelas que eu fago non son substancialmente diferentes das que fan outros escritores cataláns e portanto non sorprenden.

Hai a crenza de que o conto é o primeiro paso para chegar a escreber unha novela?

Esa idea continua en moitos círculos. Hai escritores que consideran o conto unha sorte de adestramento para chegar á novela. Con esta perspectiva xa se ven os contos que fan. Consideran que a cantidade é superior á calidade.

Cando comeza a escreber sabe se vai facer un cont ou ou unha novela?

A maior parte do que escrebo remata na papeleira. Escrebo, escrebo e escrebo e publico moi pouco. Moitas cousas non me gostan. Antes gardábao nunhas carpetas e agora nun arquivo do ordenador.

> Seguro que hai libros caros, pero só o din aqueles aos que lle rebenta ler.

Independentemente de onde o garde, a sua obra resiste ben o paso do tempo.

A miña literatura e a de calquer escritor que se considere tal. Unha das posibilidades da literatura é aturar o paso do tempo, porque para que durase cinco anos non pagaria a pena. Pode ser que iso pase cos libros máis costumistas. Coido que estas histórias son pesimistas e desenganadas, faltas de fe. O paso do tempo o que fai é rebaixarlles a idade.

Cal seria o segredo dun bon conto?

Debe ter un final e un comezo. Un conto non ten porque ser sorprendente. O segredo non o coñezo porque senón faria cincuenta diários. Unha das sortes do libro de contos é precisamente que a peza é o conto. Podes ler un e pechar o libro sen máis. Ler un anaco e deixar outro para mañá.

Unha obsesión sua é dicer que os libros non son caros...

Seguro que hai libros caros, pero coido que hoxe hai libros de 140 páxinas por 2.100 pesetas. Non o enconto caro, é pouco prezo para un libro para o feito de lelo e relelo. Paréceme ridículo cando a xente paga 2.100 por un plato combinado con aceite refritido, un ovo mal frito e unha carne dura, e non din nada: calan e pagan. Só din que os libros son caros a xente á que lle rebenta ler.

Ou sexa que non le o que non quer?

Exactamente. E ademais sempre hai bibliotecas, onde ler é de balde.

Cantas horas adica á escritura.

Depende das épocas. Só teño horas fixas para facer prensa, que é a actividade literária que agora máis fago.

Como ve a saude da literatura catalana.

Está tan ben como calquera outra. Hai moita xente á que podes ler e se segues un pouco a literatura doutros paises verás que máis ou menos o tanto por cento de calidade e non calidade seméllanse e que temos unha média dignísima.

Mais sempre hai quen di que está mal?

Porque hai moito moderno. Ser autocrítico queda ben. Aparte que ás veces pode ser certo. Pero a literatura sempre vai millor, aqui e na Patagónia.

Pensa no leitor á hora de escreber?

Non, porque o leitor es ti mesmo. Cando escrebes dis o que vale e o que non: trocas, modificas, avanzas. Pero se ti, que es o primeiro leitor, non quedas satisfeito non hai nada que facer. Non topei nengun escritor que diga que pensa no leitor. Todos pensan en eles mesmos, porque son os primeiros leitores. O leitor conecta contigo en determinadas circunstáncias e segundo en que momentos. Pero si non estás satisfeito non podes pensar no leitor. ♦

EL TEMPS

Monólogo do corzo

LOIS DIÉGUEZ

Na foto do xornal ve-se un grupo de homes con amplo sorriso, rodeando a outro máis vello que parece unha miga dormido. É o presidente. Baixo el, tirado no chan, xace inerte un corzo noviño de ollos doces nos que ainda se reflecten as cores do bosque. O home máis vello tenlle a cabeza agarrada e turra dela para que o animaliño pareza vivo. El ergueu-se cedo, ás cinco, e despois –din os cronistas– andou monte até que "cobrou unha boa peza de corzo de 34 quilos". Non debe ser doado topar cun animaliño asi' tan novo, mirá-lo nos ollos e, friamente, disparar-lle. Pero ao mellor, dada a idade do presidente, colocaron-llo diante para que el, simplesmente, disparase. A sua vista non pode ser boa. Din que cando vai de inauguracións, que é un dia si e outro tamén, saúda a toda a xente que se lle pon por diante, e unha vez até saudou a muller crendo que era unha expontánea que o aclamaba, outra un maniquin que o comerciante puxera na beira-rua por onde pasaban. Isto quere dicer que o presidente non ten boa vista, e a min, iso agradame sabé-lo porque asi podo buscarlle unha excua ao feito de lle disparar ao corzo. Se só ve unha mancha borrosa...

Na outra foto, a do exterior do xornal, o presidente aparece vestido con mono de paracaidista ou lexionário, ese que se adorna de manchas verdes de distinto ton. Acaba de matar o corzo e pon-se a xogar a partida ao dominó vestido de guerreiro. Terá a escopeta anco do salón da hospedaria de montaña. Daquela retiro a inocéncia que lle apuxen con aquelas andrómenas da vista debilitada. Ao presidente vai-lle a marcha do vampiro, senón non poñeria o vestido de guerra, va que si? E non se poñeria tan campante a xogar ao dominó despois da proveitosa cazata. E agora lembro que perto del, perto do salón onde aparece retratado cos outros cazadores, hai unha vitrina cun impresionante exemplar de pita de monte disecado e unha carteliña na que se indica que tamén o matador foi o presidente, hai tempo xa, polos anos que servia ao ditador. Non o lembraba... Vaia cabeza que teño. Contaran-mo unha vez que andei de camiñata polos Ancares, sen escopeta, claro, que eu non amigo de matar. Pois daquela debian quedar catro ou cinco exemplares de urogalo, asi que a el se lle debe tamén a sua extinción. E pensando pola brava, o do corzo tamén pode ser unha premonición do que pode ocorrer con estes animaliños. E non o digo só pola matanza, senón pola outra afeizón do presidente de meter os eucaliptos até nos prados onde hai anos pacian as vacas, e inzar os montes con estrondosos muíños de vento, e asi, que van comer os animaliños?

Hai que ver o que lle dá a cabeza a un vendo estas duas fotos do xornal de hoxe. Un pon-se a pensar e pensar e mira ti a onde chega. Ao mellor é por iso polo que din que o pensar e mau e acaba por poñer a un enfermo. Mira que se eu estou enfermo... ♦

■ O *Intercéltico* de Moaña chega a sua 15ª edición

Os vindeiros 27 e 28 de Agosto celebrarase no concello de Moaña, no Morrazo, o XV *Festival Intercéltico*. O primeiro dia actuarán as finesas de *Värtinä*, que xa deixaron bo sabor de boca ao público galego nas suas anteriores visitas, e *Berrogüetto*, que está obtendo unha resposta masiva d epúblico nos seus concertos deste verán. No segundo dia o escenário ocuparano os gaiteiros *Cristina Pato* e *Xosé Manuel Budiño*. A entrada no concerto custará 500 pesetas. ♦

■ *Freixo Rock*, unha plataforma para os grupos pequenos

Este ano o concerto de grupos independentes Freixo rock adiántase a Agosto no canto de Setembro ou Outubro como en anos anteriores. Cambia a data pero non o espíritu. Asi, seguirá primando aos grupos pequenos a xeito de plataforma publicitária e a artistas do país. De feito, dos 25 grupos que van tocar nos tres dias de duración, 21 son galegos. O concerto celebrarase os dias 13, 14 e 15 de Agosto no bairro vigués de Valadares. Os cabezas de cartaz do Venres son *El Último Ke Zierre* e do Sábado *Skalariak* e os *Ráncios*. Xa o Domingo haberá un tempo para a festa folk antes de principiar a noite con *No Existe*.
A entrada é de 500 pesetas para pagar unhas rifas de adquisición obrigatória. A acampada custa outras 500 pesetas por dia e tenda. ♦

■ Maruxa Villanueva, homenaxeada en Chantada

Do 16 ao 21 e Agosto

P | R | E | S | E | N | T | A | C | I | Ó | N
EN
MONFORTE
DE
"VIAXE ÁS TERRAS ENCANTADAS DE LEMOS"
DE LOIS DIÉGUEZ

XOVES 19 DE AGOSTO, ÁS 20,30 HORAS,
NA CASA DA CULTURA

INTERVEÑEN
LOIS DIÉGUEZ
MANUEL MARIA
CESAREO SANCHEZ IGLESIAS

■ As novas músicas no *Revoltallo*

Principiou o dia 11 deste mes o 6º festival *Revoltallo de Música Emerxente* que durará ata o Domingo 15. Sen embargo o espectáculo comezou un dia antes, o Martes 10, co *IV Desfile Revoltallo de Moda*. Son seis dias con cadanseu estilo musical. O Mércores foi o turno das *Experiencias Sonoras* con grupos como *Hands Up* ou *Enric Cervera*. A próxima xornada é a da música electrónica coas actuacións destacadas de *Terra Vermelha* e *Dwomo*. A fin de semana tocaralle ao pop-rock mais ao hip-hop, por esta orde. A maioria dos grupos son galegos pero tamén veñen de Cataluña, Madrid e Euskadi. Os eventos diurnos serán unha concentración percutiva o Mércores, un certame de música feita por ordenador o Xoves, e un torneo do xogo de rol *Magic* o Sábado. Como xa é costume permitirase instalar establecementos para a venda de discos, fanzines e demais. Como sempre, a entrada é de balde. ♦


Doc Manhattan pinchará no *Revoltallo*.

***"Untitled nº 10"*, de Paula Rego.**

desenvólvese en Chantada a *IX Mostra de Teatro*, na que se dan cita grupos profesionais e afeizoados e que, neste ano, rendirá homenaxe, á actriz Maruxa Villanueva. Antes de converterse na guardesa da casa de Rosalia de Castro en Padrón, Maruxa Villanueva viviu en Chantada. A compañia *Faro Miño*, que organiza a mostra, apresentou un programa no que están presnetes o grupo *O Carballo*, os contacontos de Compostela co espectáculo *Caperucitoloxia*, *Alalá Producciónss*, *Monte Oribio* e o mesmo Centro Teatral *Faro Miño*. ♦

■ A pintura de Paula Rego en Lisboa até fin de mes

Até o 29 de Agosto pódese visitar en Lisboa, no Centro de Arte Moderna, a expoosición de Paula Rego, que se compon de 58 obras e que amosa os traballos máis recentes da artista. A exposición, un dos acontecimentos culturais do verán na capital portuguesa, inclue a série "O crime do padre Amaro", que se apresentou en 1998 en Londres, e a serie "Untitled", que foi exibida o pasado en Febreiro na galeria Malborough en Madrid. Rego é unha das artistas máis revelantes desta segunda metade do século en Portugal; o público lisboeta xa puido ver hai dez anos unha retrospectiva da sua obra na Fundación Gulbekian e, máis recentemente, en 1997, no Centro Cultural de Belem. ♦

■ *Dia da Galiza* en Melgaço

A Festa da Cultura da vila portuguesa de Melgaço princípia adicando o primeiro dia, o Venres 13 de Agosto, a Galiza. Hai duas exposicións sobre Galiza. Unha amosando *Os Caminhos de Santiago*, que se completará cun colóquio, e outra sobre a autonomia galega e aspectos típicos como a gastronomia ou a artesania. Fóra deste dia, Melgaço presenta un interesante programa cultural para este mes con exposicións pictóricas e de escultura, o ciclo musical *Sons da História* e outro de cinema actual. A Festa da Cultura desenvólvese do 13 ao 15 de Agosto. ♦

■ Gaiteiros cubanos e arxentinos na final do Ateno Ferrolán

David Martinez Monter, da Habana, Walter Andrés Almirón, de Buenos Aires, Alberto Sanmartín, de Barakaldo e Manuel Coedo, de Terrassa, son os finalistas do concurso *Gaiteiro de Soutelo*, que organiza o Ateneo Ferrolán de cara aos músicos de fóra de Galiza. Asimesmo o xuri acordou a selección dos finalistas do certame *Constatino Bellón*, que son os seguintes: Xan Carlos Iglesias, Pepe Vaamonde, Oscar Miranda, Iván Costa, Pedro David Lamas, David Fernandez Fiaño e Pablo Varela. ♦


Robert López.

■ Música celta no Bierzo

Vénse de celebrar, do 5 ao 8 de Agosto, o *II Festival de música celta Ancares-Bierzo* en Vilela. nel actuaron maioritariamente grupos galegos como *Fia na roca*, *Cristina Pato* ou *Leilia*. Entre a xente de fóra estiveron os irlandeses *Dervish* ou o asturián *Hévia*. Como é usual neste tipo de concertos, houbo actividades paralelas que neste caso foron típicas da zona como a cetreiria ou a loita leonesa. ♦

■ *Suede* en Paredes de Coura

Se nada falla no último momento o grupo británico *Suede* encabezará o cartaz do Festival de Paredes de Corua, que se celebra durante tres dias: 13, 14 e 15 de Agosto. Neste evento musical, que ten lugar moi perto da Galiza, tamén contan con outros grupos europeos e portugueses entre os que se topan *Era & Christian*, *Lamb*, *Guano Apes*, *Sneaker Pimps*, *The Gift*, *Sequoia*, *Withering* e *Phase*. ♦

■ Os oleiros de Buño celebran a mostra anual

Até o 15 de Agosto podese visitar en Buño a *XVI Mostra de Oleria*, organizada pola asociación de alfareiros da zona e na que tamén se poderán contemplar outras formas de artesania como os encaixes de Camariñas. Na feira é posíbel coñecer o proceso de criación da oleiria de Buño. Tampouco queren prescindir da música nesta mostra e o dia 13 de Agosto, acompañando a unha queimada popular, o público pode bailar cos grupos *Leliadoura*, *Ramo Cativo* e *Vaiven*. ♦

■ O Elvis chicano chega á Coruña e Vigo

A primeira actuación foi o Martes 10 de Agosto no Teatro Colón da Coruña. A segunda será o Sábado 14 de Agosto na *Iguana* de Vigo. Trátase de Robert López, máis coñevcido como El-Vez ou o Elvis chicano. Este showman -é guitarrista do grupo de punk *The Zeros*– leva dez anos homenaxeando ao "heroe de Tupelo" cun espectáculo titulado *El Vez & Los Memphis Mariachis & Las bellas Elvettes*. O que comezou como unha broma converteuse nun "delírio kitsch" que xa xirou por toda Europa. Promete moito humor e ironia. A entrada custa 1. 500 pesetas anticipada e 1.800 en billeteira. ♦

Leituras

No combate, unha vela a Deus e outra a Freud

Título: A condición homosexual.
Autor: Xosé Chao Rego.
Editorial: Galaxia, 1999.

O recoñecido teólogo Xosé Chao Rego sacou hai poucos meses na editora Galaxia unha interesantísima, moi pedagóxica e combativa obra intitulada *A condición homosexual*. Por vez primeira no mundo do ensaísmo galego, dedica-se todo un libro ao tema, segundo expresión rosaliana, "dos amores sen nome". O próprio autor é consciente de que entra nun terreno caracterizado pola ocultación, mai de todo prexuízo: "Posiblemente o lector sexa a primeira vez que se achega a un escrito de certa amplitude –un ensaio-, sobre este asunto (p. 23)".

Este ensaio divide-se en cinco partes, precedidas dun prólogo en que dá conta de como nasceu o seu interese pola temática homosexual e como foi evoluíndo a sua consciéncia ao respeito. A homosexualidade é invisíbel socialmente, pero non porque non haxa mulleres e varóns homosexuais. É clarificador nisto o relatório de artigos que, ainda partindo dunha perspectiva heterosexual masculina, lle foron sucesivamente censurados por tratar un tema tabu.

Na referida introdución tamén figura unha proposta terminolóxica (pp. 17 e ss.), desde logo, non novidosa, e coa que non acabamos de coincidir co autor. O problema, sabemo-lo, non está nas denominacións ("unha rosa, por calquer outro nome, continua tendo espiñas", que escrebeu Shakespeare), mais nós pularíamos pola ecuánime "homosexual" que emprega no título, fronte a "gai" ou "lésbica". Esta palabra ten o seu correlato para todas as orientacións sexuais ("homo", "hetero", "bi"). Por outra banda, ninguén nega que a problemática das mulleres e dos varóns homosexuais sexa distinta, pero tamén o é a das e dos heterosexuais e isto non fai que naszan denominacións específicas para estes e aquelas (abonda con dicer "home" ou "muller"!).

Chao Rego vai debullando por que desde a postura dun auténtico crente cristián non se debe condenar a homosexualidade. Primeiro, deseña un retrato da "actualidade da cuestión", para o cal non deixa de pór-nos en antecedentes, de asinalar os carreiros que nos levaron a esta situación, carreiros que logo indicará máis polo miúdo na análise histórica do seguinte apartado. No terceiro capítulo, desmonta habilmente a hipocrisia relixiosa contra as e os homosexuais: constata a existéncia de cerimónias de unión entre mulleres ou entre varóns no primeiro cristianismo (que sacara á luz o medievalista iánqui John Boswell); a falsa interpretación que a patrística fixo de moitas pasaxes bíblicas, como a de Sodoma, e esquecendo parellas como Xaúl e David, Ruth e Noemi ou David e Ionatán; a contraditória culpabilización do sexo; etc. A cuarta parte, "O proxecto é ser persoa", remata nunha elocuente chamada á loita pola visibilidade e a dignidade, a "sair do armário", pero non sair do zulo para entrar nun gueto pechado e marxinal, senón dar ainda outro paso: "a acción política para integrárense na normalidade social" (p. 193). Neste camiño nitidamente combativo remata o libro, cun quinto capítulo en que reclama o direto ao "matrimónio" e á adopción de fillas e fillos para as parellas homosexuais. Finalmente, chama á loita –antítese da deserción- das e dos homosexuais crentes (polo cal critica a apostasia, en favor da cal fixera campaña o Colectivo Gai de Compostela). Mais non pensemos que estamos perante dogmatismo relixioso nengun; é unha aposta pola solidariedade, por un traballo non individualista. Leamos, senón:



Xosé Chao Rego.

> Os documentados ven-se un bocadiño lastrados pola perspectiva freudiana que conscientemente adopta ao longo do libro.

"Agora ben, ¿como superar iso que podemos denominar homo-intelectualidade, o elitismo de persoas que saen do armario e resolven o seu problema porque teñen medios, renunciando á irmandade con tantas persoas que padecen o escurantismo e o ostracismo por parte da sociedade, civil ou eclesiástica? Resulta doado liberarse en medios urbanos ó abeiro do anonimato, en lugares de encontro como clubs ou bares, pero halle ser moi difícil facelo a quen viva en vilas ou mesmo en pequenas capitais de provincia, e moito menos ós que padezan a súa soidade no pozo rural. ¿U-la solidariedade?

Isto paréceme incontrovertible para un cristián que non sexa simple bautizado, ou para un militante da política ou da cultura, sexa cal for a súa pertenza relixiosa" (p. 213).

Os documentados razonamentos, froito de numerosas e densas leituras, ven-se, de calquer xeito, un bocadiño lastrados pola perspectiva freudiana que conscientemente adopta ao longo do libro (e que "reivindicará" no epígrafe "¿E se Freud tivese razón?", consciente das críticas

(Pasa á páxina seguinte)

conta de libros

Tres autoras, tres documentos feministas

Comeza Xerais, dentro da sua colección de peto, a série *As Literatas*, dirixida por Maria Xosé Queizán, cun volume chamado **Fenda, loucura e morte**. Son tres relatos de tres autoras: Karen Blixen, Charlotte Perkins e Emília Pardo Bazán. Queizán encarregouse de traducir ao galego a historia *A páxina en branco* da danesa Blixen, *O papel de parede amarelo*, no que a escritora americana Charlotte Perkins describe de xeito autobiográfica a angúria da muller no matrimónio, e *O encaixe roto*, da coruñesa Emília Pardo Bazán, no que Micaelita di "non" no altar. Nos tres relatos, documentos da situación da muller no cámbio de século, o matrimónio supón a perde da estima da muller. ♦

Achegamento a Murguia



Francisco A. Vidal é o autor de **Manuel Murguía**, unha pequena biografia de achegamento ao historiador e cronista xeral do Reino de Galicia. Neste ano previo á homenaxe do *Dia das Letras Galegas*, estas páxinas, editadas en *Toxosoutos*, serven para coñecer a biografia de quen foi presidente da Real Academia e casou en 1858 coa escritora Rosalia de Castro. ♦

Arte e exílio no Caribe



Maria do Pilar González Lamela é filla dun exiliado galego en Puerto Rico, Sebastián González Garcia, e sempre tivo interese en coñecer aos artistas que tiveron que marchar ao Caribe tras a Guerra do 36. No traballo publicado en Ediciós do Castro –forma parte da sua tese doutoral– **El exilio artístico español en el Caribe: Cuba, Santo Domingo y Puerto Rico. 1936-1960**, descúbrenos a estes personaxes, entre os que se atopaban Granell e Compostela. ♦

Coñecer ao gato con botas

Kalandraka continua editando contos de sempre adaptados ao público infantil galego e nesta ocasión tócalle a **O gato con botas**. Como xa é costume na editorial, o libro, da colección *Os contos do trasno comodín*, convida a abrir as suas páxinas, ilustradas por Enjamio que soña un gato cor prata. Quen se encarregou de adaptar a historia deste felino inventado por Perrault foi Xosé Ballesteros. ♦





A alma das persoas que transitan e habitan no Camiño

O fotógrafo Manuel G. Vicente ofrécenos neste fermosísimo libro o resultado feliz de dez longos anos de traballo nos Camiños a Santiago.

Un libro tenro e conmovedor feito desde dentro do propio Camiño.

Cun prólogo divertido e moi suxerente (en galego, castelán e inglés) de José Antonio de la Riera, "Peregrinos" constitúe un retrato fotográfico, vivo e universal da alma das persoas que transitan e habitan no Camiño.

PEREGRINOS
Manuel G. Vicente
XERAIS

Leituras

(Ven da páxina anterior)

que isto pode despertar –e que en boa parte subscribo). Tamén é certo que este, como xa dixemos, moi traballado libro está inzado de erudición, ainda que esta se vexa desmellorada por un moi deficiente sistema de citas que pode criar certa confusión.

Mención á parte merece a carência en moitos casos de exemplos galegos ao longo da obra. É unha mágoa que, no percurso que fai pola nosa literatura, non introducise nengun exemplo nacional, cando na nosa tradición literária está presente a cuestión homosexual desde os albores medievais até hoxe. Só figuran uns versos de Rosalia de Castro como exemplo de plasmación literária dunha neurose con causalidades eróticas (p. 49).

Enfin, estamos perante unha obra divulgativa de grande interese para galegas e galegos de calquer crenza relixiosa e de calquer orientación sexual. As e os crentes cristiáns surprenderán-se especialmente coa sua leitura; e "homos", "heteros" ou "bis" aprenderán moitas cousas sobre elas, sobre eles e sobre as e os mais, pois este é un contributo á diversidade, a tornar visíbel o que o patriarcado quer invisíbel. Oxalá dé este libro un produtivo debate que logre "despertar do seu sono" moitas falsas consciéncias e vaia abrindo as portas de moitas mentes para traballar por unha sociedade máis xusta, máis respeitosa coa pluralidade.♦

CARLOS M. CALLON TORRES

Coñecer o mundo desfacendo os tópicos

Título: Cousas da rapazada.
Autor: Peter Bichsei.
Editorial: Obradoiro.

Ás veces xa resulta un pouco gastada a pregunta de se os contos só son para rapaces ou teñen algo que dicer a todas as idades, sobre todo lendo libros coma o que publica a editorial Obradoiro, *Cousas da rapazada*. Unha leitura agradábel e sinxela que dá moito para pensar.

Cousas da rapazada é unha traducción do alemán de Marga Romero e Joachim Wormuth, do famoso *Kindergeschichten* (1969) do recoñecido escritor suízo Peter Bichsel. Poida que aínda non moi lido no noso entorno, Peter Bichsel conta hoxe entre os mellores narradores en língua alemana. Renovador na forma e áxil nos temas, achega o seu ollo crítico alí onde habitualmente non tendemos a poñelo. Con isto vou adiantando o seu manexo sutil da ironia e do humor.

Nado en Lucerna (Suíza), é a partir de 1965 cando comeza a súa carreira como escritor e periodista. Escrebe artigos políticos para xornais como o *Zürcher Tagesanzeiger* ou o *Scheweizer Illustrierte*. A súa profesión é por suposto a de escritor. Entre as súas obras están títulos como: *Eigertlich möcine Frau Blum den Milchamann kennenlernen* (1964), *Die Jahreszeiten* (1967), *Gerpräche* (1989), *Im Gegenteil* (1990) e un longo etcétera.

O título do *Kindergeschichten* en galego non é unha traducción literal do que está escrito en alemán; máis ben serian histórias de nenos, ou algo así. A eleición dos tradutores débese a dous motivos: dunha parte "cousas", en homenaxe ao noso Castelao (tamén aparecia xa así traducido nunha edición en español), e doutra para evitar o masculino "nenos" e empregando un termo que non só abarca a infáncia propriamente dita, senón que recolle un periodo da vida moito máis extenso; en galego, sempre podemos ser rapaces.

As sete histórias de *Cousas da rapazada* son sete pequenas aventuras na análise do mundo. O inxénio que agroma nelas cativanos ao momento. A través do narrador imos coñecendo personaxes que desde a nosa perseitiva sofren de patoloxias graves, que poñen en contraste a súa lóxica exacta coa nosa lóxica criando situacións totalmente absurdas.

"Un home que non tiña máis que facer, non estaba casado, non tiña fillos e non tiña traballo, andou o seu tempo a reflexionar, outra vez, sobre todo o que sabia". O ócio e a soidade son ben propícios para adentrarse nun mundo de soños e experiéncias incribeis. Daquela quere o narrador pintarnos unha personaxe, un vello, que un día decide marchar a darlle unha volta á terra en liña recta, para comprobar que é redonda. Primeiro debe contar cos obstáculos e comeza unha viaxe por esa lóxica exacta da que falaba, que rixe moitos apartados da nosa sociedade e que tamén comete fallos. Desenvólvese pois o absurdo, o irracional, como é característico nos contos de Peter Bichsel, para facer rir e facer reflexionar. O vello, non abandona nunca a inocéncia, segue adiante co seu propósito e gaña o afecto do narrador.

Desenvólvese pois o absurdo, o irracional, para facer rir e facer reflexionar.

Os tópicos queren ser analizados nestas historias: "Eu sei isto —dixo el—, pero non o creo e por iso teño que experimentalo." Nos contos teñen un papel importante os anacos da vida cotiá. A peculiar mestura entre o coñecido e a fantasía fannos atopar delicioso este manexo das ideas.

"Soar é poñer / ter frio é mirar/ quedar é soar/ erguerse é ter frio/ poñer é follear." Así vai outro vello cambiando os nomes das cousas, disfrutando dun xogo que consiste en facer un novo código grácias á arbitrariedade da linguaxe. Peter Bichsel experimenta cos sons, coas palabras, coa sintaxe, cos significados... A lingua é un elemento vivo e tamén se pode discutir. Por que lle chamamos "mesa" á mesa?, pergunta esta personaxe. A moralexa da história é que o importante é a comunicación.

Como é o uso da língua de Peter Bichsel? O escritor busca sobre todo o sinxelo, con frases normalmente curtas, sen un vocabulário complicado, con pequenos diálogos. unha linguaxe descriptiva, con paralelismos, xoguetona. Peter Bichsel achégase deste xeito ao seu público "infantil".

Estudiar história tamén é divertido. Esperta o meu interese ler un título: "América non existe". Os contos non lle poñen fronteiras ao tempo e chegan tan lonxe coma a un reinado hai cincocentos anos en España. Desta vez atopamos unha história enmarcada dentro doutra, no conto seguinte hai unha división en pequenas escenas e cada texto amosa un detalle diferente na forma. A variedade é unha das característicass da escrita de Peter Bichsel.

O autor gosta de ter pontos de referéncia no pasado, daquela utiliza a figura de Edison para falar da personaxe do inventor. Aquí o narrador bota man da história para xustificar a tese que vai defender no seu relato. Antes tíñamos un narrador que dialogaba cunha pesonaxe, abrindo unha discusión sobre o descubrimento de América.

Un tema que sae a miúdo é o do progreso. A modernización choca co pasado e vén analizada desde diferentes pontos de vista. Por un lado desde o estancamento en etapas anteriores, a falta de avance que non lle permite ás personaxes integrarse na sociedade; e, por outro, a perda de valores importantes que provoca a modernización. Peter Bichsel busca sempre ensinar as dúas caras da moeda, dándonos a posibilidade de matinar en cada ponto.

O mesmo ocorre coa figura do conto "O home coa memoria". A chegada do progreso críalle unha situación ao roubarlle a

(Pasa á páxina seguinte)

conta de discos

Saraibas segue voando

Título: Cantamos para poder voar.
Grupo: Saraibas.
Edita: Galiza Records.

Máis de vinte anos facendo música e un novo disco, o sexto na sua carreira como grupo que tanto bebe das músicas tradicionais como se caracteriza polas seus pezas próprias. Aderidos á canción protesta desde os seus comezos como formación, *Saraibas*, en *Cantamos para poder voar* botan man de novo de Celso Emílio Ferreiro, coa *Teoria da arbre*, e recuperan tamén *Nai Galicia*, de Ramón Cabanillas. Amparo Calvo, Mª dos Anxos Barro, Avelino Cinza, Miguel Sanjurjo, Juanjo Porta, Vicente Bermúdez e Martín Sanjurjo, membros de *Saraibas*, despois dos cambios ao longo dos anos, teñen que compaxinar, como outros grupos galegos de grande exito nos anos oitenta, a suas ocupacións profesionais coa sua afeizón pola música. Consideran que aos problemas da sua terra hai que voltar cantas veces faga falla nas suas cancións. En *Tóxicos*, recollendo ás fontes e rios de Rosalia, arremeten musicalmente contra o "estercoleiro" no que se está convertendo o país. Con estas cancións para poder voar - doce inéditas máis *Nai Galicia- Saraibas* remarca de novo o seu compromiso coa fala e coa terra.♦

O sabor da trikitixa

Título: Sakanatik Arbaila Ttipira.
Autora: Jexus Artze/Mikel Artola/Pello de la Cruz/Iker Muguruza.
Edita: Elkarlanean.

Os bascos defenden que a txalaparta, obxecto musical primário, convida á liberdade dos espíritos. O músico de Usurbil, Jexux Artze -colaborador habitual de Mikel Laboa– comezou a traballala hai tres anos xunto a Mikel Artola, Pello de la Cruz e Iker Muguruza dando como resultado este compacto con nove temas que poñen sabor a un paseo por un bosque autóctono de Euskadi. A txalaparta dá unha dimensión lúdica ao son da auga, das campás, das árbores...sendo hoxendia un instrumento fundamental para o folklore basco.♦

O CORdeL

Gráfica

Nº 8. Xullo-Agosto de 1999.
Dirixe: Santiago Santos.
Prezo: De balde.

Esta revista de actualidade das artes gráficas dedícalle espazo ás novidades informáticas de deseño e aos manuais mellor documentados para os programas máis famosos. Inclue unha reportaxe de Xabier Cid sobre a empresa de edición e impresión *Tórculo*, de Santiago. Finalmente, Iago Pérez analiza en profundidade a nova impresora da casa QMS, a *Magicolor 2 Desklaser Dúplex*, moi interesante para acometer traballos de impresión en cor con calidade profesional e cunha velocidade punta.♦

Díxitos
Novas do Centro de Supercomputación de Galicia

Xullo de 1999.
Dirixe: Xabier García Tobio.
Edita: CESGA.
Prezo: De balde.

Neste número hai información sobre os traballos de reconstrución mediante técnicas de tres dimensións da fachada románica da Catedral de Santiago, tal e como debería ser no século XII. Asimesmo hai sítio para novas relacionadas co mundo da computación profesional, como a implantación no Centro de Supercomputación de Galiza dun servício de soporte ao cálculo científico.♦

Consumidores

Nº 43.
Edita: Instituto Galego de Consumo.
Prezo: De balde.

Dá conta do aumento da conscienciación dos consumidores galegos, que incrementaron nun 62 por cento o número de reclamacións en matéria de consumo. Entre as reportaxes máis salientábeis están a dedicada aos problemas dos usuários da aviación, dando as indicacións pertinentes para realizar as reclamacións por danos ás compañias e á autoridade aeroportuária; a que se refire aos perigos do sol nos países máis achegados ao Ecuador, cun clima moi diferente ao galego, cos conseguintes problemas para a pel; a relacionada coas intoxicacións alimentárias, que fai un chamamento á precaución para evitar consumir produtos en mal estado. No verán, os máis preocupantes son as maionesas, as conservas vexetais e de peixe e certos alimentos que se consomen crus, como as ostras. A revista tamén fai unha crítica dos videoxogos violentos, que poden ter unha regulación específica en breve, se o Senado ratifica unha lei sobre contidos multimédia.♦

LAMELAS

Leituras

(Ven da páxina anterior)

unha situación ao roubarlle a única ocupación que tiña. Mais nunha história non aparece nunca un só tema. Detalles que ás veces semellan insignificantes lévannos a pensar en cousas moi deversas. As perguntas son tan variadas que abranguen moi deferentes aspectos do mundo. Eu pergúntome neste conto, por que viaxamos en tren?

A relación entre o narrador e as personaxes é en ocasións tan próxima, tan afectiva, que en certo momento achámonos mesmo diante do seu avó. A perspectiva da narración oscila e aquel que nos fala é o neno ou o adulto, non o sabemos ben. Peter Bichsel amosa unha certa simpatía polos vellos, pois as máis das veces son persoas maiores as protagonistas, aquelas a quen lles sucede algo curioso. Na miña opinión ten que ver coa infáncia; a inocéncia e a fantasia nacen outravolta neses seres que para nós pertencen ao pasado e xa non se asimilan ao presente. "E se meu avó tivese feito iso poida que chegase a máis vello e eu hoxe aínda tería un avó e entenderiámonos moi ben."

O último conto do libro titúlase "O home que xa non quería saber nada". Este home quere pecharse e non percibir nada para poder esquecer todo o que sabia, pero a pesar dos esforzos non o consegue. "Sei moito máis ca antes, non só sei como é o bó tempo e cómo é o mal tempo, agora tamén sei cómo é cando non hai tempo." Despois chega á conclusión de que antes de poder esquecer ten que aprender todo o que non sabe. Unha personaxe ante dous imposíbeis. Como dicía antes, Peter Bichsel gosta de pintar os dous extremos.

Nunha entrevista que lle realizaron a Peter Bichsel hai vários anos, fala este dos desexos, das esperanzas e das utopias. O escritor ten ás veces a impresión de que un mundo tolo seria moito máis pacifíco que o noso mundo normal. Pode ser que o mundo teña tan mala cara, porque ninguén está disposto a realizar os seus desexos e ideais infantís. Os maiores só teñen sonos para maiores: O diñeiro e o éxito. *As Cousas da rapazada* son unha maneira de reivindicar estes desexos, esperanzas e utopias por médio da literatura.

E a literatura non son só as palabras que aparecen escritas, sempre di moito máis. Da mesma maneira que explicaba Hilde Domin, o conto está para Peter Bichsel na tensión que queda entre liña e liña. Con este libro pretende, como el considera que á súa función, proporcionarlle ao leitor ou leitora a satisfación da leitura, que o leva a ser máis solidário, pois non é o escritor, senón o que le, aquel que ten a capacidade de cambiar o mundo. "Ler é a solidariedade dos solitários, a literatura solidariza"♦

MONTSERRAT BASCOY

Entre o ensaio lírico e o diário persoal

Título: O desintegrista.
Autor: Xurxo Borrazás.
Editorial: Xerais.

O *desintegrista* está composto de oitenta e un capítulos nos cales Xurxo Borrazás nos fai chegar a sua visión do mundo. Tamén podemos entender que esas reflexións son trasunto do que é a literatura. Por que non son poucas as veces nas que se pergunta cal é a relación entre realidade e ficción, entre realidade e literatura, entre soño e vixília... Pero esa non é a única finalidade. Existe outra tan válida, a símple reflexión a partir do feito cotián. É dicer: este non é un libro unicamente indicado para persoas que transitan con máis ou menos frecuéncia o mundo literário.

O feito de que Borrazás ache cada vez meirande dificultade para encadrar as obras en xéneros é ben significativo do estado dun sistema literário no cal o xénero tivo/ten unha obsesiva preséncia. Semella que moi pouca xente se decatou de que as limitacións xenéricas só son unha enteléquia crítica e pouco teñen que ver coa realidade literária, polimorfa, transxénerica, sempre rica. O autor deixa o reto que para a crítica supón a catalogación xenérica de cada capítulo (e da obra en si).

Xurxo Borrazás.

O desintegrista ten a fondura do ensaio e pensamos que é aí onde mellor se acomoda. Ora ben, non falamos do ensaio clásico, falamos do máis actual, como fixeron por exemplo Antón Baamonde (*A rosa sen porqué*) ou Suso de Toro (*Parado na tormenta*). A forma é moi similar: desaparición case absoluta de todo sostén culturista á hora de proceder e enunciar un pensamento; ensaios moi pouco retóricos, pero moi líricos, onde prima a visión individual e non priva a (posíbel?) e tan mentada obxectividade, esa utopia.

Mais non desesperen aqueles que queiran atopar ao Borrazás anovador inquedo, aquí atoparán desde personaxes a descripcións, diálogos, senténcias, aforismos (ou aforistmos, ou apodrismos) lingua coloquial ás veces... e tamén relatos, hai capítulos en forma de relato e esa é tamén a fórmula escollida para o remate. Non é un diário porque carece da sua forma, non lla quixo dar. Pero tamén ten moito que ver con eses diários nos que os escritores dan conta de cal vai sendo a sua actividade intelectual.♦

XOSÉ M. EYRÉ

Música



Do blues ás cancións de nenos en Estados Unidos

Título: *A Treasury of Library of Congress Field Recording e Afroamerican blues and game songs.*
Autor: Vários.
Edita: Nuba Records (para o Estado).

Fai pouco, falaban as Leilía nunha entrevista do perigo de que se perdan melodias e ritmos da música tradicional por causa da inexisténcia dun plano sério para *peitear* toda Galiza na percura, gravación e sistematización do noso folclore. Isto si o fixeron, na primeira metade do século, nos Estados Unidos. Especial relevância tivo a tarefa realizada polos musicólogos da Biblioteca do Congreso Norteamericano, encabezados por John A. Lomax e, especialmente, o seu fillo Alan. Estas gravacións de campo (non todas adicadas á música dos Estados Unidos, incluso estiveron en España) foron publicadas a princípios dos anos 40 nunha série de 100 LP`s, que a compañía Rounder está a recuperar, desde o ano pasado, en formato CD; empregando as máis modernas técnicas para suplir a precariedade dun son gravado con métodos un tanto rudimentários en lugares onde non existía enerxía eléctrica. No tocante a música tradicional norteamericana, os responsábeis de Rounder editaron o ano pasado, nun só volume, unha escolma dos temas gravados polos Lomax, titulada *A Treasury Of Library Of Congress Field Recordings*; que misturaba cantos de berce, blues, gospel, cajun, country, temas de ascendéncia irlandesa, e incluso a história, relatada por un vello indio, de como inventou a frauta Kiowa.

> Compre destacar a tremenda calidade musical e o nível das interpretacións. **Máis que prehistória musical.**

Algúns deses temas están contidos no último lanzamento (o disco nº13 da série), o volume adicado aos *Afro-american blues and game songs*: é dicir, blues primixénios, entonacións *a capella* de raiz gospel, e temas con formas máis evolucionadas como os interpretados coa harmónica por Sonny Terry e os dous temas (os primeiros rexistrados) de McKinley Morganfield, quen pasaría á posteridade co alcume de *Muddy Waters*, descuberto por Alan Lomax nunha das suas incursións no Delta do Mississippi. Na segunda parte deste volume atopamos unha colección de temas infantís e de xogos. Son temas curtos e repetitivos, cunha cadéncia acelerada e unhas letras que reflexan a realidade social que os rodea dende o prisma deformador dos nenos (corre, negriño, corre/ ou o patrulleiro te alcanzará/corre, negriño, corre/ máis che vale escapar).

Deixando a un lado o innegábel valor etnográfico destas gravacións, compre destacar a sua tremenda calidade musical, o altísimo nível das interpretacións e a sensación de pureza e honestidade que supuran. Algo máis que prehistória musical.♦

XURXO MARTÍNEZ BRAVO

narrativa

X. L. Méndez Ferrín

Antón e os inocentes

Unha novela maxistral: as páxinas máis exactas, duras e esixentes da obra de Méndez Ferrín.

galaxia

Mind Da Gap

"Moitos críticos non escoitan os nosos discos porque son hip hop"

A. ESTÉVEZ

Desde que comezaron a tocar, os *Mind da Gap* do Porto tiveron claro que tiñan a misión de remover consiéncias. O seu nome, unha adverténcia aos viaxeiros do metro de Londres, converteuse no seu aviso particular ao público e á critica portuguesa: atención á diferencia. Están considerados o mellor grupo de hip hop de Portugal. A realidade é que xa tardaban en vir pola Galiza, fixérono o Venres 6 de Agosto nun concerto celebrado en Vigo con motivo do *I Certamen de Grafittis* nesta cidade. "A prensa trátanos moito mellor aquei que en Portugal", láianse.

Sina Ace, que forma o grupo xunto a Presto e DJ C-Real, que a prensa portuguesa non entende o que eles fan. Por esa razón son merecedores dun tema no último disco do grupo, *Sem cerimonias*. "Son moitos os que desbotan o noso traballo porque é hip hop e xa nen o escoitan. Os críticos portugueses adícanse a traducir os textos que len nas revistas estadounidenses. Non queren escoitar o que dicimos. Curiosamente recebemos moi boas criticas na prensa española", reseña.

As rimas de *Mind da Gap* falan da vida cotiá en Portugal, da corrupción na "mafia musical", dos políticos cobizosos que só percuran enriquecerse e das suas próprias intencións como grupo de hip hop. *Sem Cerimonias* é o tercéiro disco do grupo formado no Porto hai seis anos. Comezaron con *Mind da Gap*, e continuaron cun EP. "Cantar en portugués foi un princípio que adoptamos desde os comezos. En certo xeito, era un desafio porque, para rimar, o portugués é un idioma complexo. Pero nos sempre quisimos facer hip hop na nosa língua", comenta Ace. "Buscamos un equilibrio entre ritmos suaves e letras que poden ser violentas.", engaden.

Rimas suaves

As vendas e o interese que levantan os *Mind Da Gap* non se corresponden. "O hip hop segue sendo un xénero minoritário, do que é moi difícil vender máis de duas mil cópias. A nosa forza, o que nos fixo continuar é o directo. Se o grupo funciona é polo boca a boca. As nosas letras son duras e sabemos que gostamos un público determinado, que non é precisamente o que merca os discos de Enrique Iglesias", din. Ace, Presto e DJ C Real non sinten a necesidade de entrar nos circuitos comerciais.

> 'Nós sempre quixemos facer rimas en portugués".

"En Estados Unidos o hip hop é un filón, algo que comeza a pasar en Franza onde un artista cunha boa promoción pode vender medio millón de discos. En Portugal é imposíbel. Ademais dependemos dun público moi novo e non estamos seguros de que se vaian manter fideis ás rimas. De calquer xeito, nós, se seguimos cantando, é porque acreditamos neste estilo e porque confiamos na posibilidade de cambiar as mentes", din.

Non se consideran voces da rua. "Somos de clase media, brancos, típicos", sinalan para engadir "a nosa atitude non é de escupir o bairro na cara do público, o hip hop é unha forma de arte musical que non ten porque sair das clase máis baixas da cidade". Diferente é o concepto que ten *A Familia*, o grupo do bairro vigués de Coia, co que *Mind Da Gap* ven de formar a Coalición Iberica, unha sorte de asociación de intereses entre o hip hop das duas beiras do Miño. Unha maneira de mesturar os seus traballos respeitivos "Estamos moi perto pero non hai relacións entre grupos galegos e portugueses. Tamén dentro de Portugal foi moi difícil sair do Porto. Lisboa é a capital e concentra todas as *movidas* culturais. Non tocamos en Lisboa até que se decataron que somos un grupo cun estilo próprio. A xente que nos escoita sabe que somos os *Mind Da Gap*, isto non é pop cantando en inglés", din. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

ELA, MALDITA ALMA
Manuel Rivas
Xerais

O ATENTADO
Fernández Ferreiro
Xerais

OS SÉCULOS DA LUA
X. Carlos Caneiro
Espiral Maior

NO VENTRE DO SILENCIO
Xosé L. Méndez Ferrin
Xerais

A QUINTA DE SALER
Anton Riveiro Coello
Galaxia

NON FICCIÓN

BREVE HISTORIA DO NACIONALISMO GALEGO
Bieito Alonso Fdez
A Nosa Terra

A. DANIEL CASTELAO
Manuel Rei Romeu
A Nosa Terra

GRAMATICA DA FANTASIA
Gianni Rodari
Kalandraca

A CONDICION HOMOSEXUAL
Xosé Chao Rego
Galaxia

VIAXE AS TERRAS ENCANTADAS DE LEMOS
Lois Diéguez
A Nosa Terra

Librarias consultadas:
Cartabon (Vigo). *Conceiro* (A Coruña). *Indice* (Ferrol). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* e *A Palavra Perdida* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).

Dille Berce ao Inimigo

Destronar as festas patronais

As festas da Peregrina en Pontevedra deixarán de ter *raiña*. O novo governo local quer tirar os elementos "sexistas e clasistas" que rodean á requintada figura que até agora presidia os festexos. Cada ano, os meios locais facianse eco da eleición da nena e a moza que ian levar o trono na *Cabalgata de flores*. Á par das fotos das rapazas ia sempre o currículo da família pontevedresa agraciada coa nominación. Os máis novos naceron con esa imaxe e, a pesar da distáncia que moitos deles mantiñan cos actos oficiais da semana grande pontevedresa, medraron confiados de que a selección de mulleres formaba parte da tradición tanto como o "selecto" *Baile do ciento* organizado pola Escola Naval de Marin para as *señoritas de Pontevedra* ou as, ainda infelizmente vivas, celebracións de "postas de longo" no Casino. Cando o concelleiro de Cultura, Luis Bará, responde á teimuda pergunta sobre a decisión dos nacionalistas afirmando que a elección da *Raiña* é unha herdanza do franquismo, moitos mozos e mozas sorpréndense. Coidaban que a democrácia botara fóra toda a herdanza dos uniformes. En Pontevedra, cidade governada polo BNG, as *raiñas* formaban parte dese pouso sementado durante tantos anos e con tanta forza. Asi como se quitan placas ou se tiran cabalos tamén é obriga retirar tronos sexistas. Decisión atinada a do novo governo, que neste ano herdou o programa das celebracións e terá que esperar ao 2000 para deseñar o seu modelo de festas. A monarquia das *peregrinas* pode dar entón en democrácia festeira. ♦

ACTOS DO DIA DA

Galiza Mártir

17 Agosto

12,30 horas: Oferenda Monumento – A Caeira, Poio
13,30 Teatro Principal. Acto Institucional.
Intervirá a Coral Polifónica de Pontevedra
19 horas: Oferenda no sartego. Cimeterio de San Mauro
21 horas: Praza Curros Enríquez
Acto cívico/oferenda

FUNDACION ALEXANDRE BOVEDA

CONCELLO DE PONTEVEDRA / CONCELLO DE POIO / FUNDACION CASTELAO

A Fundación Barrié recupera a Gregório Ferro

Pintor de boa técnica, ainda que de estilo conservador

XESÚS PIÑEIRO

Cando a Ilustración, no século XVIII, promove xente que escomenza a pensar na Galiza, como os frades, Sarmiento e Feixoó, ou os Xosé Cornide, Pedro Antonio Sánchez, Xosé Lucas Labrada, ou mesmo cando Ferrol comenza a levantar o seu cadro de Esteiro, na arte xurde unha personalidade como Gregório Ferro Requeixo, nado no 1842, na parroquia de Lamas, concello hoxe de Boqueixón.

Ferro Regueiro tivo que marchar a estudar a Madrid, onde convive cos mellores artistas neoclásicos que pasaron por España, caso de Antón Rafael Mengs. Alí na Corte intentou facer carreira até a súa morte no 1812.

A súa relación con Galiza foi escasa. Da súa obra beneficiouse a Catedral de Santiago e a parroquial de Celanova. O resto dos seus traballos espállanse por Madrid, Toledo e polo continente americano.

No que respeita á técnica, podemos dicer que Gregório Ferro é un grande debuxante de cuxa habeléncia tirou o seu froito, non só para facer estupendos debuxos que logo pasaban ao gravado, senón que a súa pintura débelle ao debuxo as grandes composicións e as maravillosas cópias que fixo do cadro de Carlos V e Felipe II, orixinais de Tiziano ou o Cristo de Velázquez.

O legado de Gregorio Ferro sufreu un grande deterioro na sacristía de Celanova.

Absorto pola Igrexa e a Académia

A súa obra reflexa un pouco a súa vida. Absorto pola influéncia da Igrexa e da Académia, adícase a crear obra relixiosa, esquecendo, a vida real que outros neoclásicos como Luis Paret, os irmáns Bayeu ou Goya, comenzaron a pintar e que os levou, en especial a Goya, a destacar entre os seus contemporáneos.

Adoitase a trivializar a relación que Gregório Ferro tivo co autor de *Os fusilamentos do 2 de Maio*. Ponse por diante unha anécdota que en nada incide na obra de cada quen. Trátase de que o pintor nado na Galiza, conseguiu a Dirección da Academia, frente a candidatura do artista español. Non se dí que Goya xa estaba xordo e non poderia exercer o cargo. Cóntase a anécdota pero non se analiza a obra conservadora de un e a obra progresista do outro.

> A súa relación con Galiza, foi escasa. Da súa obra beneficiouse a catedral de Santiago e a parroquial de Celanova.

De todos os xeitos cómpre agradecer a Fundación Barrié que nos presente a obra pouco coñecida dun pintor galego, porque queiramos ou non, forma parte da nómina de criadores galegos. Neste sentido, o labor da Fundación Barrié de la Maza está a ser fundamental para coñecer de primeira man, a obra de pintores que doutro modo seria dificilísimo ver. A maiores, a Fundación implícase na restauración dalgunhas das obras. Neste caso, restaurouse un lenzo propriedade da Catedral de Compostela, titulado *Cristo perdoando a muller adúltera*. Cadro de grandes dimensións — 3,16 x 4,88— que non por iso é dos máis interesantes. Cadro cunha composición típica do neoclasicismo que representa o acto do perdón do pecado.

Nesta exposición sobrancea o retrato do escultor galego Felipe de Castro, artista tamén na corte madrileña. Chama a atención porque é dos poucos cadros civís, rodeado pola pintura relixiosa. Despois de coñecer artistas de segunda ou de terceira fila, negábasenos o estudo dos que penduraban os seus cadros na Facultade, por seren galegos. Tiñamos que acudir a foros estraacádemicos para saber algo deles. Cómpre reparar nos outros cadros e admirar a calidade do bó técnico que foi o pintor Gregório Ferro Requeixo. ♦

A SERPE DOS CAMIÑOS

LOIS DIÉGUEZ

Unha escapada a Silos e Quintanilla

Saíndo de Burgos, Branca di que se podian achegar a san Pedro de Cardeña. Non terá sorte o novício de Cañas, pois Saef, que rompe co alívio xeral o seu mutismo, di que quedarán máis contentos se adican un dia á zona de Silos. Fala con tanto entusiasmo da igrexa de Quintanilla de las Viñas que os viaxeiros, incluída Branca, acadan por aceitar a sua proposta. As viaxes non programadas teñen tamén o seu encanto.

En Cuevas de san Clemente deixan a estrada de Salas para cruzar a montaña de Covarrúbias que os leva directamente a Silos. A paisaxe resulta insulsa, e as aldeas. Terra de cereais e xentes duras e caladas. Hai pintadas reclamando o ser castelán. O rio Arlanza rega boas valgadas. Non coidaban os viaxeiros topar unha grande vila en Silos. Ofrece-lles até catro pousadas e casas novas ou reconstruídas coa pedra que tamén levaron para as catedrais. O hostal no que quedan ten comodidades a bon prezo. Á hosteleira non se lle escapa unha mosca. Arrecende a cebola fritida. Di-lles que deben sentir o canto dos frades na igrexa e participar con eles na oración. Ás nove e meia ali se presentan os viaxeiros. Entusiasmaos o canto gregoriano. Hai uns trinta frades, de todas as idades.

A nave está chea de xente (de onde pudo sair?) e segue os rezos por un libro que lle repartiu un dos cantores. Que ben soa o gregoriano neste templo sen apenas imaxes nen altares, de sinxela construción. O Císter soubo dar-lle intimidade ainda no século XVIII, mais non conseguiu harmonizar o "ora et labora" na etapa da enrabexada sociedade do consumo. Terian que imitar unha miga as ideas dos fundadores para ser críbeis. "En canto se mete o poder polo meio —dilles Saef en voz baixa cando van ver o sepulcro de san Domingos— desaparecen os obxectivos iniciais. Pero a História tamén demostra que o equilíbrio entre ambos non ten doada solución".

De mañá cedo xa están os viaxeiros ás portas do convento. Levan-nos directamente ao claustro. O ciprés, tan cantado polos poetas, está recuperado despois de várias operacións que lle fixeron. Ia secando pouco a pouco até que descobriron que o mal viña das raíces que se cobrian coa cal da auga. O remédio custou unha millonada. É altísimo, rexo, alegrado sempre polo chios dos paxaros. As cenas dos baixo-relevos dos ángulos do claustro son como grandes lenzos de pedra para o ensino da Bíblia, con gosto mozárabe e non tanta ortodóxia como lles di a guia. Os capiteis dobres representan case sempre o mundo vexetal e o animal. Pero é a porta mozárabe a que máis lles interesa aos viaxeiros, con cenas de homes en loita con leóns, atados aqueles como se a estes fosen entregados.

O sepulcro de san Domingos é o orixinal onde fora soterrado. O corpo levaron-no para a igrexa. Os símbolos dos canteiros ateigan os muros.

Entran agora os viaxeiros outra vez no mundo que dirixe Saef. Volven atrás, por Santibañez del Val, ao bairro de Suso para ver a igrexiña mozárabe. Pero da aldea, ao pé da mesma estrada, hai unha espécie de medorra con penedos e cipreses que chama a atención. Van abeirando un pequeno rio acompañado de choplos e cruzado por unha ponte romana. Nun outeiriño que cai en vertical sobre el, aparece a capela, de arcos románicos no adro e alta torre. O contorno foi preparado para zona de rereo. Os viaxeiros senten non ver o interior.

A volta toman-na polo treito da estrada que une Silos con Hacinas. Terra montesia, de pedra caliza furada polas covas. O Arlanza vai afundido e apurado. Hacinas, arredor dun rochedo no que se espetou a igrexa co seu campanário exento e os restos dun castelo, convida a subir, e fan-no os viaxeiros. Teñen troncos de árbores fósiles por todos os recunchos, un rolo solene e características chaminés troncocónicas para gardar a calor. Saef non os deixa parar en Salas para ver as sete cabezas dos infantes de Lara. Queda a ermida de Quintanilla de las Viñas por riba da aldea, contra o ermo dunha paisaxe espida controlada pola torre de Lara. Parece unha palleira, mais son os restos (ábside e cruceiro) dunha importante igrexa visigótica. Singulares frisos que percorren toda a fachada posterior en fitas paralelas e separadas oferecen tenros tallados de follas de vide, pámpanos e racimos de uvas, e delicioso desfile de aves (pavos, galos, perdices...) ao xeito das pinturas romanas de Santalla de Bóveda, en Lugo. E dentro, Saef, volve ao seu ser entusiasmado (asas de intenso azul de mar) ao lles sinalar as caras do sol (que é muller) e da lua (que é home) nos cimácios dos capiteis do arco triunfal, e os racimos de uvas outra vez polos muros, dando asi razón a ermida do nome que leva. Os viaxeiros quedan envisos e agradecen, logo, a Saef que os achegase ali. Ben pagou a pena a escapada do Camiño, ainfa comendo-lles outro dia da longa viaxe. Ao arrincar, Saef agachase outra vez no seu mutismo. ♦

ANACOS

BOROBÓ

O camiño de Don Ramón

Tras un ano de espera, logo de ser considerada de interés cultural, a Fundación Valle-Inclán acaba de ser legalizada como de interés galego pola Xunta de Galicia. O correspondente decreto da Consellería de Cultura apareceu, no Boletín Oficial, o pasado 23 de Xullo. Engádese así, co número 65, ás sesenta e catro fundacións xa existentes de interés galego. Despois dela xa foi inmediatamente aprobada outra, de carácter sanitario, que recibira a previa consideración de interés cultural só unha semana denantes. Mais, prá Fundación Valle-Inclán as cousas de palacio andaron despacio; cando menos as do Pazo de Raxoi, sede emblemática da Xunta.

Agora, para poñerse en marcha, debe merecer un trato semellante aos que conseguen da Consellería de Cultura, das Deputacións, do Consorcio de Santiago, do mecenazgo da fundación máis rica e xenerosa, que é a Barrié, das Caixas de Aforros e outras entidades financeiras, as boiantes empresas culturais que millor disfrutan da axuda metálica de tales institucións: comezando pola de Camilo José Cela e seguindo pola de Alfredo Brañas, Eugenio Granell, Rosalía de Castro, Otero Pedrayo... E si é certo, como decía o propio Camilo José, que Valle Inclán merecería o Premio Nobel dez veces máis ca il, para empezar a Fundación que leva o seu apelido tería que recibir da Xunta nada menos que oitocentos vinte millóns de pesetas. Pois é o que resulta de multiplicar por dez os oitenta e dous millóns que se concederon neste trienio, nos orzamentos da Comunidade, para as obras fundacionais do Marquesado de Iria Flavia, nas antigas e belidas casas dos coengos.

Non bastarían, sequer, ises teóricos oitocentos vinte millóns para todo o que hai que reconstruir ou acondicionar en canto ao trazado dunha rota valle-inclanesca que moi ben podería suplir, en beneficio da economía turística galega, pola súa trascendencia universal, aos ingresos que desaparecerán cando se acabe o choio da Gran Perdonanza.

Volvín percorrer iste verao os lugares principais disa hipotética rota, tan biográfica como xeográfica, de D. Ramón Mª del Valle-Inclán. Sen orde cronolóxica, naturalmente, senón conforme co ir e vir da traxectoria vital do *gran fablistán* arousano poolas súas terras ribeireñas do Barbanza e do Salnés. Volvín repasar os fitos fundamenais da súa creación literaria e quedei arrepiado pola tremenda situación de abandono, de incuria, de ruina nada romántica, na que están as que foron as sucesivas moradas do que é, coa aclamación ecuménica, o noso maior xenio das letras.

Empecei, semioticamente, indo con Sabino Torres, á Curotiña, para mostrarlle onde se alza o granítico monumento a D. Ramón, labrado polos alumnos da Escola de Traballo de Pontevedra, nos días da República. O cal, nunha das miles de noites de pedra que viñeron despois, desapareceu misteriosamente do seu emprazamento na cidade do Teucro. Indo para o café, o poeta mozo que era entón Sabino, topouse coa sorpresa do xardín vacío, sen a plúrima barba pétrea alí denantes erguida; e dou conta de inmediato aos seus contertulios daquil estraño secuestro da monumental pedra de Valle-Inclán. Catro ou cinco toneladas dela que apareceron logo colocadas no alto a Curotiña, un pouco máis abaixo que a Curota do Barbanza.

O outeiro de onde se dominan todas as rías baixas e neiras: os cinco dedos da man, supoño que a dereita, do Creador do Mundo. "Así, don Ramón subía á Curota para sumarse no ámbito dos dólmenes e outear dende alí a inmensidade do Océano, onde morre o Sol e comenzan os misterios da superación heróica". *Asegun* lembraba Castelao nos seus relatorios americáns sobre o seu admirado paisán arousán.

Despois descendimos dise Olimpo á vila que foi do Deán de Santiago, e contemplamos con deleite unha vez máis, por fóra, a filigrana plateresca da Torre de Bermúdez, propiedade de Don Ramón e seus irmáns, atá o 1898, ano horrible no que a venderon. Adquirida moito máis tarde, e ben restaurada, polo Concello, parece que alberga unha biblioteca e un museíño nos que xamais entrei, xa que sempre encontrei pechada isa primeira casa/museu de Valle-Inclán.

Anque por agora a Torre de Bermúdez é o único recinto valle-inclamesco existente en bó estado de conservación. O cal contrasta coa pésima situación dos demais *lugares sacros* do que Ánxelo Novo chama xa *Camiño de Don Ramón*. ♦

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Caravana de mulleres

Antiga e forzosa caravana de mulleres foi a organizada por Rómulo para proveer de descendentes o seu reino.

Tras desfacerse do seu irmán e poñerse á fronte duns valorosos homes, que tanto sabían de guerra coma de labores do campo, asentou o seu país sobre un pilar que lle parecía seguro e eterno: a masculinidade dos seus soldados.

Non o dicía, porque a frase é moi posterior, pero era dos que pensaban que "un home é un home e un gato eun bicho"; ata que comprobou como a desgracia maior dun home é non saber para quen traballa, por quen loita e a quen lle vai deixar o froito dos seus pesares; pois cada vez que morría un vello, non había un mozo para substituílo.

Así, amo e señor dun país netamente masculino, Rómulo pensou as mil e unha maneiras de traer mulleres para fertilizar os fogares. Se as raptaba, sentíanse cohibidas diante dos gardas, as violadas non amosaban cariño e as mercadas agardaban a caducidade sen poñer empeño no futuro. Desexaba mulleres que soubesen ser amantes e esposas. Pero os guerreiros non sabían facerlle as beiras a unha moza.

¿E se organizasen unha grande festa onde o desenfado e o desenfreo, posibilitase as relacións? Pero, ¿como ían convencer a ningunha muller para que viñese a unha festa de homes famosos pola súa rudeza?

Nisto cavilaba Rómulo mentres contemplaba os campos dourados de trigo, e aos seus homes empregados a fondo no labor da sega. Cada pouco un capataz viña adulador.

—Non vai haber sitio para meter tal.

Aquel ano, Conso, o santo deus das colleitas o gardador do gran e da semente, permitira encher silos cunha fartura nunca vista. ¿E por que non atraer ás mozas co froito dos campos?

Nisto, Rómulo ideou un plan: facerlle por todo o alto a Consual, a festa en honra do deus que tal permitira; a festa da abundancia. ¿Que outro dote supera a un home traballador?

Era por mediados de agosto, o altar do deus, cuberto con terra durante todo o ano, desenterrábase para esta ocasión. El, o gardador da semente ía ser honrado diante de todos os pobos da vecindade; entre eles os sabinos, que tiñan ás rapazas máis fermosas de toda a redonda, invitados para a ocasión coa recomendación expresa de que trouxeran ás fillas, porque os anfitrións non tiñan mulleres par alevar as ofrendas ao deus, como manda o rito; pero tamén para ver a fartura das súas terras e os silos rebordantes de gran.

Darían lles de beber, e poderían cantar e bailar ata esgotarse. E cando todos estivesen rendidos, os romanos terían que seguir tan frescos, para facer a súa conquista: roubarlle as mulleres aos sabinos.

E tal e como estaba planeado, a festa esgotou a todos ata caer rendidos de sono. E daquela, os anfitrións comezaron a carrexar ás rapazas para un acocho.

Cando os sabinos espertaron e se encontraron sen as súas mulleres, botaron man das espadas e declaráronlles a guerra.

Pero non debían ser os romanos de Rómulo tan feron como nolos pintan, porque cando ambos exércitos se encontraban fronte a fronte, as mulleres, fuxindo do seu cativerio, metéronse no medio de ambos para evitar unha masacre entre os pais e os farturentos pretendentes.

E entón, tomanos e sabinas casaron e ampliaron as fronteiras do reino. ♦

Carlos Corral

"A calidade da música folk mellorou moitísimo nos últimos anos"

Estou lendo *Sin noticias de Gurb*, de Eduardo Mendoza.

Que recomenda ler?

Este libro, que é moi divertido e é unha gran obra de humor. Ademais, hai que ler *Na Gaits*, claro está.

Nestes últimos anos, Galiza inzouse de festivais folk que están tendo unha moi boa aceptación, loitando incluso contra as más condicións climáticas. Como conseguiu a música tradicional atraer a mocidade, público maioritário destes encontros?

No éxito dos festivais de música tradicional e folk hai vários aspeitos que teñen importáncia. O principal é que os intérpretes melloraron moitísimo a sua música, con traballos de gran calidade. Tamén está influindo o labor de mercadotécnia que están realizando as empresas transnacionais, facendo máis famosos aos músicos que cultivan este estilo.

As apostas de renovación da música galega, como os casos de Cristina Pato ou Carlos Núñez, enriquecen ou dividen o mundo do folk galego?

As achegas novidosas sempre enriquecen. Non creo que nengunha modificación divida. A música folk é un conceito tan amplo que pode asumir moitísimas variacións. A fusión é boa porque indica novos camiños polos que pode dirixirse unha música que non debe ficar queda.

Vostede rexeitou as críticas que Antón Seoane, de *Milladoiro*, dedicou a Carlos Núñez. Xa hai bandos enfrontados na música tradicional?

Bandos hóuboos sempre. O que pasa é que as pugnas estiveron silenciadas durante anos. O asunto destas críticas chamoume moito a atención e crin necesário atallar este tipo de enfrontamentos. Pode haber formas moi dispares de achegarse á tradición. Hai quen prefire facelo dunha maneira máis conservadora e hai quen desexa innovar para procurar elementos descoñecidos interesantes. A música galega é moi minoritária ainda e non se debe descualificar a ninguén, e menos aos compañeiros que saen do mesma terra ca un e pasaron idénticas dificuldades para chegar a onde están. ♦

Director da revista musical *Na Gaits*.
(Lugo, 165).

LeCeR
A NOSA TERRA

• PÁXINAS COORDENADAS POR ANDRÉ LUCA •

O Trinque

Sobre televisión, política e mentiras

A editorial Pre-textos ven de reeditar unha xoia do pensamento social contemporáneo. Trátase da célebre e premonitória obra A *sociedade do espectáculo*, publicada en 1967 por Guy Debord. Xa existia un non menos interesante ensaio do mesmo autor titulado *Comentários sobre a sociedade do espectáculo*, dado a coñecer en 1990 por Anagrama. ♦

O Grove

MILLADOIRO

A longa xira de verán de Milladoiro remata Xoves 12 na Praza do Corgo do Grove.

Allariz

LUIS VIÑAS

O pintor expón obra na sala A Fábrica, até o 15 de Agosto.

Buño

■ **FEIRAS**

OLEIRIA

Até o 15 de Agosto está aberta a XVI Mostra da Oleiria de Buño, que programa actuacións de grupos locais, obradoiros de barro para crianzas e tiro ao prato.

A Mostra de Oleiria de Buño está aberta até o 15 de Agosto.

Cambados

■ **EXPOSICIÓNS**

MASIA

Na galeria Borrón até o 19 de Agosto. Pódese visitar de Martes a Sábado de 11,30 a 14,00 e de 18,30 a 21,30 h.

A Coruña

■ **EXPOSICIÓNS**

GREGORIO FERRO

Oleos, debuxos e gravados, 36 obras, procedentes da Catedral de Santiago de Compostela e das Reais Academias da Historia e de Belas Artes de San Fernando e outras institucións e museos compoñen a mostra de Gregorio Ferro (1742-1812). Na Fundación Barrie até o 19 de Setembro.

Carteleira

☞ **BEOWULF. A LENDA.** Un guerreiro chega a unha fortaleza medieval ambientada no futuro para combater unha besta que representa ao mal. Película simplona, vulgar e pretenciosa coa estética do *cyberpunk*.

☞ **VIRUS.** Un grupo de mariñeiros atopa un barco ruso de seguimento de satélites que se atopa abandonado á deriva. Cando toman a embarcación descobren que unha intelixéncia artifical domina o buque e que trata de extenderse pola Terra. Un *alien* ao que lle falta un fervor.

☞ **GOODBYE LOVER.** Unha parella decide matar ao irmán del para cobrar o seguro, pero o plano líase porque cada quen ten escuros intereses. Cínica comédia de intriga sobre o amor e a avaricia. Visíbel.

☞ **WILD WILD WEST.** Un Oeste de ciéncia fición co príncipe de Bel-air, Kevin Kline, Kenneth Brannagh e Salma Hayek de protagonistas. Nen a calidade de Kline e Brannagh, nen o humor e cinismo dalguns diálogos compensa a escasa calidade e o aburrimento que produce a película.

☞ **ZAPPING.** Unha muller separada (Natália Dicenta) persegue ao seu ex-marido e á sua nova acompañante. Crítica dos reality-shows televisivos, necesariamente blanda, tendo en conta que un dos produtores é *Antena 3*.

☞ **BÚSCANSE FULLMONTIS.** Menos edulcorada que o filme inglés que lle serve de motivación e máis na liña de Kem Loach. O paro tratado con humor e realismo. Os poucos médios e a inexperiéncia do director non lle quitan mérito a este que pode ser o mellor filme do mes.

☞ **O BICO DE XUDAS.** Un atraco, unha muller asesinada, un senador corrupto. Americana de acción e intriga. Aceitábel, sen exixéncias.

☞ **LISBOA.** Acción e suspense na autoestrada de Badaxoz. Federico Luppi non salva este filme de incongruente guión e no que prima o aburrimento. Carme Maura pasa toda a película baixando as bragas, polos motivos máis diversos.

☞ **NOTTING HILL.** Un mozo normal (Hugh Grant) namórase dunha actriz famosa (Julia Roberts). Pastel para maiores de 75 anos (o estilo é contemporáneo ao de *Sissi Emperatriz*) ou para persoas con depresión. Hugh Grant aproveita para desquitarse do mal trato que lle deu a prensa cando o pillaron cunha prostituta. O mellor: a simpatia que transmite o actor inglés.

☞ **O CUARTETO DA HABANA.** Un xoven músico, mediocre pero sedutor, fuxe de Madrid para encontrarse na Habana coa sua suposta nai. Colomo, que xa tivera un éxito importante con *Os anos bárbaros*, trasládase desta volta a Cuba para dirixir unha comédia, a médias séria, agradábel, honesta e bastante ben ensarillada. O protagonista, o mesmo da sua anterior fita, Ernesto Altério, fai un bon papel.

☞ **A MÓMIA.** Uns exiptólogos andan á procura dun tesouro e achan unha mómia sobre a que pesa un maleficio. Por erro espertan á mómia, que é a reencarnación do mal. Nova versión do clásico do cinema de terror, con grandes doses de humor e espectaculares efectos especiais.

☞ **NIÑO DE CORVOS.** Un avogado é expulsado da profisión por un problema de consciéncia e asina un libro que en realidade non escrebeu e que o incrimina na morte de vários avogados sen escrúpulos.

☞ **MÁTRIX.** Un mesias loita contra a dominación das máquinas, que teñen alienada á humanidade facéndoa viver unha realidade virtual. Efeitos especiais novidosos nunha história simplona aderezada cunha mistura de mitoloxia clásica, cristianismo e cultura da banda deseñada.

☞ **COIDO QUE SI.** Triángulo amoroso clásico, coa particularidade de que se desenvolve entre homosexuais. Un mozo que rexeitou a outro nos tempos do instituto volve anos despois decidido a aceitar a relación, pero atópase con que o seu anterior pretendente está ligado cun repoludo galán de tv. Ambiente de xolda, no que destaca o excelente gosto musical gay, polo menos cando se trata de bailar. ♦

ESCULTURA ESPAÑOLA CON DEBUXO

Visión do cámbio que trouxeron á escultura e pintura peninsulares as primeiras vangardas. Gargallo, Picasso, Gris, Gaudí, Miró, Dalí, Granell, Chillida, Alfaro Palazuelo, Antonio López, Tápies, Arroyo, Víctor Mira, Barceló e moitos outros ilustran a viaxe. Fundación Caixa Galicia, até o 31 de agosto.

JOAQUIN SOROLLA

Mostra recreativa da obra realizada por Sorolla para a *Hispanic Society of America* por encargo da hispanista A.M. Huntington. Con esta exposición, a *Fundación Barrie*, ofrece a contemplación dun Sorolla pouco coñecido. Até o 12 de Setembro .

■ **MÚSICA**

SILVIO RODRIGUEZ E AUTE

Os dous cantautores tocan, como parte da xira que fan xuntos, o Luns 16 ás 11 da noite no Coliseum.

Chantada

■ **CINEMA**

SEMANA DO CINEMA

Do 12 ao 15 de Agosto na Praza do Cantón, o Cineclube *Os Papeiros* artella as sexta edición da Semana do Cinema.

Ferrol

■ **FOTOGRAFIA**

RUTH M. ANDERSON

Placas recollidas na Galicia entre 1924-1926 durante a viaxe que realizou esta americana polo pais, na Sala de Exposicións do Centro Cultural Torrente Ballester.

Lugo

■ **CONCERTOS**

Benjamin Moreno e Pilar Cabrera oferecen un concerto de órgano na catedral o dia 14 ás 20,30.

■ **EXPOSICIÓNS**

MELON CON XAMON

Vinte artistas lucenses, pintores, escultores e fotógrafos, xuntáronse para darnos a coñecer ós seus últimos traballos na sala Bacabú. Até o 31 de Agosto.

O CARTELISMO NA GALIZA

O Cartelismo na Galiza estará exposto até o 27 de Agosto, na sala da Fundación Caixa Galicia. Os cartazes do país, desde as súas orixes até o 36.

Muros

■ **MÚSICA**

RECITAL DE UXIA

Na tardiña do Sábado, dia 21, actua a cantante porriñesa Uxia dentro do programa de música Folc e Tradicional.

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTISTAS CAMIÑANTES DE OURENSE

Mostra artellada polo Xacobeu 99. abre no albaergue de San Francisco até o 23 de Decembro.

MARGA CONDE

O retratos surrealistas de Marga Conde no Ateneu até o 18 de Agosto.

■ **TEATRO**

UNHA NOITE NO PORTICO DO PARAISO

Todos os Martes, Mércores e Xoves os Monicreques de Kukas actuan na Praza de San Martiño ás 23 horas, dentro do Xacobeu 99. As entradas están á venda até as 19 h. na Oficina Municipal de Turismo ou mesmo na Praza de San Martiño antes de comezar a actuación. Até o 31 de Agosto.

A exposición *O cartelismo en Galicia* segue percorrendo Galicia. En Lugo até o 27 de Agosto.

Poio

■ **FEIRAS**

FEIRA ÉTNICA DE ARTESANIA

Ten instalados os postos na esplanada da Chousa en Combarro. Abre até o 30 de Agosto.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

PALOMA CABELLO

Ofrece unha escolla da sua obra plástica na Galería Sargadelos.

LOLA GARCIA SAAVEDRA

Na Sala Teucro podemos contemplar unha escolla dos seus últimos traballos.

ARTE DO CISTER EN GALICIA E PORTUGAL

Unha mostra na que se

Unha das obras de Gregorio Ferro que se expón na Fundación Barrié.

combinan imaxes de edificacións e pezas reis pertencentes á Orde do Císter. Museo de Pontevedra.

AS HABITACIONS DO HEROI

Na galeria *Sargadelos* expón o escultor Juan Fernando de Laiglesia baixo o título *As habitacións do Heroi*.

TUSI SANDOVAL

Case meio cento de traballos de Tusi Sandoval forman esta escolma de pintura no *Teatro Principal*.

REBOIRAS

Exibición da súa obra na Sala de Esposición de Caixa Madrid.

SIMON PACHECO

Rehabilitación leva por título a mostra de Simón Pacheco, que se pode ollar durante estes dias na sala de exposicións de *Caja de Madrid* (Avda. Santa Maria, s/n).

Ribadeo

■ EXPOSICIONS

OS OFICIOS

Na Casa de Cultura Mostra de fotografías sobre *Ofícios tradicionais galegos*.

Samos

TRIO CONCORDES

Sábado 14 ás 8 do serán no Mosteiro de Samos, actuan sobre pezas de Vivaldi, Haendel, Boccherini, Farkas e Albeniz.

Santiago

■ EXPOSICIÓNS

ACEITAR CARAMELOS DUN DESCOÑECIDO

Obra de **Montse Rego**, bolsos, xoias, cerámicas e mobles realizados para expoñer na galeiria Trinta. Aberta até Setembro.

LIBROS DE ARTISTA

Acolle libros de máis de un cento de autores, con diferentes formatos, desde o escultórico ao de superficie plana, realizados en cerámica, madeira ou metal musical. No Pazo de Bendaña.

NOVAS DOAZONS

No Museo Granell podemos contemplar a colección do pintor Eugenio Granell cedida á Fundación que leva o seu nome. Está composta por un cento de obras entre os que destacan artistas como Picasso, Laxeiro, Urbano Lugris, Miró e moitos outros.

CAMIÑO DE SANTIAGO VIRTUAL

Unha nova forma de viaxar polo Camiño e polo tempo sen ter que moverse de San Martin Pinario. Aberto até o 31 de Decembro.

DOUBLE TROUBLE. COLECCION PATCHETT

O humor e o dobre sentido son a clave da colección Patchett: unha mostra de case 300 obras de artistas internacionais na que está presente a arte baseada en ideas como o movimento *Dadá* e o seu contrapunto americano *Fluxus*. Están presentes as máis coñecidas figuras históricas: Marcel Duchamp, Man Ray e Joseph Beuys e os artistas máis polémicos da actualidade: Chris Burden, Mike Kelley, Charles Ray, Cindy Sherman e Kiki Smith. Trátase dunha coproducción conxunta do Museo de Arte Contemporánea de San Diego e o Auditorio de Galicia. Lugar: Sala de exposición do Auditorio de Galicia e iglesia de Santo Domingo de Bonaval até o 5 de Setembro.

Unha das obras de Marcel Duchamp que se pode ver no Auditorio de Galicia.

KUKA CEBALLOS

A libraria María Balteira acolle unha mostra dos seus óleos.

COLECCION CAIXA GALICIA

Na Sala *Isaac Díaz Pardo* do Auditório de Galicia, podemos ollar a a mostra da *Colección Caixa Galicia*. Unha escolma de máis de sesenta obras de escultura e pintura.

KUMBHA MELA: PASOS CARA A INMORTALIDADE

Exposición de fotografías acompañada por unha proxección continuada de transparencias do israelí Shimon Lev. *Kumbha Mela* (ou festa da cántara) conmemora unha mítica pelexa entre os deuses e os demonios pola posesións da Cántara do Néctar, esencia da inmortalidade. Até o 5 de Setembro no Museu das Peregrinacións.

■ TEATRO

FURAMOBIL

O dia 12 ás 11 da noite, desde a Rua San Francisco á Praza do Obradoiro, a marcar o paso con **La Fura dels Baus**.

XELMIREZ OU A GLORIA DE COMPOSTELA

Baixo a dirección de Vidal Bolaño e cun extenso reparto, o Centro Dramático Galego representa a obra de Daniel Cortezón, na igrexa da Compañía. Recuperación dun texto de exaltación xelmiriana para o tempo do Ano Santo. De Martes a Sábado, ás once da noite, até o 3 de Setembro.

Convocatórias

LUDOTECA DA ASPGP

A **ASPGP** artella un programa de actividades artísticas e lúdicas, gratuítas e abertas, para crianzas de 4 a 14 anos, para os meses de Agosto e Setembro en várias vilas de Ourense. Hai obradoiros de plástica, papirofléxia, globofléxia, cestaria, astronomia, entre outros. No terreo lúdico oferecen xogos populares e tradicionais, cooperativos e malabares. Do 12 de Agosto ao 9 de Setembro, nas comarcas do Arenteiro e do Ribeiro, todos os Luns nos concellos da Peroxa, Cea e Maside; os Martes en Avión, Leiro e Castrelo de Miño. Na comarca de Monterrei están todos os Mércores en Barbadás, Maceda e Vilar de Barrio; e todos os Xoves en Sandiás, Os Blancos e Monterrei. Dentro do termino municipal de Ourense celebran as suas actividades os Luns nas asociacións de viciños de O Vinteun e O Polvorin; os Martes na de Seixalvo e Mariñamansa; Mércores nas do Peliquin, Catro Camiños, O Vinteun e Santa Cruz de Arrrabaldo; e os Xoves, nas do Palmés, Os Montes e Os Barrocás. Para maior detalle pódese consultar a Ludoteca de ASPGP: António de Puga, 4 soto 1. 32080 Ourense. Teléfono e fax: 988 24 81 41.

CARTACES DE JAZZ

Escobijazz, Asociación de Amigos do Jazz convoca un concurso de cartaces para do anunciar o Festival de Jazz de Lugo. Admiten traballos até o 16 de Outubro. Maior información no Clavicémbalo. Paxariños, 23. 27002 Lugo.

CONCURSO DE CARICATURISTAS NOVEIS

A Concelleria de cultura de Ourense e máis o Clube Cultural Alexandre Bóveda convocan o quinto Concurso Galego de Caricaturistas Nóveis. Poden participar os galegos ou residentes no país menores de 30 anos, que fagan chegar as suas caricaturas ou viñetas de humor gráfico, baixo plica e lema, antes do 15 de Decembro de 1999 á Casa da Cultura de Ourense (Celso Emíliio Ferreiro, 27). Os debuxos deberán respeitar un tamaño mínimo de DIN A4 e máximo de DIN A3. Os prémios: van á mellor colección (6 caricaturas), 100.000 pta, ás mellores caricaturas con catro prémios de 25.000 pta.

PREMIO DEZA DE INVESTIGACIÓN

Organizado polo Concello de Lalin a través do Seminario de Estudos Deza. O tema da investigación para é o da *Natureza, Paisaxe e Medio Ambiente na Comarca de Deza* e o prémio é de 250.000 pesetas. Poden concorrer cantos persoas o desexen individualmente ou en grupo con traballos inéditos e non premiados con anterioridade, dunha extensión de 100 páxinas Din A4 escritas a espácio e meio por unha só cara. As obras poden presentarse, antes do 30 de novembro, directamente no Patronato Cultural Auditorio Municipal de Lalin ou remitidas ao apartado 179 - 36500 Lalin (Pontevedra). Deberán presentarse nun sobre pechado (orixinal e catro cópias) cun lema na portada.

III PRÉMIO DE CRIACIÓN FOTOGRÁFICA LUÍS KSADO

As fotografias que se presenten deberán compoñer unha série de un mínimo de seis e un máximo de doce en formato 30x40 cm. O tema será relativo a Galiza e as cópias entregaranse sen nengun tipo de montaxe. Presentaranse baixo un título e un lema, achegados de plica, na que conste o título e lema no seu exterior e o nome, apelidos, data de nacimento, enderezo e teléfono do autor, no interior, dirixidos á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes. Avda. Alférez Provisional s/n, 15.006 A Coruña, indicando no sobre *III Premio Luis Ksado de Creación Fotográfica*. Dotado con 1.000.000 de pesetas, o prazo de admisión de orixinais remata o 31 de Agosto. As bases están publicadas no BOP nº 286 de 15 de Decembro de 1998.

FOTOGRAFIAS DO PORTO DA CORUÑA

A Autoridade Portuária da Coruña organiza un segundo concurso de fotografia. Pódense apresentar obras ou consultar as bases, até o 31 de Agosto no seu local: Avenida da Mariña, 3.

XIII CONCURSO DE POESIA ROSALIA DE CASTRO

A asociación cultural galega *Rosalia de Castro* de Cornellá (Barcelona), convoca o concurso coas seguintes bases: O poema estará escrito en galego cun máximo de cen versos e un mínimo de trinta. Os traballos deben enviarse antes do 30 de Outubro nun sobre sen remitente e sen indicación algunha referente ao autor, ao enderezo da asociación: Rúa Federico Soler, 71, 08940 Cornellá (Barcelona). Noutro sobre pechado, co primeiro verso do poema no exterior, enviaranse os datos do autor, nº do DNI e teléfono. O primeiro prémio está dotado con 120.000 pesetas, o segundo con 60.000 e o terceiro con 40.000. Máis información no teléfono/fax 93-375.11.03. ♦

MULLERES
A NOSA TERRA



"...Nunca María vai tan a contracorrente, como nos últimos anos da súa vida, no teatro e na rúa. A súa non foi unha carreira cara un estrelato definido pola popularidade, o diñeiro e a boa vida. Se, aos setenta anos, o que se espera dunha *dama da escena* son dez minutos de gloria nun papel secundario dunha peza de autor resoado e con estrea na capital, María é como un salmón que escala a corrente do río..."

Maria Casares,
de **Arantxa Estévez**

1º de Maio de 1936. Última manifestación obreira en liberdade. A artista galega Maruxa Mallo pinta *Sorpresa do trigo*, o cadro no que da man nacen as espigas. Ao pouco viaxará canda ela no seu fardel de fuxida. A súa é unha vida intensa, fascinante e tráxica tamén. Rebelde e inconformista. Lacerada pola travesía dun exilio que abre fendas na súa biografía. A dunha muller combativa... e tan maquillada.

Maruxa Mallo,
de **Carme Vidal**

UNHA COLECCIÓN QUE DESCUBRE MULLERES

O Camiño nos libros. **Exposición bibliográfica na Casa das Artes de Vigo.**

San Salvador de Lourenzá

Recital do Trio Groba (piano, cello e violín), con obra de Beethoven, Groba e Mendelsson, Venres 27 ás 20.30.

ARTE DECORATIVO ORIENTAL

Na Galería Saga exposición de pintura, escultura gravado e cerámica do Extremo Oriente. As dinastías máis famosas como a Ming e a Tang e o budismo, están presentes na mostra.

O CAMIÑO DE SANTIAGO NOS LIBROS

Mil anos de historia... Mil libros para coñecela. Baixo este epígrafe acóllese a exposición bibliográfica que podemos contemplar na Casa das Artes, organizada pola Asociación de Amigos dos Pazos e a Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

BOLSEIROS DE CAIXA GALICIA

Mostran as suas obras na sala da Fundación (Policarpo Sanz, 22), até o 29 de Agosto.

MIGUEL COPON

A galeria *Ad Hoc* acolle durante estes dias a mostra de pintura de Miguel Copón.

PINTURA ESPAÑOLA E FLAMENCA

Na Casa das Artes encontrase unha de *Pinturas antiguas, españolas e flamencas*. No mesmo lugar, no segundo andar, podemos ollar a Colección Torras.

VICTOR REIS

Na Casa Arines (Praza Almeida) está aberta a mostra do pintor portugués Victor Reis baixo o título *Románticо, Gótico e Manuelino nos Caminhos de Santiago*.

A Rede

PALINDROMOS DE GONZALO NAVAZA

www.ctv.es/USERS/gnavaza

Gabinete virtuoso e virtual con imaxes animadas e outros requintamentos gráficos. Curiosidades de todo tipo que van desde os Palindromos do autor da páxina, o escritor Gonzalo Navaza, até un panteón virtual de lalilenses ilustres, pasando polo diccionário ortopédico de F. Cameselle♦

Silvio Rodríguez e Luis Eduardo Aute actuan o dia 14 en Vigo e o 16 na Coruña.

Vigo

■ EXPOSICIÓNS

HOMENAXE A BILLIE HOLIDAY

Colectiva de pintura con obra de Rufino Peral, Antela, Masias, Quinteiro, Miño e M. Sobride. No Café Uf.

***Vantroi*, grupo mexicano que tocará no *Freixo Rock*.**

Anúncios de balde

■ **Persoal de hosteleiria. Precísanse** camareiros/as, cociñeiros/as e axudantes e persoal para limpeza e *office* para empresa de hosteleria. Contrato laboral. Teléfono 656 80 64 26.

■ **Recepcionista-caixeira. Precísanse para restaurante**. Interesantes condicións económicas. Teléfono 656 80 64 26.

■ **Vendo comics a prezo interesante.** Chamar a Antón Lodeiro no teléfono 981-241239.

■ **Portugués busca correspondente.** Rapaza galega (ou rapaz) para corresponderen-se como amigos pelo correio. António José Mascarenhas Cristvão da Silva. Á dos Cãos. Rúa da Liberdade, viv. M. R. Lopes 2º esq. 2670-341 Loures, Portugal.

■ **Quero contactar con quen viva na raia** e reciba perfeitamente o sinal das canles portuguesas, preferibelmente a RTP-2 e a SIC, para que me poidan gravar os filmes que emiten nestas canais, de excelente calidade e con subtítulos. Eu poderia intercambiar con clásicos do cinema coma Kubrick, Renoir, Wilder, Murnau. Coresallo@oem.es ou Fernando Cores Allo, Rúa do Naval, 5. 36626 Illa de Arousa, Galiza.

■ **Xa está na rua o nº O da nova revista-catálogo de *Sons de Luita*.** Se nom a recebes na tua morada podes pedi-la a: Caixa dos Correios 3242 - 36280 Vigo, ou bem chamando o telefone 986-226775.

■ Xoven de 34 anos **desexa coñecer xente con inquedanzas nacionalistas** e que estexa sensibilizada con temas como o da língua, para intercambiar opinións e facer amistade. Xoán 981 577 008 Rua de Teo, 3º Compostela.

■ **Profesor de formación vial e diplomado en maxistério,** oferécese para traballar en auto-escola, coléxio, etc. Todos os permisos de conducir. Experiéncia demostrada. Xosé Manuel Tf. 91 376 07 23

■ **Vendo CDs de jazz da colección *Time-Life*,** sen estrear. 950 pta. unidade. Tamén vendo alguns outros títulos. Para información e listado chamar ao tlf. 986 43 38 30, preguntar por Soaxe.

■ **Vénde-se gaita galega tradicional** totalmente nova, 70.000 pesetas. interesados chamar aos teléfonos 988 213 742 horário de traballo. 988 212 252 horário de comidas e noites. 619 171 371 horário de traballo se non nos encontras podes deixar recado no atendedor automático.

■ **Véndese atlas lingüístico galego:** volume 1º (dous tomos), volume 2º (un tomo) 30.000 pesetas. Interesados contactar con Xosé Manuel Álvarez. Apdo. 1227 Ourense.

■ *Galiza Nova* de Ferrolterra, pon **á venda camisolas en branco e negro coa lenda "Simboloxia Fascista fora da Galiza"** e deseño de Leandro Lamas. Remiten-se contra rembolso de 1.500 pesetas, gastos de envio incluidos. (Tallas ML/XL/XXL). Escreber a Galiza Nova, Galiano, 71. Ent. Eqda. 15402 Ferrol.

■ O *Colectivo Heliofilas* ten **á venda manteiga de Karité recén chegado do Senegal.** Se queredes receber información sobre este produto, que favorece especialmente a rexeneración cutánea, podedes contactar con nós elf. 670 902 176 - 981 572 163 ou no enderezo A Fraga 12, Pontecaldelas, 36829 Pontevedra.

■ **Gostariame coñecer amigas e amigos** comprometidos no amor a Galiza e a sua liberdade. Manu, 33 anos. Apartado 135, 36.860. Ponteareas.

■ **Alúgase apartamento en Carnota** a carón da praia, completamente equipado. Telf. 981 761 144 a calquer hora.

■ A Assembleia da Mocidade Independentista editou o **Nº 4 da sua revista nacional *Terra Livre,*** com artigos sobre a Reorganizaçom da organizaçom juvenil catalana *Maulets*. Encomendas ao apartado 2.103 de Compostela.

■ **Cursos de verán de idioma ruso.** Nos meses de Agosto e Setembro, impartiremos istes cursos a todos os niveis, no noso local de Marqués de Valadares 14-1º, ofic. 5. Tamén temos cursos de veran nas Universidades de Moscova, San Petersburgo, e en famílias. Máis información no teléfono 986 224 457 de 5 a 8 do serán.

■ **Curso intensivo de tenis** na A.V.C.D. de Lavadores (Vigo). Durante Agosto e Setembro. Prezo (incluída licencia federativa 3.000 pesetas. Menores de 14 anos 2.000. Lugar: Pista A.V.C.D. Lavadores. Información: Tlf. 986 379 618.

■ **Alúgase entrechán** na zona Medusa. Lugo. Tel. 982 204 076.

■ O grupo de expressom poética e audiovisual ***Além do Cócito* informa** que: 1) Para conseguir o nº 3 do nosso vozeiro só hai que enviar un selo da quantidade suficiente para que o enviemos a: Café Trincheira. Irmandinhos 15 baixo. 36201 Vigo-Galiza. 2) O manifesto *Mal-Dito* está esgotado, mas sairá publicado integramente no nº 5 da revista *Terra Livre* da AMI. 3) O grupo *Além do Cócito* apoia a convocatória unitária do independentismo galego o 25 de Julho em Compostela.

■ **Véndese gaita galega, 45.000 pta.** Interesados chamade ao teléfono 981 213 803.

■ **Grupo Independista basco pide axuda** económica. Quérennos pechar a sede e temos que pagar, no prazo de 3 meses, unha sanción de 750.000 pesetas. Por iso pedimos axuda, mandade os donativos a través de xiro postal. Graciñas. Baraka-Taldea. C/Ekonomia 17-4 iz. C.P. 48902 Barakaldo (Bizkaia)

■ **Alugo piso na Guarda,** equipado e amoblado. Tres cuartos, ben de prezo ademais de céntrico. Razón nos telfs. 986 611 560 ou 619 916 594.

■ **Permuto praza de *Galego* (Ensino Médio), na província da Coruña por outra na província de Pontevedra.** Interesados chamar ao teléfono 986 204 774. Gratificarase.

■ **Queres ajudar-nos a distribuir o Falcatruada'zine?** Escreve-nos ao apartado dos correios 4.190 CP 15.011 da Corunha. Este nº 3 inclue: entrevistas a Wisdom, Humilladoiro, Batzak, PPH, Use of Abuse, poemas de Emma P. Lombardia, resenhas literárias... colabora com a publicação mais subversiva do panorama fanzineroso!!!

■ **Grupo Independentista do povo Basco** vende 2 camisetas de todas as cores ao prezo de 5.000 pta. as duas, unha é *Euskadi independiente* e a outra *Presoak kalera*. Moi bonitas. Mandade os cartos, número de talla e o voso enderezo e en 10 dias recibirédelas. Baraka-Taldea. C/Ekonomia nº 17-4 iz. CP 48902 Baracaldo (Vizcaya)♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico antpcg@arrakis.es

Caldo de letras

T	D	I	I	E	E	L	R	X	O	U	D	H	E	Z
W	Ç	C	A	Z	A	F	R	A	N	O	A	F	L	M
X	O	B	C	X	S	K	C	I	J	X	E	F	P	O
E	U	T	F	Y	C	J	K	K	Ç	C	C	N	N	O
J	R	R	N	B	A	R	C	S	J	T	I	O	Z	U
Ñ	E	M	L	O	L	L	A	N	V	Q	Z	Z	R	Z
K	G	P	P	Ç	O	T	O	V	O	M	S	K	C	F
O	O	L	E	T	N	E	M	R	O	T	P	C	H	D
U	E	K	M	P	I	Z	I	S	R	C	I	W	E	C
V	E	E	E	C	A	E	C	P	K	V	R	Ñ	M	L
Z	V	K	N	P	R	A	L	L	I	N	I	A	V	H
T	S	O	T	U	D	T	W	R	N	N	X	V	N	S
S	Q	E	O	A	P	H	E	P	E	M	E	N	T	A
K	P	L	N	B	B	W	T	B	D	T	L	S	C	G
E	M	I	W	F	Y	A	V	R	Q	D	T	R	P	J

Doce plantas utilizadas en cociña.

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



Melgaço

FESTAS DA CULTURA

Do 13 ao 15 de Agosto en Melgaço, na ribeira do Miño celebran a Festa da Cultura e de irmanamento galego-portugués. Comprende a **Feira do Vinho Alvarinho**, e mostras sobre o Património Histórico e Camiños de Santiago. O prato forte na **Ceia Medieval** o dia 14 no castelo con veado e xabarin, e a posta en cena da *Inês Negra* por **Teatro do Noroeste**. O Domingo 15 á noite actua o grupo pop **GNR**.♦

Silvio Rodríguez e Aute

Os dous cantautores voltan tocar xuntos Sábado 14 ás 11 da noite no Auditório de Castrelos. O prezo da entrada con asento, para o recinto pechado, é de 1.500 pta.

FÉLIX ROCK

Luns 16 a partir das 5,30 da tardiña, na esplanada de Saiáns, o Félix Rock xunta un sustancioso cartaz: **Motorhead** (UK), **Backyard Babies** (Suécia), **Kabuto JR.** (Vigo), **Mago de Oz** (Madrid), **Tarántula** (Portugal), **Deviot** (Ponferrada), **Ktulu** (Barcelona) e **O Pequeno Baltimore** (Vigo). A entrada custa 3.000 antecipada e 3.500 pta. nas billeteiras.

FREIXO ROCK

A sétima edición do Punk-Rock-Ska-Freixo Rock será os dias 13, 14 e 15, por trás da capela de San Xoán no bairro do Freixo de Valadares. Un festival aberto aos grupos minoritários ou de recente formación. O prezo da acampada é de 500 pts. Venres actuan *Kiste Sakro* (Redondela), *MDR* (A Estrada), *Skamioneta do Lixo* (Lisboa), *Tiro na Testa* (Lalín), *El último ke zierre* (Castellón), *Akrid* (Pontevedra) e *Resisténcia* (Vigo). Sábado, *Skalariak* (Iruñea), *Embrace me Ocean* (Compostela), *Rancios* (Barcelona), e *Karlanka* (Vigo). Domingo, *Sicilianos* (Mos), *Cantareiras da Bouzacoba* (Freixo) e *Vantroi* (México) entre outros. Kandy informa sobre "A desbandada rural das bandas máis destrois do panorama musical nasional e internasional" nos teléfonos 986-212423 e 639-864517.

■ MUSICA

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 12 DE AGOSTO • 1999 • Nº 895 • ANO XXII • IV XEIRA •

00895
8 400021 303104

Leonard Peltier, o líder nacionalista Lakota, leva 23 anos encerrado por un delito que non cometeu

O Mandela dos índios norteamericanos

G. LUCA

É o noso Mandela, din os índios norteamericanos de Leonard Peltier. Leva vintetrés anos na cadea por reclamar o direito á terra do seu povo e contra máis tempo encerrado, máis crece como símbolo da inxustiza branca contra as nacións indias.

"Na memória de Cabalo Tolo", é a asinatura das cartas de Peltier desde a cadea. A famosa carta de Cabalo Tolo, o xefe Lakota que mallou en George Custer e ao seu 7º de Cabalaria en Little Bighorn, o 25 de Xuño de 1876, é a declaración de princípios do povo Lakota: "Nós non vos chamamos a esta terra, homes brancos, porque o Grande Espírito deunos a nós esta casa. Vós tiñades a vosa e nós nunca nos meteramos nela. Fostes vós quen viñestes aqui, collestes a terra e matades o gado e non nos deixades nen para comermos".

En nome do Movemento Indio Americano (*American Indian Movement* ou AIM, unhas siglas que tamén significan obxectivo), Peltier acendeu en 1969 a imaxinación da mocidade das reservas índias ao desembarcar con vários militantes nacionalistas na illa de Alcatraz, a célebre cadea da baía de San Francisco, e reclamala en nome da povoación aborixe. "Coidamos que a chamada illa de Alcatraz deberia ser reserva índia porque ten todo o que o home branco considera básico para un campo de concentración índio: non ten servizos nen transporte, carece de auga corrente, a asisténcia sanitária non existe, non se lle descobriu petróleo nen minerais, non ten indústria e ali campa o paro, non hai escolas nen institutos, toda a terra son coios, non hai gado que resista e a poboación vive sen liberdade ou dependente de terceiros".

O texto, unha anticipación do Sub-comandante Marcos, contara coas simpatias dos liberais de San Francisco e mesmo cunha declaración solidária de George McGovern, que daquela preparaba a sua candidatura á presidéncia norteamericana. Pero por pouco tempo. Os apoios brancos ao AIM esvaeceron cando o FBI dixo que se trataba dun grupo terrorista. A reclamación da propriedade da terra era tan irreprochábel que habia que bloqueala de vez con outro argumento sen apelación: son un grupo violento, perigoso, criminal, que está a encerellar os índios das reservas.



Manifestación nos Estados Unidos pola liberdade de Leonard Peltier, abaixo na sua cela.

Asasinatos sen investigar

Peltier fala dun *reinado do terror* na reserva Lakota de Pine Ridge, onde el vivia a comezos dos 70, orabén de distinto signo. Os partidários do AIM, coa sua maneira resolta e direita de reclamar a propriedade da terra, conseguiran o apoio da maioria. A autoridade federal fíxolles a contra co BIA, o *Bureau of Indian Affairs*, e coa promoción caciquil de Dick Wilson, contrabandista de alcol (proibido na reserva), ao governo da reserva. Wilson formou un batallón de paramilitares con fondos federais e o apoio directo do FBI (segundo a recente declaración de Duane Brewer, desertor da camada negra), que mataron 60 persoas entre 1973 e 1975 o que levou a reserva de Pine Ridge, con 11.000 habitantes, ao primeiro posto na estatística de mortes por arma de fogo de todo Estados Unidos. A maioria destes asasinatos ficou sen investigar.



A represión levedou a popularidade do AIM, xa coñecido polo desembarco en Alcatraz, a ocupación das oficinas da BIA en Washington ou o sítio de 71 dias en Wounded Knee, o campamento onde se fora vingar Custer en 1980 da carreira en pelo de Little Bighorn, coa masacre de 300 índios Lakota desarmados. O 25 de Xuño do 75 Peltier formaba parte dun grupo do AIM rodeado polos paramilitares e o FBI no rancho de Jumping Bull. Nun intercámbio de disparos morreu un rapaz do AIM e dous axentes do FBI e Peltier saiu do caso con duas penas de morte. No proceso e na revisión, as probas revelaron abrumadoramente que axentes do FBI infiltrados atraeron ao grupo de Peltier a unha emboscada e foran os primeiros en dispararen. "Téñome laiado moitas veces de estar ali", di Peltier na cadea de alta seguridade de Leavenworth, "pero tamén estou convencido de que de non ser pola miña detención terian matado moitos máis dos nosos".

O 11 de Febreiro pasado o Parlamento Europeu reclamou unha amnistia presidencial para Peltier á vista da inconsisténcia das probas da acusación, tanto no proceso como na revisión. Ramsey Clark, que fora Fiscal Xeral con Johnson, di que as acusacións contra o líder do AIM son pura artificiosidade procesal e que Peltier é completamente inocente. Os militantes do AIM coidan que o Governo federal quer ver como a lenda viva do AIM morre na cadea. "Teñen medo de que fale, de que conte en público o mesmo que di nos xuízos sobre os direitos roubados ao noso povo".♦

Santiago imposible

MANUEL CIDRAS

Santiago está imposible de turistas en bermudas, e seica o Deán Portela Pazos, Miras de la Torre e demáis coengos e numerarios da Confradía do Apóstolo andan conspirando para tomar medidas na vestimenta dos visitantes da Catedral. Pretextan que eles entran no templo coa mesma roupa que usan para pasear polas ruas, o que resulta impropio. Eu fago esforzos por comprender, por sentir en min o significado relixioso que ten o noso monumento nacional, pero por máis que o intento só sinto a necesidade bíblica de expulsa-los mercaderes que pululan polo tempo en Ano Santo. Alén diso, en materia de vestimentos acho que bastante máis está á vista na Capela Sixtina e *hoxe* a ninguén se lle ocorre pintar veos nas partes púdicas de Adán. Recoñezo, con todo, que non son quen de dar opinión autorizada porque a miña fe é finxida para o caso e a do señor Deán ha ser verdadeira.

Son cousas de Santiago imposible, polo que pode un sorprenderse como me pasou a min o outro dia co desfile de varios grupos de rapaces e rapazas que de lonxe parecían *boy-scouts* pero que eran da OJE, e xa non saberedes dela a metade dos que perdede-lo tempo lendo estas liñas. Pois digovos que desfilaban marciais, cos seus cánticos, estandartes, enseñas e demais adminículos do fascio, renderlle pleitesía supoño que ao Patrón de España. Ou se cadra ían saudar ao Deán Portela Pazos, a quen non sei se lle desagradaría tanto a vestimenta paramilitar como a turístico-civil. E mesmo vin —podédesmo crer— pasar, nunha furgoneta de apoio aos faccionias pola Praza de Galicia de Santiago imposible, ao Chucho Mascarado e a Furelos das Casas Novas, ou tales me pareceron, con bigotiño e todo e cara de mala hostia. Supoño que andarían conspirando pola restitución de Miras de la Torre.

Calquera cousa pode ser neste Santiago imposible de turistas, mesmo vivir nun instante un *flash-back* de cincoenta anos e sentir un arrepío como de eclipse.♦

VOLVER AO REGO

O franquismo deu un tipo de personaxes impermeábeis á cultura, pero capaces de falar co convencimento dun cabo furriel. Son eses señores de máis de sesenta, xesto adusto e traxe gris que apoiados na barra exclaman: "Pero vamos a ver, dígame como se pode gañar sen un distribuidor de xogo!". Logo erguen o dedo furabolos como se fosen ordenar o asalto de Belchite e senténcian: "O que non se pode permitir é que Celades pase todo o partido de defensa direito". A superficialidade do que din, combinada coa severidade do seu rosto, só é comparábel á do sarxento que explicaba aos soldados que os corpos non caían pola lei da gravidade, senón polo seu próprio peso.♦



BIBLIOTECA XERAL - USC